

CADERNOS DE
FRASEOLOXÍA GALEGA
19

2017

e-ISSN 2605-4507
Santiago de Compostela

XUNTA DE GALICIA



CENTRO RAMÓN PIÑEIRO

PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA 19

2017

e-ISSN 2605-4507

Santiago de Compostela

Edita Xunta de Galicia

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario Xeral de Política Lingüística

VALENTÍN GARCÍA GÓMEZ

Coordinador científico do CIRP

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Directora Técnica de Lingüística

MARÍA SOL LÓPEZ MARTÍNEZ

Rúa de San Roque, 2. 15704 Santiago de Compostela.

Tfno. +34 881996152

FAX. +34 981 542 553

Enderezo electrónico

paremias@cirp.gal

<http://www.cirp.gal>

© Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2017.

Autor Varios

Título Cadernos de fraseoloxía Galega 19, 2017

Periodicidade Anual.

ISSN: 1698-7861 (Cadernos de fraseoloxía Galega) (versión en papel)

e-ISSN: 2605-4507 (Cadernos de fraseoloxía Galega)

Imprime:

Agencia Gráfica

Cadernos de fraseoloxía Galega aparece nos seguintes repertorios bibliográficos: CARHUS, CIRBIRC, COPAC, DICE, DIALNET, DULCINEA, ERIH PLUS, ISOC, LATINDEX, LINGUISTIC BIBLIOGRAPHY ONLINE, MIAR, MLA, OCLC WORLD CAT, REBIUN e SUDOC-ABES e pode lerse en tódalas bibliotecas das Universidades de España e Portugal. Aparece, ademais, no elenco bibliográfico da revista *Proverbiu*m (The University of Vermont). Recíbena máis de 100 fraseólogos de todo o mundo.

Tódolos números poden descargarse íntegros en formato PDF de <http://www.cirp.es>, a onde manteñen ligazóns EUOPHRAS (europhras.org/), o Instituto Cervantes (<http://www.letrasgalegas.org/>) e diversos Organismos Universitarios (coma tal Biblos-e Archivo).

A presentación, a revisión por pares anónimos, a aceptación de orixinais nesta revista e as condicións de copyright seguen estándares internacionais que se detallan nas *Normas* (páxs. 351).



CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA 19

2017

e-ISSN: 2605-4507
Santiago de Compostela

XUNTA DE GALICIA

CADERNOS DE

FRASEOLOXÍA GALEGA

Directora: M^a Isabel González Rey (Universidade de Santiago de Compostela)
Secretaria: Vanessa Fernández Pampín (IES Terra de Soneira de Vimianzo)

CONSELLO CIENTÍFICO

Margarita Alonso Ramos (Universidade da Coruña)
María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela)
Patricia Buján Otero (Universidade de Vigo)
Javier Calzacorta Elorza (Euskaltzaindia. Real Academia de la Lengua Vasca)
Maria Conca i Martínez (Universitat de València)
Germán Conde Tarrío (Universidade de Santiago de Compostela)
Gloria Corpas Pastor (Universidad de Málaga)
Stefan Ettinger (Universität Augsburg)
Xesús Ferro Ruibal (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
José Enrique Gargallo Gil (Universitat de Barcelona)
Andrea Expósito Loureiro (IES Illa de San Simón de Redondela)
Xosé María Gómez Clemente (Universidade de Vigo)
Luis González García (Universidade da Coruña)
Ángel Iglesias Ovejero (Université d'Orléans)
Hugo Kubarth (Karl-Franzens-Universität Graz)
M. Carmen Losada Aldrey (Universidade de Santiago de Compostela)
Ottavio Lurati (Universität Basel)
Joan Martí i Castell (Institut d'Estudis Catalans)
Wolfgang Mieder (University of Vermont)
Carmen Mellado Blanco (Universidade de Santiago de Compostela)
Valerii Mokienko (Sankt-Peterbúrgskii Gosudárstvennii Universitet)
Károly Morvay (Universidade Eötvös Loránd de Budapest)
António Nogueira Santos (Portugal)
Beatriz Pérez Traseira (Universidade de Santiago de Compostela)
Julia Sevilla Muñoz (Universidad Complutense de Madrid)
Gerd Wotjak (Universität Leipzig)
Alberto Zuluaga Ospina (Universität Tübingen)

CONSELLO DE REDACCIÓN

María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela)
Vanessa Fernández Pampín (IES Terra de Soneira de Vimianzo)
Xesús Ferro Ruibal (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
Carme López Taboada (IES Eusebio da Guarda da Coruña)
Ramón Anxo Martíns Seixo (Escola Oficial de Idiomas de Vigo)
María do Rosario Soto Arias (IES Eusebio da Guarda da Coruña)
Sara Villar Aira (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)

Cadernos de fraseoloxía Galega, revista internacional de investigación fraseolóxica, estuda a fraseoloxía e paremioloxía de calquera lingua do mundo e en calquera dos seus enfoques: estrutural, fraseográfico, tradutolóxico, comparativo e didáctico. Difúndese en Europa, América e África, ata o número 17 recibíana tódalas universidades de España e Portugal e, pasados seis meses, era de acceso libre na rede [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini]. Desde o número 18 publícase unicamente en formato dixital. Admítense orixinais en oito liguas europeas, aínda que a publicación final se fai só en galego, porque esta revista naceu para estimular en Galicia a recolleita e investigación da fraseoloxía galega e universal, porque forma parte do proxecto de ecoloxía lingüística do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades de Santiago de Compostela e porque xenerosamente a apoian os 189 fraseólogos de 25 países diferentes que xa publicaron nela.

Cadernos de fraseoloxía Galega, revista internacional de investigación fraseolóxica, estudia la fraseología y paremiología de cualquier lengua del mundo y en cualquiera de sus enfoques: estructural, fraseográfico, traductológico, comparativo y didáctico. Se difunde en Europa, América y África, hasta el número 17 la recibían todas las universidades de España y Portugal y, pasados seis meses, era de acceso libre en la red [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini]. Desde el número 18 se publica unicamente en formato digital. Aunque se admiten originales en ocho lenguas europeas, la publicación final se hace sólo en gallego, porque esta revista nació para estimular en Galicia la recogida e investigación de la fraseología gallega y universal, porque forma parte del proyecto de ecología lingüística del Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades de Santiago de Compostela y porque generosamente la apoyan los 189 fraseólogos de 25 países diferentes que ya han publicado en ella.

Cadernos de fraseoloxía Galega, an international yearbook of phraseological research, studies phraseology and paroemiology in any language of the world and from any approach: structural, phraseographical, translational, comparative and didactic. Until number 17, it was spread over Europe, America and Africa and received by all Spanish and Portuguese Universities and after six months, it was freely available on the network [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini]. From number 18 it is only published in digital format. Originals are admitted in eight European languages, despite the final publishing is only in Galician. This yearbook was created to stimulate the compilation and research of phraseology in Galicia –both Galician and universal–, as it is part of the linguistic ecology project of the Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades in Santiago de Compostela. Phraseologists from all over the world support this yearbook, to which 189 from 25 different countries have already contributed.

Cadernos de fraseoloxía Galega, revue internationale de recherche en Phraséologie, étudie la phraséologie et la parémiologie de n'importe quelle langue du monde selon toutes les approches: structurale, phraséologique, traductologique, comparative et didactique. Jusqu'au numéro 17, elle était diffusée dans toute l'Europe, l'Amérique et l'Afrique, et envoyée à toutes les Universités d'Espagne et du Portugal; six mois après la parution de ses numéros, elle était en accès libre sur le lien [<http://www.cirp.gal/cfg>]. À partir du numéro 18, elle n'est publiée qu'en ligne. Des textes originaux sont admis en huit langues européennes, bien que la publication finale soit faite en galicien, car cette revue est née pour stimuler en Galice la collecte et la recherche de la phraséologie galicienne et universelle. En effet, elle fait partie du projet d'écologie linguistique du Centre Ramón Piñeiro pour la Recherche en Sciences Humaines de Saint-Jacques-de-Compostelle, et elle bénéficie aussi du soutien généreux des 189 phraséologues de 25 pays différents qui ont déjà publié leurs travaux dans cette revue.

Die **Cadernos de fraseoloxía Galega** ist eine internationale Zeitschrift, die sich mit der Phraseologie und Parömiologie aller Sprachen der Welt aus verschiedenen Perspektiven wie Lexikografie, Translatologie, Komparatistik und Didaktik beschäftigt. Die Zeitschrift ist in Europa, Amerika und Afrika verbreitet und wurde bis vor Kurzem an alle spanischen und portugiesischen Universitäten per Post geliefert. Zur Zeit ist die Zeitschrift **Cadernos de Fraseoloxía** – seit der Nummer 18 – nur über das Internet unter <<http://www.cirp.gal/cfg>> zugänglich. Für die Publikation werden ausschließlich Originalbeiträge in einer der acht europäischen Großsprachen angenommen. Veröffentlicht werden die Arbeiten jedoch nur auf Galicisch, denn ein Hauptziel der Zeitschrift besteht darin, das Galicische als Forschungssprache zu fördern bzw. die galicische Phraseologie und Parömiologie auf internationaler Ebene bekannt zu geben. Die Zeitschrift wird vom Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades mit Sitz in Santiago de Compostela unterstützt und bis dato haben 189 Phraseologen aus 25 verschiedenen Ländern darin mitgewirkt.

Cadernos de fraseoloxía Galega («Тетради по галисийской фразеологии») — это международный журнал, посвященный фразеологическим исследованиям. В нем публикуются материалы по фразеологии и паремиологии любого из языков мира во всех аспектах: структурном, фразеографическом, переводоведческом, сравнительном и дидактическом. Журнал распространяется в Европе, Америке и Африке. Номер 17 есть во всех университетах Испании и Португалии. Спустя шесть месяцев после выхода, данный выпуск был выложен в свободный доступ. Начиная с 18-го номера, журнал издается исключительно в электронном виде [http://www.cirp.es/pls/bdov/inv.cfg_ini]. К печати принимаются оригиналы на девяти европейских языках, однако текст публикуется только на галисийском языке, поскольку этот журнал был создан специально для того, чтобы придать импульс сбору материала и исследованиям в области галисийской и общей фразеологии в Галисии. Данный журнал является частью проекта лингвистической экологии Центра гуманитарных исследований им. Рамона Пинейро в г. Сантьяго-де-Компостела, и его любезно поддерживают 189 фразеологов из 25 стран мира, уже опубликовавших здесь свои статьи.

Índice

ESTUDOS / PAPERS	19
CELESTE AUGUSTO, María: <i>Os elementos zoomorfos nos wellerismos neerlandeses / Zoomorphic elements in Dutch wellerisms</i>	21
CHUNYI, Lei: <i>A linguaxe figurada e os simbolismos culturais do crisantemo en chinés / The figurative language and cultural symbolisms of chrysanthemum in Chinese</i>	33
FONTANA I TOUS, Joan: <i>Marzo, iguarzo. Achega aos refráns mínimos galegos / Marzo, iguarzo. Contribution to Galician minimal proverbs</i>	47
MARTINEZ MARNET, Beatrice : <i>Variacións das paremias españolas recompiladas por Charles Cahier / Variation of spanish paroemias collected by Charles Cahier</i>	71
SOTO ARIAS, María do Rosario: <i>Novas catas no campo nocional dos peixes e outros animais mariños / New tastings in the notional field of fish and other marine animals</i>	97
RECADÁDIVAS / COMPILATIONS	125
CASTRO OTERO, Salvador; DURÁN PAREDES, Lucía; GONZÁLEZ BARREIRO, Xosé Manuel; HARGUINDEY BANET, Henrique; MARTÍNEZ GARCÍA, Xosé; ROCAMONDE GÓMEZ, Ramón e TILVES PAZOS, M ^a Emma: <i>Botando unhas liñas no mar do Morrazo / Putting some lines in the sea of Morrazo</i>	127
LOSADA ÁLVAREZ, Ramón e FERNÁNDEZ PAMPÍN, Vanessa: <i>Falares de Boqueixón / Language from Boqueixón</i>	151
RECENSIÓNS / REVIEWS	215
ABAD ASÍN, Carlota e ALBERT GANDÍA, Paula (2016): <i>Combina palabras y formula ideas. Propaga tu español a los cuatro vientos... ¡y punto! Niveles B2 y C1.</i> Por / By M. Carmen Losada Aldrey	217
BÁRDOSI, Vilmos (2017): <i>Du phrasème au dictionnaire. Études de phaséographie franco-hongroise.</i> Por / By Károly Morvay	220
CASTILLO CARBALLO, Auxiliadora (2015): <i>De la investigación fraseológica a las decisiones fraseográficas. Un estudio de interrelaciones.</i> Por / By María Isabel González-Rey	223
CRIDA ÁLVAREZ, Carlos Alberto (2017): <i>Ο παροιμιακός λόγος που γνωρίζουν και χρησιμοποιούν οι σύγχρονοι Έλληνες, με αντιστοιχίες στην ισπανική γλώσσα.</i> Por / By Fernando García Romero	228

ECHENIQUE ELIZONDO, María Teresa; MARTÍNEZ ALCAIDE, María José; SÁNCHEZ MÉNDEZ, Juan Pedro e PLA COLOMER, Francisco P. (eds.) (2016): <i>Fraseología española: diacronía y codificación</i> . Por / By Luís González García	230
MELLADO BLANCO, Carmen; BERTY Katrin e OLZA, Inés (eds.) (2017): <i>Discurso repetido y fraseología textual (español y español-alemán)</i> . Por / By María Álvarez de la Granja	234
NOVAS / NEWS	241
1. Libros, revistas ou artigos / <i>Books, Journals or Papers</i>	243
1.1. Actas / <i>Proceedings</i>	246
1.2. Contidos dos Coloquios de Tavira / <i>Contents of Tavira Colloquia</i>	247
1.3. Recensións / <i>Reviews</i>	295
1.4. Recensionantes / <i>Reviewers</i>	295
1.5. Teses / <i>Thesis</i>	296
1.6. Traballos de Fin de Master / <i>Master's Thesis</i>	298
1.7. Traballos de Fin de Grao / <i>Final Degree Project</i>	299
1.8. Outros traballos académicos / <i>Other academics works</i>	299
2. Congresos, coloquios, asembleas e xornadas / <i>Congresses, Symposiums, Assemblies and Conferences</i>	300
2.1. Congresos EUROPHRAS	300
2.1.1. Congreso EUROPHRAS 2017. University of Wolverhampton	300
2.2. Coloquios Internacionais de Paremioloxía en Tavira (Portugal): 2017	300
2.2.1. 11º Colóquio Interdisciplinar sobre Proverbios	300
2.3. Outros congresos, xornadas ou asembleas do ano 2017 / <i>Other Congresses, Conferences or Assemblies in 2017</i>	301
2.3.1. Congreso Formen, Verfahren, Funktionen der Bildung lexematischer und polylexematischer Einheiten im Deutschen. Universidade Jean Moulin 3, Forschungszentrum Centre d'Etudes Linguistique, Universidade Lumière Lyon e Ecole Normale Supérieure de Lyon	301
2.3.2. Simposio Internacional El sentido figurado. Universidade de Granada	301
2.3.3. IV Congreso Internacional de Phraséologie et Parémiologie Fraseología e paremiologia, roba da matti!. PHRASIS e Universidade de Bucarest.	301
2.3.4. Congreso internacional Intra- und interlinguale Zugänge zur deutschen Phraseologie und Parömiologie. Institut für Germanische Philologie der Universität Wrocław	301

3. Recursos / <i>Resources</i>	302
3.1. Diccionario de partículas discursivas del español	302
3.2. Proxecto de Innovación docente. ¿Flippeas o qué? Una experiencia de enseñanza y aprendizaje de la Fraseología aplicando el modelo Flipped Classroom	302
3.3. Biblioteca fraseológica y paremiológica	302
3.4. DicAuPro (Dictionnaire automatique et philologique des proverbes français).....	302
3.5. Dictionnaire des Collocations	302
4. Fraseografía espontánea / <i>Spontaneous Phraseography</i>	303
4.1. Fraseoloxía en Argalladas.enlugo.com	303
4.2. Fraseoloxía en Rios-galegos.com	303
4.3. Fraseoloxía en Refranero Castellano. Refranes castellanos clasificados por temas	303
BALANCE / OUTCOME	305
1. Índices de Cadernos de Fraseoloxía Galega / <i>Index of Cadernos de Fraseoloxía Galega</i>	307
1.1. Índices alfabéticos de artigos / <i>Alphabetical index of papers</i>	307
1.2. Índice da sección de Recadádivas / <i>Index of Compilations section</i>	312
1.3. Índice alfabético de recensións / <i>Alphabetical index of reviews</i>	314
1.3.1. Índice alfabético de recensións por autores / <i>Alphabetical index of reviews by authors</i>	314
1.3.2. Índice alfabético de recensións por recensionantes / <i>Alphabetical index of reviews by reviewers</i>	320
1.4. Índice da sección de Novas / <i>Index of News section</i>	325
1.5. Publicacións recibidas na redacción / <i>Publications received in the editorial department</i>	328
2. Índice temático dos dezasete números de Cadernos de Fraseoloxía Galega / <i>Subject index of the seventeen issues of Cadernos de Fraseoloxía Galega</i>	325
2.1. Índice dos artigos / <i>Index of the papers</i>	329
2.2. Fraseoloxía bilingüe / <i>Bilingual Phraseology</i>	339
2.3. Función e índice da sección de Recadádivas / <i>Function and index of the Recadádivas section</i>	339
3. Procedencia dos autores de Cadernos de Fraseoloxía Galega / <i>Origin of the authors of Cadernos de Fraseoloxía Galega</i>	344
PROCESO E CONDICIÓNS DE ADMISIÓNS DE COLABORACIÓN / SUBMISSIONS PROCESS AND CONDITIONS	351

In memoriam Elisabeth Piirainen

Presentación

Cadernos de fraseoloxía Galega estrea un novo número, o número 19, 2017, dedicado a Elisabeth Piirainen († 2017). Do mesmo xeito que o anterior está editado unicamente en liña; con anterioridade ao número 18, podíanse consultar os números dixitalmente aos 6 meses de publicárense en papel. Con esta decisión editorial, *Cadernos de fraseoloxía Galega* entra definitivamente no grupo das revistas electrónicas, de acceso libre desde o momento da publicación dos seus novos números, mantendo a mesma estrutura en cinco grandes apartados relacionados con aspectos fraseolóxicos ou paremiolóxicos, neste caso, nas seguintes linguas de traballo: español, francés, galego e inglés.

A sección de ESTUDOS ofrece cinco traballos que abordan diversas cuestións relacionadas coas distintas áreas da fraseoloxía e da paremioloxía. O traballo de María Celeste Augusto (*Os elementos zoomorfos nos wellerismos neerlandeses*) aborda a presenza de elementos zoomorfos nos ‘weelerismos’ neerlandeses co obxectivo de comprobar cal é a función que cumpren, cal é o animal máis frecuente e cal é o seu valor simbólico. Partindo da Teoría Cognitiva da Linguaxe figurada e do concepto de culturema, Lei Chunyi (*A linguaxe figurada e os simbolismos culturais do crisantemo en chinés*) analiza o transfondo simbólico do crisantemo na cultura chinesa e o seu reflexo no léxico figurativo, locucións e proverbios. Joan Fontana i Tous (*Marzo, iguarzo. Achea aos refráns mínimos galegos*) leva a cabo un achegamento aos refráns galegos que teñen que ver cos meses do calendario e con apreciacións morais. Béatrice Martínez Marnet (*Variacións das paremias españolas recompiladas por Charles Cahier*) achégase á obra de Charles Cahier (1856) *Quelques six mille proverbes et aphorismes usuels empruntés à notre âge et aux siècles derniers* para estudar as variacións que sofren as paremias ao longo do tempo. Finalmente, María do Rosario Soto Arias (*Novas catas no campo nocional dos peixes e outros animais mariño*) reflexiona acerca de diferentes aspectos da fraseoloxía en relación ao campo nocional dos peixes e outros animais mariños.

A sección de RECADÁDIVAS ofrece dúas novas escolmas de fraseoloxía e paremioloxía galegas: un traballo realizado por Salvador Castro Otero, Lucía Durán Paredes, Xosé Manuel González Barreiro, Henrique Harguindey Banet, Xosé Martínez García, Ramón Rocamonde Gómez e M^a Emma Tilves Pazos, en relación coa fraseoloxía da península do Morrazo, xuntando 202 unidades fraseolóxicas, e outro de Ramón Losada Álvarez e Vanessa Fernández Pampín que recolle 1496 unidades de material fraseolóxico entre as que se atopan refráns, adiviñas, cantigas, fórmulas, oracións, xogos e disparates da zona de Boqueixón. Entre as dúas escolmas acádanse 1698 expresións que se suman ao Tesouro Fraseolóxico Galego (véxanse as cifras na páxina 339).

A sección de RECENSIONES valora 6 obras. Carlota Abad Asín e Paula Albert Gandía presentan un repertorio de actividades para a aprendizaxe de colocacións complexas no nivel B2 e de fórmulas oracionais no C1 do español como lingua estranxeira. Vilmos Bárdosi achega un manual de fraseografía baseado nos seus traballos nesta materia ao longo de 30 anos. A seguir, a última obra de Auxiliadora Castillo Carballo dedicada á confección de dicionarios de unidades fraseolóxicas. Carlos Alberto Crida Álvarez

recompila un mínimo parémico da lingua grega contemporánea coas súas equivalencias en español. No ámbito dos traballos fraseolóxicos de carácter diacrónico encádrase o traballo de María Teresa Echenique Elizondo, María José Martínez Alcaide, Juan Pedro Sánchez Méndez e Francisco P. Pla Colomer. Finalmente, o libro publicado por Carmen Mellado Blanco, Katrin Berty e Inés Olza é o resultado dunha selección de traballos presentados na sección “Fraseoloxía e discurso repetido: de como a linguaxe innova sobre a tradición” do *XX Congreso de la Asociación Alemana de Hispanistas*.

As referencias bibliográficas da sección de NOVAS seguen a visualizar a vitalidade da investigación fraseolóxica no mundo, xa que para este ano 2017 reunimos 56 libros, artigos, comunicacións ou recensións. A todo isto hai que sumar as 13 unidades (5 artigos, 2 recadádivas e 6 recensións) propias deste número. A seguir dáse conta das Actas, dos contidos dos Coloquios de Tavira dende o seu inicio, Congresos, Seminarios e Xornadas que se celebraron ata este ano 2017 e dos recursos máis recentes. Tamén se informa de novas achegas ao que chamamos “Fraseografía espontánea”.

A sección BALANCE ofrece a referencia completa do que 189 investigadores de 25 países deron á luz nos 19 números de *Cadernos de fraseoloxía Galega* nestes seus 17 anos de existencia. O índice ofrécese por orde alfabética de autores, por temática dos traballos e por procedencia dos autores. Esta revista quere agradecer a acollida internacional cumprindo todos os parámetros de calidade e ofrecendo ata agora unha difusión internacional tanto no seu formato en papel como actualmente en Internet (http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini).

Coma sempre, a revista remata coas normas de admisión e de valoración de orixinais.

O Consello de Redacción

Preface

Cadernos de fraseoloxía Galega launches a new number (no 19, 2017), dedicated to Elisabeth Piirainen († 2017). Same as the previous this number is in online format only. Up until nº 17, issues, issues could be consulted digitally 6 months after their print versions had been published. With this editorial decision, *Cadernos de fraseoloxía Galega* enters the online journal realm, offering free access right from the publication of each issue while preserving its traditional structure: a five-section design which accommodates pieces of work dealing with any aspect of phraseological or paremiological research in a wide range of languages: Spanish, French, Galician and English in this particular case.

The PAPERS section presents 5 essays where phraseological and paremiological questions of diverse kind are discussed. The paper by María Celeste Augusto (*Zoomorphic elements in Dutch wellerisms*) analyzes the presence of zoomorphic elements in dutch ‘wellerism’ with the objective of checking which is the function they fulfil, which is the most frequent animal and which is its symbolic value. On the basis of the Cognitive Theory of Figurative Language and the concept of cultureme, Lei Chunyi (*The figurative language and cultural symbolisms of chrysanthemum in Chinese*) analyzes the symbolic background of the chrysanthemum’s figurative motivation in Chinese culture, as well as its semiotic traces in the figurative lexicon, idioms and proverbs. Joan Fontana i Tous (*Marzo, iguarzo. Achega aos refráns mínimos galegos*) carries out an approximation to the Galician sayings that have to do with the months of the calendar and with moral appreciations. Béatrice Martínez Marnet (*Variation of spanish paroemias collected by Charles Cahier*) makes an approximation to the work of Charles Cahier (1856) *Quelques six mille proverbes et aphorismes usuels empruntés à notre âge et aux siècles derniers* in order to study the changes suffered by paroemias over time. Finally, Maria do Rosario Soto Arias (*New tastings in the notional field of fish and other marine animals*) reflects on different aspects of the phraseology in relation to the notional field of fish and other marine animals.

The COMPILATIONS section offers two new selections of Galician phraseology and paroemiology: one by Salvador Castro Otero, Lucía Durán Paredes, Xosé Manuel González Barreiro, Henrique Harguindey Banet, Xosé Martínez García, Ramón Rocamonde Gómez and M^a Emma Tilves Pazos, in relation to phraseology of Morrazo peninsula, which includes 202 phraseological unit; and one by Ramón Losada Álvarez and Vanessa Fernández Pampín that collects 1496 units of phraseological material among which are sayings, riddles, songs, games and prayers from Boqueixón. The 1698 expressions recorded in both selections are added to the Tesouro Fraseolóxico Galego (see figures in page 339).

The section known as REVIEWS evaluates 5 pieces of work. Carlota Abad Asín and Paula Albert Gandía presents a repertoire of activities for the learning of complex collocations in the B2 level and of sentence formulas in the C1 of Spanish as a foreign language. Vilmos Bárdosi offers a manual of phraseography based on his work in this field over 30 years. Next, the last work of Auxiliadora Castillo Carballo dedicated to the preparation of dictionaries of phraseological units.

Carlos Alberto Crida Álvarez collects a minimum paroemic of the contemporary Greek language with its equivalences in Spanish. In the field of phraseological works of diachronic character, we found the work of María Teresa Echenique Elizondo, María José Martínez Alcaide, Juan Pedro Sánchez Méndez and Francisco P. Pla Colomer. Finally, the book published by Carmen Mellado Blanco, Katrin Berty and Inés Olza is the result of a selection of papers presented in the section “Fraseoloxía e discurso repetido: de como a linguaxe innova sobre a tradición” of the *XX Congreso de la Asociación Alemana de Hispanistas*.

Bibliographical references in the NEWS section continue to highlight the vitality of phraseological research worldwide. For this 2017's issue, we have compiled a list of 56 books, articles, papers, and reviews. To all that, we still have to add the 13 units (5 articles, 2 compilations and 6 reviews) included in this number. Subsequently, all the congresses, seminars and workshops held during 2017, as well as the newest resources, are listed.

The OUTCOME section contains detailed reference to all the contributions made by 189 researchers from 25 different countries to the 19 issues of *Cadernos de fraseoloxía Galega* throughout its 17 years of existence. The index is ordered alphabetically by author, topic, and author nationality. This publication would like to thank the warm international reception by complying with all the quality parameters and offering an international dissemination both in its traditional paper format and its online version (http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini) from now on.

As always, this publication concludes by offering practical information on the admission and assessment process.

The editors

Estudos Papers

Os elementos zoomorfos nos *wellerismos* neerlandeses¹

Zoomorphic elements in Dutch wellerisms

‘Parler de l’animal, revient à parler de l’homme’

A.L. Michon, 2002

María Celeste Augusto

Universidade de Utrecht

Resumo: Todo tipo de fraseoloxía debe incluír os elementos zoomorfos cos seus valores simbólicos, os cales tamén se poden atopar nos *wellerismos*. Nos textos bíblicos, nas expresións paremiolóxicas e nas fábulas os animais empréganse cunha intención moral, como exemplos do ben, representacións do mal ou incluso como pronóstico do tempo. Porén, neste artigo veremos que este non é o caso dos *wellerismos*. Os elementos zoolóxicos presentes nos *wellerismos* non son só os animais habituais das fábulas, senón que poden incluír unha diminuta pulga e poden actuar como falantes ou como compoñentes dun xogo de palabras. Este traballo ten como obxectivo responder ás seguintes preguntas: 1. Cal é a función do elemento zoomorfo na estrutura do *wellerismo*? 2. Que tipo de animal é o máis empregado e que simbolismo representa? Para logralos, fixemos uso de varias fontes fraseolóxicas.

Palabras clave: *wellerismo*, elementos zoomorfos, fraseoloxía.

Abstract: Every kind of phraseology may include zoomorphic elements with their symbolic values, therefore these can also be found in *wellerisms*. In biblical texts, in paremiological expressions and in the fables animals are used with a moral intention, as examples of the good, as representations of the evil and even they are as weather forecast. However, in this article we will see that this is not the case when we are dealing with *wellerisms*. Zoomorphic elements included in *wellerisms* are not only the usual animals of the fables, even a little flea can also be comprised; animals in this kind of phraseology can act as speakers or as a component of a pun. This paper has as a goal to answer to the following questions: 1. What is the function of the zoomorphic element in the structure of the *wellerism*? 2. What kind of animal is the most employed and what kind of symbolism does he represent? To accomplish this objective we have made use of several phraseological sources.

Key words: *wellerism*, zoomorphic elements, phraseology, Dutch.

¹ Data de recepción: 22.03.17. Data de aceptación: 08.08.2017.
Tradución feita por Inés Rodil.

1. Introducción

A interacción entre homes e animais, de forma real ou simbólica, é unha constante na historia da humanidade. O singular papel do animal na imaxinación humana foi recoñecido e pódese identificar en cada civilización. A Biblia, os documentos haxiográficos, os bestiarios, as fábulas, o folclore, etc. son claros exemplos desta conexión. Así mesmo, a necesidade de animais para a supervivencia física outorgoulles unha función esencial na dicotomía home-animal. Aquí van algúns exemplos das áreas nas que os animais teñen un papel esencial: a alimentación, a relixión (como deuses ou atributos divinos), a maxia, a preparación de remedios, como compañía, como medios de transporte, para prestar asistencia na agricultura, etc. As fábulas, un gran número de proverbios e os pensamentos medievais mostran perfectamente como se relacionan o home e o animal a través da súa capacidade para falar (Wackers 1988: 163-174), os animais convertéronse no reflexo do comportamento humano. Ambos son *Animalia*; con todo, o home é un *animal rationale* e esta é esencial diferenza.

A miña primeira reflexión sobre a interacción entre o home e o animal remóntase a 1993, cando estaba a preparar o meu doutoramento sobre as influencias máxico-relixiosas nos dialectos romances, as cales deron lugar á utilización de nomes de animais como fonte para denominar outros referentes. Este artigo céntrase na situación dos elementos zoomorfos nos *wellerismos*, onde o papel do animal difire substancialmente do seu papel exemplar en proverbios ou fábulas e da súa función e dimensión simbólica no proceso de denominación.

O meu obxectivo aquí é responder a estas dúas preguntas: 1. Que clase de animal é o máis utilizado e que representa? 2. Cal é a función do elemento zoomorfo na estrutura do *wellerismo*?

Como fontes materiais utilicei Cox & Kooi (2007); De Beul (1980a), (1981a) e (1981b); e a Rede. O título deste artigo fala de *wellerismos* neerlandeses, con todo tamén examinarei algunhas unidades frisias incluídas nos recursos utilizados.

A primeira parte deste artigo está dedicada a unha reflexión xeral sobre a forma canónica e a definición máis concisa e convencional de *wellerismo*, ademais inclúe as fontes do material e algúns métodos de investigación utilizados. A segunda parte céntrase na información, na súa posible clasificación, a súa análise e o seu debate. Na parte final, presentarei unha sinopse deste ensaio e algunhas conclusións preliminares.

2. Definición, fontes e metodoloxía

Suxiro definir un *wellerismo* como unha unidade fraseolóxica triple (ex. 1), é dicir, que consta de tres segmentos estreitamente relacionados². A primeira parte, xeralmente chamada *dictum*, pode conter un proverbio actual ou unha frase proverbial. Vai seguida pola identificación do orador (persoa, animal ou *realia* inanimada) e por unha segunda

² Ver Taylor (1962), Mieder (1994) and Cox (2007).

parte, coñecida como *factum*. Esta última adoita situar á primeira nunha situación inesperada, absurda, incongruente ou irónica, o que é clave neste tipo de fraseoloxía:

(1) «“Todas as mulleres que necesitamos están dentro” + dixo o esposo + pechou a porta á noiva» // Theocritus, *Idylls*, xv, 77 (Taylor 1962: 203).

Desta maneira, algúns *wellerismos*, onde os animais son os protagonistas, son versións reducidas de fábulas ou contos baseados nas fábulas de Esopo, como a raposa e as uvas:

(2) «“As uvas están verdes”, dixo a raposa, que non podía alcanzalas» // (Meader 1994: 1232)³.

Pero o animal non é sempre o orador, por exemplo en:

(3) *Denken is voor paarden, zei slimmeken, die hebben een grotere kop.* // [Pensar é de cabalos, dixo o máis intelixente, porque teñen a cabeza máis grande] (De Beul 1981b: 46).

En canto ás fontes do material, mencionei anteriormente que utilicei a Cox (2007), en particular para unidades de entre 1500 e 2000, ademais de material contemporáneo que recuperei de coleccións de De Beul (1980) e (1981) e da Rede. Ata onde eu sei, Cox (2007) é a mellor colección de *wellerismos* neerlandeses / flamengos e frisóns ata a data, xa que ofrece exemplos coas súas variantes en ambas as linguas. Toda a información dispoñible sobre o tema, así como a súa fonte e algunha das súas correspondencias en alemán ou inglés, está rexistrada. Por exemplo, unha das nocións máis produtivas exemplifícase coa frase que deu nome ao libro de Cox ‘Alle beetjes helpen’ [Cada gran de area conta]. Esta expresión inclúese nos *wellerismos* con moitas variantes en neerlandés, frisio e flamengo. Cox recompilou varios equivalentes en inglés, alemán e irlandés. Atopei 16 exemplos, excluindo as variantes, que presentan 10 oradores distintos, e que rexistran este segmento ou as súas variantes. Ademais, o libro ofrece unha valiosa introdución e os materiais están indexados de maneira clara e contan coa súa fonte correspondente.

Os libros de De Beul datan de 1975, 1980 e 1981 e ademais de *wellerismos* tamén inclúen pequenos contos e brincadeiras. Trátase de simples coleccións sen variantes ou paralelismos noutras linguas e con datos principalmente flamengos. Como o autor informa na introdución de cada volume, estas publicacións «non teñen por obxecto ser científicas», apenas son unha colección de materiais etnográficos, por iso carecen de clasificación algunha dos temas e de diferenciación entre os oradores⁴. A diferenza de Cox (2007), algúns temas están ilustrados con debuxos, o que ofrece unha mensaxe visual directa dos seus contidos.

(4) *Mijn kind schoon kind, zei de uil, en hij bekeek zijn jong.* // [O meu neno é un neno precioso, dixo o bufo, e mirou ao seu fillo] (De Beul 1981b: 18)⁵.

³ De agora en diante citarei a Meader (2004) como a continuación: DW máis o número de *wellerismo*.

⁴ A información extraída de De Beul pódese considerar «materia prima».

⁵ En relación con este *wellerismo* temos o proverbio «a beleza está nos ollos do que mira». Ao utilizar o bufo, considerado un animal feo, este *wellerismo* ridiculiza o argumento do proverbio (Rodegem, 1974).



A información extraída da Rede normalmente é incompleta e está mesturada con outras unidades paremiolóxicas como proverbios.

A fin de lograr os obxectivos previstos, a reflexión e a análise da información, baseámonos nalgúñas perspectivas esenciais propostas por Mieder (1994) e por Carson Williams (2002) nas súas introducións, especialmente nos elementos zoomorfos nos *wellerismos*. Tamén me inspirei no que Rodegem (1974) considera o binomio home-animal proposto nun *wellerismo*⁶. A clasificación e a división da información proposta baséase en métodos descritivos e comparativos suxeridos, en parte, por Cox (2007), Carson Williams (2002) e Mieder (1994).

3. Información, clasificación e análise

As tres fontes de información rexistran as unidades fraseolóxicas de maneiras moi diferentes. Cox (2007) recompilou 201 *wellerismos* que presentan animais como oradores sinalando que cumpren esta función 61 animais diferentes (a ra e o sapo contabilizan como un mesmo animal). Gustárame sinalar que o elemento zoomorfo actúa non só como orador; nalgúñas ocasións forma parte dun diálogo e, noutras, as máis habituais, é un mero participante nunha situación. Algúns animais teñen máis fama ca outros como

⁶ Poderíase dicir que o home, o animal e o *wellerismo* son como tres lados iguais dun triángulo.

oradores, por exemplo o raposo, o gato, a ra / o sapo ou o bufo. Con todo, outros animais que non imaxináramos, como a gamba, o piollo ou a anguía, tamén figuran como oradores, aínda que só sexa unha vez.

Mentres que en Cox (2007) os *wellerismos* presentan unha estrutura clara e o orador zoomorfo está rexistrado por separado, en De Beul parece que o seu rexistro segue unha clasificación semántica en relación á mensaxe e non ao orador. Das coleccións publicadas por De Beul, extraín información só dos tres máis recentes, xa que o libro publicado en 1975 está incluído na colección de Cox. É máis, De Beul adoita repetir os exemplos nos seus libros. Nalgunha das publicacións de De Beul, en especial en *Het Vlaamse Geluk*, os conflitos sociais, políticos e económicos entre as dúas rexións belgas, Flandres e Valonia, son un tema recorrente nos *wellerismos* e por conseguinte os seus símbolos, o león e o galo, figuran entre os oradores zoomorfos máis frecuentes, como se indicará nas seguintes táboas.

Ata o momento seleccionei na Rede 24 unidades con integrantes zoomorfos.

En canto á clasificación e a análise da información seleccionada diferenciei tres grandes grupos: I - *wellerismos* cun orador zoomorfo; II – *wellerismos* cun orador zoomorfo e outro integrante zoomorfo; III – *wellerismos* con outro tipo de orador pero con integrantes zoomorfos. Expuxen esta información en dúas táboas; a táboa 1 mostra a correlación dos tres grupos en Cox (2007), De Beul (1980a), (1981a) e (1981 b) e a Rede⁷ tendo en conta todas as fontes pero enumerando soamente unha vez as duplicadas. A táboa 2 contén só os *wellerismos* cun orador zoomorfo e a súa fonte, orador principal, orador secundario e as unidades baseadas nun proverbio, unha fábula ou un conto.

Fonte	<i>Wellerismos</i> con oradores zoomorfos	Oradores e outros integrantes zoomorfos	Só integrante zoomorfo
Cox	201	67	399
Beul A	-	-	6
Beul B	10	9	12
Beul C ⁸	1	1	1
Rede	15	2	9

Táboa 1: Correlación entre a fonte e os *wellerismos* con personaxes zoomorfos

⁷ As unidades que se repiten nas fontes tan só se inclúen unha vez nas táboas.

⁸ De Beul A = *Bazen en Knechten*; De Beul B = *Het Vlaamse Geluk*; De Beul C = *Zeispreuken kijkboek*.

Fonte	Orador principal	Orador secundario	Integrante principal	Baseado nunha fábula, conto ou proverbio existente
Cox	Raposo / 35 veces	Gato / 13 veces	Porco / 51 veces	16
De Beul A, B, C,	Galo / 6 veces	León / 2 veces	Burro / 5 veces	3
Rede	Raposo / 2 veces	1 vez cada elemento	1 vez cada elemento	4

Táboa 2: Correlación entre fonte, orador principal, integrante e fábula, conto ou proverbio

3.1. Análise

Ao examinar a táboa 1 vese claramente que os elementos zoomorfos poden xogar dous papeis nun *wellerismo*; xa sexa como orador ou integrante, aínda que en ocasións realiza ambos os papeis nun mesmo *wellerismo*. A maioría de veces o elemento zoomorfo é o orador, pero non sempre, como confirma *Bazen & Knechten* de De Beul.

Se consideramos que Cox (2007) é a fonte máis completa para unidades entre 1500 e 2000 palabras, as porcentaxes non son moi altas; en 4475 *wellerismos*, 399 teñen un elemento zoomorfo que non actúe como orador, (ex. 5); 67 teñen un orador e outro elemento zoomorfo, (ex. 6) e só 201 teñen un orador zoomorfo, é dicir, un 4,49%.

Se temos en conta Meader (1994), en 1516 unidades rexistradas, contamos 172 oradores zoomorfos, o que dá un 11,34%, unha cifra bastante máis alta. Doutra banda, mentres que Meader conta as variantes isto non ocorre en Cox (2007).

Dous exemplos:

(5) *Waar volk is, is nering, zei de boer, en hij ging met zijn varkens de kerk in.* // [Onde ves xente, hai diñeiro, dixo o aldeán, e entrou na igrexa cos seus porcos] (Cox: 2939).

(6) *Alle beetjes helpen, zei de vos, en hapte een mug op.* // [Cada pequeno grao de area axuda, dixo o raposo, e tragou un mosquito] (Cox: 4410).

Mirando novamente a táboa 1, independentemente de Cox (2007), normalmente o elemento zoomorfo é o orador.

Os diálogos son pouco comúns; con todo, ás veces sucede que o orador fala con outro protagonista zoomorfo pero sen recibir resposta algunha como neste exemplo:

(7) *Kom, zei de haan tot de leeuw, we gaan het in Brussel uitvechten.* // [Ven, dixo o galo ao león, decidirémolo en Bruxelas] (De Beul 1981a: 15).

Neste *wellerismo* o galo e o león teñen a capacidade de falar e representan a dúas principais comunidades belgas, os valóns e os flamengos. Aquí podemos ver unha manifestación política camuflada⁹ onde a lingua é utilizada como arma¹⁰.

Rodegem afirmou que “la fonction du wellérisme est satirique et contestataire” (1972: 698) e en 1974 ratificou esta idea utilizando os *wellerismos* de Burundi con oradores zoomorfos e / ou protagonistas que actúan como un instrumento burlesco de protesta, como no ex. 7 e algún outro exemplo rexistrado en *Het Vlaamse Geluk* de De Beul¹¹. Ademais, a connotación política que se transmite na maioría dos *wellerismos* de *Het Vlaamse Geluk* reflicte o carácter temporal destes segmentos en concreto.

Unha das conversacións entre animais máis sorprendente nun *wellerismo* é a dunha gamba e unha pescada, personaxes que normalmente non interveñen¹². Parécese á famosa historia do rato e o elefante que tamén utiliza o absurdo para provocar hilaridade.

(8) *Daar zijn we grote vissen weer, zei de garnaal tegen de schelvis.* // [Aquí estamos, peixe gordo, dixo a gamba á pescada] (Cox: 4271).

Daar zijn wij, grote vissen weer, zoals de garnaal tegen de schelvis zei

Daar zijn wij, grote vissers weer, zoals de garnaal tegen de schelvis zei. - Hij doet alsof hij heel wat is.

Daar zijn wij grote vissen weer, zei de garnaal tegen de schelvis.

Con respecto á táboa 2, na que tiven en conta tan só os *wellerismos* con orador zoomorfo, de calquera das tres fontes, e o participante zoomorfo máis frecuente, é obvio que en Cox o raposo é definitivamente o orador zoomorfo máis popular e o porco o participante máis asiduo, aínda que só aparece como orador en cinco ocasións. A pesar desta excepción, estes dous elementos zoomorfos nunca participan en algo parecido a un diálogo. Na Rede, tamén é o raposo o elemento zoomorfo que máis aparece pero, como na internet non se pode realizar unha procura exhaustiva, supoñemos que poida que aparezan outras obras con outros animais como oradores.

De entre os *wellerismos* máis enxeñosos destacamos o seguinte sacado da Rede:

(9) *Geef mij maar een joint, zei de goudvis, dan word ik haai.* // Rede [Dáme un porro, dixo o peixiño, entón serei unha quenlla]

⁹ Esta broma está admitida porque non se pode recriminar ou censurar a un animal; respecto disto nalgunhas partes do oeste de África, nos diálogos dos *wellerismos*, é moi común que os animais sexan os protagonistas (Carson Williams 2002: 17).

¹⁰ Para saber máis sobre como utilizan a lingua os europeos occidentais nos poemas épicos bestiaros, ver Wackers (1988).

¹¹ *Het Vlaamse Geluk* publicouse nos anos 80, unha época marcada polos grandes desacordos políticos en Bélxica entre Valonia e Flandres.

¹² As chinchas e as ameixas son outros animais que non imaxinas que poidan aparecer nun *wellerismo*. En Cox (2002) podemos ver como estas últimas interveñen ata en 6 ocasións.

Aquí o efecto cómico e absurdo baséase fonolóxica e semanticamente na palabra *haai* (quenlla en galego), pronunciada [hai], e o significado de *high*, en inglés, que fai referencia ao cego despois de fumar un *joint*, é dicir, un porro de marihuana.

En xeral, o efecto cómico dos *wellerismos* baséase no inesperada e absurda que é a situación descrita, normalmente remarcado co uso dalgunhas palabras ou expresións e un contido inconformista ¹³.

Nos libros de De Beul, o número de veces que o león e o galo son oradores zoomorfos ten que ver coa índole política da maioría dos seus *wellerismos*. Con todo, o burro é o participante máis frecuente nos *wellerismos* nos que o orador non é zoomorfo, para representar a idea que o orador flamengo ten da intelixencia do seu veciño valón.

Nas fontes utilizadas apenas atopei *wellerismos* que se baseen en fábulas, proverbios ou contos¹⁴, o que corrobora o que Cox (2007: XXI) xa dixerá. Algunhas fábulas e proverbios, incluíndo as súas variantes, debido ao seu carácter internacional, son utilizados como modelos para a creación destes *wellerismos*. A fábula máis citada é, sen dúbida, *A raposa e as uvas* de Esopo, que se pode atopar nas tres fontes. De Beul (1981a), *Het Vlaamse Geluk*, mostra unha variante desta fábula na que o león substitúe á raposa.

(10) *De druiven zijn zuur, **zei de vos**, maar hij kon er niet bij*¹⁵. // [As uvas están verdes, dixo a raposa, que non podía alcanzalas] (Cox: 4414; Rede).

(11) *Wat zijn de noten tegenwoordig toch hard, **zei de leeuw**, en hij had zijn tanden verloren*. // [Que duras son as noces hoxe en día, dixo o león despois de romper os dentes] (De Beul 1981a: 9).

O proverbio «o amor é cego» tamén se rexistra como una variante pero con orador humano:

(12) *Liefde is blind, **zei de egel**, en hij kuste een cactusplant*. // [O amor é cego, dixo o porco espiño, e bicou a un cactus] (Rede).

(13) *Liefde is blind, **zei de stier**, en hij kuste de koe door de doornheg*. // [O amor é cego, dixo o touro, e bicou ao boi a través dos espiños] (Cox: 4388).

(14) *De liefde is blind, **zei de man**, en hij zoende zijn kalf door een doornhaag*. // [O amor é cego, dixo o home, e bicou ao tenreiro a través dos espiños] (Cox: 2635).

Carson Williams (2002: 23) fala dos *wellerismos* *macarrónicos*, nos que se mesturan dúas linguas. Só atopei tres exemplos deste tipo; dous en Cox, un deles con orador zoomorfo e baseado nun proverbio (ex. 15) e outro sobre os flamengos¹⁶. Os exemplos 15 - 17 tamén ilustran *wellerismos* do tipo macarrónico.

¹³ Cf. Youssoupha Manei, 2015: 118.

¹⁴ Segundo Carson Williams (2002: 38) estes contos son fábulas e non lendas.

¹⁵ Este *wellerism* *ou* é a versión neerlandesa do exemplo español representado en ex. 2.

¹⁶ Non estou segura de se debería considerar este *wellerismo* como macarrónico xa que en Bélxica, un país bilingüe, é normal incluír nunha frase neerlandesa unha expresión francesa como nos exemplos 15 – 17.

(15) *Les beaux esprits se rencontrent*, *zei de vos, toen hij de ezel op de dijk tegenkwam*. // [As grandes mentes pensan igual, dixo o boi cando coñeceu ao burro no dique] (Cox: 4358).

(16) *En avant*, *riep Corneel, en hij viel achterover*. // [Despois, gritou Corneel e caeuse cara atrás] (Cox: 980).

(17) *Les carottes sont bonnes*, *zei de waal, en hij stekte ao het vlees van de schotel* // [As cenorias son boas, dixo o valón, e levou a carne] (De Beul 1981a: 49).

Segundo as miñas conclusións parece evidente que o raposo é con diferenza o orador animal máis común, o que está en consonancia coas conclusións doutros investigadores sobre este tema. Carson Williams (2002) atopa que o raposo aparece en 25 ocasións como orador e que só é superado polo mono, que aparece 35 veces. En Meader (1994) atópase entre os oradores máis utilizados. O feito de que nas coleccións de De Beul os máis comúns sexan o león e o galo débese ao carácter político do *wellerismo*, onde se substituíu o raposo por símbolos rexionais.

Por que o raposo? A gran popularidade das *fábulas de Esopo*, mesmo hoxe en día, é un factor importante, pero penso que temos que ter en conta que se adoita asociar o raposo coa astucia e a intelixencia, calidades que lle axudan a superar situacións difíciles. Sabe como apañarse ata nas circunstancias máis complicadas e inesperadas. O seu poder sobre outros animais, en especial sobre as galiñas, non se debe á súa intelixencia, senón que vén da resposta máis cruel e aguda a un problema. Con todo, ás veces tómanlle o pelo, o que constitúe en si a sorpresa e hilaridade características dos *wellerismos*, como neste exemplo:

(18) *Het is maar zo'n overgang, zei de vos, toen trokken ze hem het vel over de oren*. // [Só é un cambio, dixo o raposo, e despois tiraron do seu pelo por encima das orellas] (Cox: 4420).

Que se pode dicir sobre os elementos zoomorfos na estrutura do *wellerismo*? Ao brindar ao animal a habilidade de falar, esta unidade fraseolóxica ponno ombreiro con ombreiro cos homes. Do mesmo xeito que os homes, tamén mostran emocións e enfróntanse con torpeza e graza a problemas ou situacións do día a día. Ademais, Carson Williams (2002: 12) afirma que en moitos *wellerismos* o feito de que sexan animais os que falan aumenta o efecto cómico. Nalgúns casos, como no exemplo 19, penso que a ilustración do proverbio «a beleza está nos ollos do que mira» é moito máis útil se utilizamos un bufo que se utilizamos un humano.

(19=2) *Mijn kind schoon kind, zei de uil, en hij bekeek zijn jong*. // [A beleza está nos ollos do que mira] (De Beul 1981b: 18).

A diferenza das fábulas, non teñen propósito moral ou de ensino. Ao diferenciarse dos asuntos dos homes e en especial polo seu carácter absurdo, o *wellerismo* fai posible falar, criticar ou ridiculizar temas ou situacións, que doutro xeito serían difíciles de tratar.

Aínda que algúns *wellerismos* estean baseados nunha fábula, existe unha gran diferenza. Nas fábulas, os animais parécense aos humanos coa intención de darnos unha aprendizaxe moral, esa é a súa mensaxe. Pola contra, os *wellerismos* non tentan transmitir ensinanzas morais, dar bo exemplo ou ser un modelo para seguir.

- *Xaneiro xiadeiro* (ALGa 2003: 462, núm. 28; Vázquez 2003: 99, núm. 2369); localizado en Espiñaredo, San Cristovo, Mesoiro, Cuiña, Vilar de Céltigos, O Outeiro, Outeiro, Ortoño (provincia da Coruña), A Senra, Muras, Bóveda (provincia de Lugo), Abelenda, O Pereiro de Aguiar, Vilariño Frío, Allariz, A Mezquita, Bubaces (provincia de Ourense), Baloira, Friamonde, Rodeiro, Sta. Lucía de Moraña, Fefiñáns, A Chan, Lourido, A Graña, Lougares, A Cañiza, Guillade e Sela (provincia de Pontevedra). Este refrán fai parte doutro moito máis longo en que a combinación de certas características dos catro primeiros meses contribúen a sacar a un bo maio: *Xaneiro xiadeiro, febreiro folerpeiro, marzo ventoso e abril chuvioso, sacan o maio florido e fermoso* (Soto 2003: 182, núm. 4394). Soto, ademais, engade o seguinte equivalente castelán: *Enero frío y heladero, febrero verdadero, marzo pardo y abril lluvioso, sacan a mayo florido y hermoso*.

2.1.2. Febreiro

- *Febreiro, cabriteiro* (Ferro 1995: 294, núm. 5035; 2002: 141; Ventín 2007: 65, núm. 762); ademais de como refrán por si mesmo, Ferro (1995: 603, núm. 11270) e Ventín (2007: 52, núm. 545) emprégano como remate dunha dobre paremia: *Xaneiro añeiro e febreiro cabriteiro* (Cfr. 2.1.1.).

- *Febreiro candieiro* (ALGa 2003: 465, núm. 210); localizado en Baloira (provincia de Pontevedra). Alusión á Candeloria, ou Virxe das Candeas, que se festexa o 2 de febreiro e de cuxo “chorar” (chover) ou “rir” (facer sol) pode depender a fin do inverno, aínda que *Se a Candelaria chora, vai o inverno fóra; se ri, o inverno quere vir; mais cal chorar; cal rir; medio inverno está por vir*¹⁰ (Ferro 1995: 148, núm. 1935).

- *Febreiro, cebadeiro* (Ferro 1995: 294, núm. 5036; Conde 2001: 106, núm. 196; Ferro 2002: 141; Vázquez 2003: 104, núm. 2478); indica que a choiva de febreiro axuda á correcta maduración da cebada. Conde compara a paremia galega cunha castelá: *Febrero, cebadero*; e con tres francesas: *Eau de février; eau de fumier; Pluie de février emplit les greniers*; e *Pluie de février vaut jus de fumier* (esta última localizada na Borgoña). Por último, engadimos un refrán que vencella esta paremia coa primeira: *Febreiro cabriteiro, febreiro cebadeiro* (Zamora 1972: 109 e 262).

- *Febreiro, felerpeiro* (Gippini 1994⁴: 11); *felerpeiro* quere dicir ‘nevarento’.

¹⁰ Para o “rir” e o “chorar” da Candeloria no ámbito romance, véxase Gargallo (2004: 117-121).

- *Febreiro, fervedeiro* (Ferro 2002: 141); *fervedeiro* poderíase entender como indicativo de calor (Cfr. *Frebeiro, fervoso*).
- *Febreiro lenceiro* (Vázquez 2003: 103, núm. 2464); probablemente, *lenceiro* teña que ver co traballo das fías, xa que ás veces emprégase *lenzo* co significado de ‘fio de liño’. Neste sentido, pódese referir á preparación do fio de liño ou ben a cando, á beira do lume, se fan teas ou lenzos cos fíos previamente preparados¹¹.
- *Febreiro moliceiro*¹² (ALGa 2003: 465, núm. 186); localizado na Veiga de Cascallá (provincia de Ourense). O informante recoñeceu *moliceiro* como ‘húmido’.
- *Febreiro mormuruxadeiro* (ALGa 2003: 465, núm. 199); localizado en Oímbra (provincia de Ourense). A *mormuruxa* é o orballo; polo tanto, o refrán aludiría ao tempo con chuvisca.
- *Febreiro oveiro* (Vázquez 2003: 104, núm. 2471) (Cfr. *Xaneiro, oveiro*).
- *Febreiro ventureiro* (ALGa 2003: 465, núm. 198); localizado en Vilariño Frío (provincia de Ourense). O significado do adxectivo *ventureiro* podería ser ‘ventoso’, pero tamén ‘silvestre’, vía pola que tería chegado a unha especialización semántica de ‘agreste’, ‘duro’.
- *Febreiro verceiro* (ALGa 2003: 463, núm. 48); localizado no Cádavo (provincia de Lugo), Abelenda e A Mezquita (provincia de Ourense). *Verceiro* ten o sentido de ‘chuvioso’, tempo que, no mes anterior, resulta de moi mal augurio: *Xaneiro verceiro, nin boa meda nin bo paleiro* (Ventín 2007: 69, núm. 825); ou, aínda máis claro, *Xaneiro, berceiro, mal negocio* (Taboada 2000: 164).
- *Febreiro, xougoleixeiro* (Taboada 2000: 94); *xougoleixeiro* é unha palabra inventada, creada probablemente a partir de *xogar*. Segundo unha hipótese de Manuel González, o significado tería relación co feito de faceren xogos e brincaren os mozos e mozas nas fías ou fiadas destes meses duros de inverno.
- *Fibreiro fibreirado* (ALGa 2003: 465, núm. 184); localizado en Paradaseca do Bierzo (provincia de León). Refráns do tipo de *Febreiriño febras dá e, se non as dera, xa as dará* (Ferro 1995: 294, núm. 5029) lévannos a relacionar o adxectivo *fibreirado* (variante de *febreirado*, como *fibreiro* de *febreiro*), coas *febras de frío*, tamén chamadas *barbas do inverno* (Cfr. *Frebreiro frebas*).

¹¹ Xesús Ferro transmítenos, por correo electrónico, esta chisca da súa nenez: “Eu xa non lembro da miña infancia ningunha tecelá (o lenzo viña das feiras ás que levamos da casa manteiga, ovos, millo, porcos ou ovellas ou becerros que alí se vendían e con ese diñeiro mercábase aceite, pano ou medicamentos). Pero si que lembro que unha costureira viña despois polas casas facer tódalas pezas de roupa que nos vestían”.

¹² Gargallo (2012: 418) aproveita este refrán como exemplo de “Paremiotipos concretos e representación territorial”.

- *Frebeiro, fervoso* (ALGa 2003: 465, núm. 201); localizado en Rodeiro (provincia de Pontevedra). *Fervoso*, derivado de *ferver*, podería entenderse como indicativo de calor (Cfr. *Febreiro, fervedeiro*).

- *Febreiro frebas* (ALGa 2003: 465, núm. 183); localizado en Meira (provincia de Lugo). As *frebas* son os carambelos característicos do frío de febreiro, ao que se refire o seguinte refrán: *Febreiro febreirás, se non deches as túas frebas, x'as darás* (Vázquez 2003: 103, núm. 2459) (Cfr. *Fibreiro fibreirado*).

2.1.3. Marzo

- *Marzo coarso* (ALGa 2003: 467, núm. 324); localizado en Xaviña (provincia da Coruña). Segundo o ALGa, *coarso* é sinónimo de *iguarzo*.

- *Marzo airoso* (ALGa 2003: 465, núm. 234); localizado na Mezquita (provincia de Ourense).

- *Marzo, esfolarso* (Vázquez 2003: 115, núm. 2720); *esfolarso*¹³ é un adxectivo creado sobre a base do verbo *esfolar* ('sacar a pel a un animal') para que rime con *marzo*. Aplicado a este mes de tempo tan cambiante, como amosa un refrán do tipo *Marzo marceador: de noite auga e de día sol* (Vázquez 2003: 112, núm. 2645), significa que o tempo que predomina é un frío que esfola, é dicir, que arrinca a pel: *Marzo marzada, vento frío e máis xiada* (Vázquez 2003: 112, núm. 2651).

- *Marzo, espigarzo* (Ferro 1995: 375, núm. 6656; Ferro 2002: 143; Vázquez 2003: 115, núm. 2723); segundo a glosa de Vázquez, trátase do "Mes en que debe espigar el pan para la buena cosecha".

- *Marzo, iguarzo* (Gippini 1994⁴: 14; Ferro 2002: 143; Vázquez 2003: 296, núm. 7284); este refrán, que "Alude al equinoccio"¹⁴ (Vázquez 2003: 296, núm. 7284), representa un bo exemplo da "fossilización e lexicalización dalgunhas voces [como *iguarzo*] que apenas se documentan nos dicionarios" (ALGa 2003: 461). Atopamos formulacións similares en portugués, *Março, eguarço* ou *Março igualaço* (Machado 2011⁴: 305), e castelán, *Marzo, parejazo*¹⁵ (Rodríguez Marín 1896: 59).

¹³ Xesús Ferro apúntanos que o informante pertencía á zona do seseo, característica que se mantivo na anotación do refrán.

¹⁴ Véxase en Gargallo (2003: 43) o punto 1.1., intitulado "Se igualan las noches y los días". Neste sentido, sérvenos de glosa aclaratoria o refrán italiano: *Marzo marzotto, il giorno è lungo come la notte* (Schwamenthal e Straniero 1991: 295); ou mesmo a paremia galega: *Marzo iguarzo, o día coa noite i-o pan co carpazo* (Ventín 2007: 66, núm. 770). Este mesmo autor (Ventín 2007: 64, núm. 743) relaciona o refrán de tres compoñentes *En marzo, iguarzo* coas seguintes dúas paremias: *Março liga a noite com o dia, Manoel com Maria, o pão com o mato e a herva com o sargaço* (portugués), e *Quand l'abricotier est en fleurs, jour et nuit sont de même longueur* (francés).

¹⁵ Tal como indica Gargallo (2003: 43, nota 8), as formas *iguarzo* (galego), *eguarço, igualaço* (portugués) e *parejazo* (castelán) non "responden a usos comunes de los respectivos romances. Habrá que entender que

- *Marzo liñarzo* (ALGa 2003: 467, núm. 319); localizado en Vilariño Frío (provincia de Ourense). *Liñarzo* é unha palabra inventada para a rima con *marzo* a partir de *liño* e refírese ao tempo da semente desta planta, xa que, nas zonas costeiras e baixas de Galicia, esta sementábase en marzo, mentres, no interior e zonas altas, en abril.

- *Marzo marzán* (ALGa 2003: 466, núm. 303); localizado en Meira, Seoane do Courel (provincia de Lugo) e Paradaseca do Bierzo (provincia de León); típico inicio de moitos refráns galegos co mes de marzo; véxanse, por exemplo, os vinte e sete refráns principiados con *Marzo(,) marzán* en Vázquez (2003: 112-113, núms. 2657-2683). Gargallo (2003: 44) ofrécenos outros derivados romances nominais como *Março marçagão* (portugués), *Marzu marcial* (asturiano), *Marzo marcero* (castelán) ou *Març, marçó* (catalán).

- *Marzo, pelarzo* (Vázquez 2003: 116, núm. 2728); segundo a glosa de Vázquez: “Alude a la dureza del mes, y a la esquila de las ovejas, y de los asnos”. En portugués, a paremia complétase cunha segunda parte que nos lembra o refrán *Março iguarzo*, xa comentado: *Março pelarço, as noites como os días, os meses como os marcos* (Machado 2011⁴: 305).

- *Marzo, raparzo* (Vázquez 2003: 116, núm. 2729); *raparzo*, de *rapar* (‘cortar o pelo ou a la a un animal’); por iso, o autor remite aos seguintes tres refráns (o primeiro en castelán e os outros dous en catalán): *En marzo, se esquilan los burros*; *Pel març ton*^[16] *les ovelles*; e *Pel març s’esquilen els ases*.

- *Marzo regañarzo* (Vázquez 2003: 114, núm. 2709); tendo en conta que *regañar* significa ‘mostrar’ ou ‘facer visible’, *regañarzo*, derivado *ad hoc* deste verbo para rimar con *marzo*, podería indicar que nesa altura xa se empezan a ver as primeiras raiolas de sol.

- *Marzo ventoso* (ALGa 2003: 466, núm. 242); localizado na Senra (provincia de Lugo) e Rodeiro (provincia de Pontevedra).

2.1.4. Abril

- *Abril abrilite* (ALGa 2003: 468, núm. 422); localizado en Baloiira (provincia de Pontevedra); *abrilite* é unha creación afectiva *ad hoc* deste mes.

- *Abril chuvioso* (ALGa 2003: 467, núm. 382); localizado na Senra (provincia de Lugo) e na Mezquita (provincia de Ourense). As características choivas de abril recóllense nun célebre refrán: *Abril, aguas mil* (Vázquez 2003: 121, núm. 2848); e, a conveniencia destas augas, queda clara noutra paremia: *Abril chovedeiro enche o cabaceiro* (Zamora 1972: 265; Soto 2003: 37, núm. 470), que Soto completa co equivalente castelán *Abril llovedero llena el granero*.

se han creado ad hoc, al servicio de la rima (asonante o consonante), según la buena predisposición que en general demuestran los refranes para el «extrañamiento del lenguaje»”.

¹⁶ Segunda persoa singular do imperativo do verbo *tondre* (‘tosquiar’, ‘rapar’).

- *Abril penduril* (ALGa 2003: 468, núm. 436); localizado en Ortoño (provincia da Coruña). Trátase da primeira parte do coñecido refrán *Abril, pendoril; maio, engraio; san Xoán, segaio* (Ferro 1995: 59, núm. 51), que Vázquez (2003: 121, núm. 2856) glosa así: “Con palabras caprichosas describe el estado del centeno en los meses que se indican: *En abril, cuelga ya la espiga, en mayo, grana y en junio está dispuesta para la siega*. Se refiere a las zonas más cálidas de Galicia”.

2.1.5. Maio

- *Maio, despondaio* (Taboada 2000: 100); refrán cuxo significado misterioso non somos quen de adiviñar.

- *Maio, engredaio* (Vázquez 2003: 135, núm. 3157); *engredaio* é un derivado do verbo *gradar*: “Pasar a grade [a un terreo arado]” (DRAG: s. v. *gradar*), como nos amosa o equivalente portugués engadido por Vázquez: *Em maio, gradai-o*.

- *Maio florallo* (Vázquez 2003: 133, núm. 3119); denota a floración típica deste mes.

- *Maio madeiro* (Vázquez 2003: 134, núm. 3123); a partir do refrán *O bon madeiro pra maio o quero*, localizado en Aranga, preto de Betanzos, e transmitido por xentileza de Xesús Ferro, deducimos que o refrán se podería referir ao frío tardío do mes de maio, durante o cal aínda fai falla estar á beira do lume para non pasar frío; neste sentido, citamos a variante *Ata o corenta de maio aínda a vella queima o tallo* (é dicir, o toro dunha árbore) da coñecida paremia *Ata o corenta de maio non quites o saio* (Ferro 1995: 305, núm. 5278).

- *Maio maghallo* (ALGa 2003: 469, núm. 520); localizado en Louro (provincia da Coruña). Refírese á maduración da froita que chega á súa sazón.

- *Maio maiolo* (ALGa 2003: 469, núm. 489); localizado en Betanzos (provincia da Coruña), Bóveda (provincia de Lugo) e Baloira (provincia de Pontevedra); *maiolo* é unha creación *ad hoc* que, neste caso, subliña o tempo variable deste mes, como nolo demostra o refrán *Maio maiolo, maio tolo* (Zamora 1972: 130 e 268).

- *Maio, mallar* (Taboada 2000: 100); alusión á trilla dos cereais típica desta época.

- *Maio pardo* (ALGa 2003: 469, núm. 511); localizado en Vilariño Frío, A Gudiña, A Mezquita (provincia de Ourense), Rodeiro (provincia de Pontevedra) e Lubián (provincia de Zamora). Refírese ao bo augurio do ceo escuro en maio: *Maio pardo, sinal de bo ano* (Ferro 1995: 69, núm. 266).

2.1.6. Xuño

- *Junio claro* (ALGa 2003: 470, núm. 605); localizado en Lubián (provincia de Zamora) e similar á paremia *San Juan*¹⁷ *claro* (ALGa 2003: 470, núm. 606), asignada á Mezquita (provincia de Ourense). A desexada claridade deste mes, combinada coas características dos cinco meses precedentes, aparece en múltiples

¹⁷ A miúdo, a designación de *San Juan* / *San Xoán* refírese, por extensión, a todo o mes de xuño.

refráns, como o seguinte exemplo: *Xaneiro xabreiro, febreiro amoroso, marzo ventoso, abril chuvioso, maio pardo e san Xoán claro valen máis que as mulas i-o carro* (Vázquez 2003: 97-98, núm. 2354).

2.1.7. Agosto

- *Agosto, agosteiro* (Gippini 1994⁴: 22; Ventín 2007: 62, núm. 704); *agosteiro*, co sentido de ‘extremadamente caloroso’, é unha creación *ad hoc* que pon en relación o nome do mes e máis o verbo *agostar* (‘murchar’, ‘secar’).

- *Agosto ardere*¹⁸ (ALGa 2003: 471, núm. 671); localizado en Rodeiro (Pontevedra) como o refrán *Setiembre beber* (cfr. 2.1.8.), co cal se completaría a secuencia *A castaña no agosto quere arder; e no setembro, beber* (Ferro 1995: 156, núm. 2122).

- *Agosto, magosto* (Taboada 2000: 61); o refrán indica que a colleita de castañas durante o outono vai depender en gran parte da calor que faga no mes de agosto.

2.1.8. Setembro

- *Setiembre beber* (ALGa 2003: 471, núm. 723); localizado en Rodeiro (Pontevedra). Entendemos aquí *beber*, variante de *beber*, como indicativo de auga de choiva (véxase Gargallo 2012: 415). Este refrán e o xa nomeado *Agosto ardere* vencéllanse na paremia *En aghosto arder, en setembro beber* (ALGa 2003: 471, núm. 668), localizada en Pereiro de Aguiar (provincia de Ourense).

2.2. De cariz moral

Dedicamos o seguinte capítulo aos refráns, é dicir, a “estos hermosos destellos de la inspiracion popular”¹⁹ (Murguía 1865: 572), que coinciden no feito de ofrecer consellos morais para un comportamento axeitado.

2.2.1. Casamento

A maioría de *refráns mínimos* galegos de cariz moral céntrase nas funestas consecuencias do matrimonio. As seguintes oito paremias coinciden na rima entre hemistiquios e, agás na última (en que se empregan dous substantivos), no uso exclusivo de formas verbais: a segunda do singular nos catro primeiros exemplos (con pregunta e resposta nos tres primeiros), a terceira do plural no quinto, e a terceira do singular no sexto e sétimo. Por outro lado, cómpre remarcar que a

¹⁸ Cómpre sinalar que, na *Introducción* á listaxe de refráns, o ALGa (2003: 461) apunta a seguinte dúbida á hora de incluír esta paremia: “No caso da secuencia *agosto ardere* (refrán 671) podíaase pensar que non tería que formar parte desta colección, pero ó atestarse o refrán *a castaña quere en agosto arder, en setiembre beber* (refrán 665), parece axeitado recollela, anque en por si non supón unha unidade paremiolóxica relevante”.

¹⁹ Segundo este autor: “Siempre se han considerado los refranes, como dichos breves y sentenciosos en que el pueblo encierra un pensamiento útil, un consejo saludable, una picante observación: por eso se han impreso alguna vez bajo el título de *Filosofía vulgar*” (Murguía 1865: 571).

alusión ao casamento inicia sempre o refrán, excepto no penúltimo exemplo, en que o efecto precede a causa.

- ¿*Casáchete? Cagáchete* (Taboada 2000: 75; Vázquez 2003: 503, núm. 13046); case idéntico en asturiano: ¿*Casástete? Cagástete* (Castañón 1962: 59); e, cunha formulación escatolóxica similar, pero xa non mínima, en castelán: *Te casaste, la cagaste* (Martínez 1995: 454, núm. 39.651).

- ¿*Casáchete? Abrasáchete* (Taboada 2000: 75; Ventín 2007: 129, núm. 1700).

- ¿*Casáchete? Luxácheste* (Taboada 2000: 75); emprégase o verbo *luxarse* co sentido de ‘lixarse’, ‘ensuciarse’.

- *Casácheste, enterrácheste* (Vázquez 2003: 503, núm. 13045); en castelán, a anteposición do pronome converte o refrán mínimo galego nunha formulación de catro compoñentes: *Te casaste, te enterraste* (Martínez 1995: 454, núm. 39.652).

- *Casáronte: cazáronte* (Ferro 1995: 381, núm. 6760; Rodríguez Iglesias 2000: 477); citamos, en castelán, *Te casaron, te cazaron* (Martínez 1995: 453, núm. 39.601); e, en catalán, o sintético: *Casat, caçat* (Amades 1982³: 1111).

- *Casou, apretou* (Taboada 2000: 76).

- *Vintou? Casou* (Ventín 2007: 129, núm. 1699). Descoñecemos o significado do verbo *vintar*.

- *Casamento, apartamento* (Ventín 2007: 35, núm. 252); idéntico en portugués (Cfr. Machado 2011⁴: 139).

2.2.2. *Varia*

Neste caixón de xastre moral, atopamos normas de conduta que nos axudan a non repetirmos os mesmos erros do pasado (no caso dos dous primeiros refráns), que nos indican pequenos preceptos aplicables á vida cotiá (no terceiro, cuarto e quinto exemplo), e que nos advirten do perigo das populares *romarías* (na última paremia).

- *Gabáchete, cagáchete* (Ventín 2007: 111, núm. 1425).

- ¿*Fixéchela?... Págaa* (Vázquez 2003: 550, núm. 14334); velaquí outro refrán galego a guisa de glosa: *Ninguén as fai que non as pague máis cedo ou máis tarde* (Ferro 1995: 157, núm. 2145).

- *Errando adepréndese*²⁰ (Vázquez 2003: 360, núm. 8925); Ferro (1995: 265, núms. 4391-4395) intitula moi axeitadamente “Erro pai do acerto” unha sección que contén cinco refráns, non *mínimos*, pero si co mesmo significado da nosa paremia.

²⁰ O autor remite a Correas para o refrán castelán *Errando se aprende*.

- *Apresúrate despacio*²¹ (Ferro 1995: 485, núm. 8889; Conde 2001: 337, núm. 884); refrán que traduce o latín *Festina lente*, un dos lemas preferidos de Augusto segundo o historiador Suetonio²².

- *Cartas cantan*²³ (Vázquez 2003: 320, núm. 7921); lembremos o refrán do *Quijote* (II, Cap. 7) *Hablen cartas y callen barbas*, que se recolle na paremia galega (non obstante a inversión dos hemistiquios) *Calen barbas e falen cartas* (Lorenzo 1983: 25, núm. 220; Ferro 1995: 245, núm. 3993; Vázquez 2003: 762, núm. 20345). Tamén en catalán: *Cartes canten* (Amades 1982³: 1170).

- *Romarías, bruxerías* (Vázquez 2003: 391, núm. 9764).

2.3. Gastronomía

Os dous refráns deste apartado evidencian a importancia do mar na cultura galega²⁴, xa que conteñen un peixe (*sardiña*) e un marisco (*zamburiña*²⁵), ambos rematados en *-iña*, sufixo que rima cun adxectivo, no primeiro caso, *agostiña*, relacionado co mellor mes para a pesca da sardiña²⁶ (*En agosto come as sardiñas ben a gosto* [Zamora 1972: 94]), e, no segundo, o diminutivo *pequeniña*, que alude ás dimensións máis axeitadas á hora de consumir a zamburiña²⁷.

- *Sardiña, agostiña* (Taboada 2000: 151).

- *Zamburiña, [/] pequeniña* (Álvarez 2008: 12, núm. 37).

2.4. Con topónimo

“Hai abundantes refráns xeográficos nos que se interpreta o sentimento da xente cara á súa terra e ditos agudos que mostran a rivalidade de dúas aldeas veciñas”²⁸ (Cañada 2003: 51, s. v. *refrán*). Neste apartado incluímos sete *refráns mínimos* que conteñen algún

²¹ Conde relaciona esta paremia con outra galega: *Vísteme despacio que teño prisa*; con tres castelás: *Date prisa despacio, y llegarás a palacio*; *Vísteme despacio, que tengo prisa*; e *Anda despacio, si tienes prisa*; e cun refrán francés: *Hâtez-vous lentement*.

²² Véxase, na obra *De vita Caesarum*, o capítulo XXV do libro dedicado ao emperador Augusto.

²³ Vázquez cita un refrán castelán idéntico recollido por Rodríguez Marín.

²⁴ Neste sentido, segundo Río (2010: 67): “O refraneiro galego é moi abondoso en formas que recollen as actividades que o home ou a muller efectuaban na aldea galega do interior (a agricultura) ou da costa (a pesca)”.

²⁵ Segundo o apuntamento de Vázquez (2003: 682, núm. 18133), “es un marisco parecido a la vieira, y más pequeño que el mayolo”.

²⁶ O coñecidísimo refrán *Polo San Xoán a sardiña molla o pan* (Ferro 2002: 148) indica o inicio da temporada, xa que antes desta data: *Quen queira mal a unha veciña, dialle en abril sardiña* (Zamora 1972: 213) ou *Sardiñas de maio, sardiñas do díaño* (Ferro 1995: 527, núm. 9742). De feito, a mellor época para o seu consumo crese que vai dunha Virxe a outra, é dicir, do 16 de xullo (Virxe do Carme) ata o 15 de agosto (Virxe da Asunción).

²⁷ Tamén a sardiña recoméndase deste tamaño, segundo o refrán: *A muller e a sardiña, pequeniña* (Zamora 1972: 23; Ferro 2002: 157).

²⁸ Non en balde, no mesmo artigo (2003: 51, s. v. *refrán*) afirmase que “O refrán, como a copla, é unha clara manifestación da vida, das relacións entre as persoas, das preocupacións individuais e dos sentimentos colectivos dun lugar, dunha vila ou dunha cidade e incluso se fai eco dos misterios da vida”.

topónimo: nos tres primeiros (dos cales os dous últimos referidos ao mesmo municipio, O Incio), o topónimo precede un substantivo plural que ironiza sobre os habitantes do lugar; nos dous seguintes (ambos correspondentes a Santa Marta de Moreiras, antes do arranxo parroquial), invértese a orde; no penúltimo refrán, complementábase o topónimo cun substantivo singular (referido ao lugar e non aos habitantes); e, no derradeiro, establécese unha figura de repetición entre o topónimo e a forma verbal.

- *Albarellos*^[29], *cazafellos* (Vázquez 2003: 844, núm. 19); o adxectivo é unha variante de *gazafellos*, aplicado polo xeral ao “Rapaz que quere presumir de ser xa un home” (DRAG, s. v. *gazafello*).

- *Sirgueiros*^[30], *pimenteiros* (Vázquez 2003: 900, núm. 1228); chámase *pimenteiros* aos que cultivan e venden pementos así como aos que son moi afeccionados a este froito.

- *Rendar*^[31], *gorriós*³² (Vázquez 2003: 892, núm. 1042); baste o seguinte refrán para entender a malicia da formulación: *Gorrións e cregos e frades / Dios nos libre de tan malas aves, / os gorrións cómenno-lo millo, / cregos e frades rápanno-lo bolsillo* (Ventín 2007: 106, núm. 1365); que, ademais, o autor vencella co castelán: *El abad y el gorrión dos malas aves son*.

- *Abogados*, *Caspiñón*³³ (Vázquez 2003: 855, núm. 235); consideramos que o refrán mínimo asturiano *Abogáu, afogáu* (Viejo 2012: 388, núm. 3135) deixa bastante clara a consideración xeral dos avogados no refraneiro.

- *Bouceantes*, *Casmartiño*³⁴ (Vázquez 2003: 855, núm. 234); de *boucear* (‘gritar’, ‘berrar’).

- *Sanguiñedo*^[35], *señoría* (Vázquez 2003: 897, núm. 1151); o autor glosa así a paremia: “Porque están allí las únicas casas señoriales de la parroquia”.

- *Mondoñedo manda* (Ventín 2007: 160, núm. 2162); véxase no *Apéndice* a variante con *monda*, no lugar de *manda*, que afina aínda máis a paronomasia entre o topónimo e a forma verbal.

3. A xeito de conclusión

Por outra parte, o pretender esgotar un Refraneiro é imposible, xa que se contan por milleiros os refráns que están pubricados nos difrentes pobos e moitos máis os que aínda se poderían engadir, xa que son centos os que se atopan en libros

²⁹ “Albarellos, Santiago; Monterrei, OU” (Vázquez 2003: 844, núm. 19).

³⁰ “Sirgueiros, San Xoán; Incio, O; LU” (Vázquez 2003: 900, núm. 1228).

³¹ “Rendar, Santa María; Incio, O; LU” (Vázquez 2003: 892, núm. 1042).

³² Sobre Villareda (Palas de Rei) existe un refrán, non mínimo, pero moi similar: *Os de Villareda, gorriós* (Vázquez 2003: 907, núm. 1367).

³³ “Moreiras, Santa Marta; Pereiro de Aguiar, O; OU” (Vázquez 2003: 855, núm. 235).

³⁴ “Moreiras, Santa Marta; Pereiro de Aguiar, O; OU” (Vázquez 2003: 855, núm. 234).

³⁵ “Sanguiñedo, Santa María; Dozón, PO” (Vázquez 2003: 897, núm. 1151).

relixiosos, en obras literarias, en contos populares, nos cantigueiros do pobo, nos beizos de algúns vellos... (Lorenzo 1983: 7).

Sirva a citación anterior de Xaquín Lorenzo como necesaria *captatio benevolentiae* deste artigo que, co emprego de “acheга” no título, non pretende senón establecer unha primeira listaxe de refráns galegos de dous compoñentes (é dicir, os máis breves que poidan existir) para os cales propoñemos a denominación de *refrán mínimo*.

Polo que se refire á estrutura das setenta e oito paremias listadas na parte teórica, observamos o emprego da rima (máis habitual canto máis breve resulta o refrán) en cincuenta e tres paremias³⁶, o que significa un 68% dos exemplos. Se relacionamos este recurso co ámbito temático, cómpre apuntar que a rima se favorece con algunhas palabras inventadas no segundo hemistiquio, frecuentemente creadas sobre raíces existentes (*iguarzo, florallo...*), e, de maneira especial, coa formulación máis habitual no corpus de estudo, é dicir, co nome dun mes (no primeiro hemistiquio)³⁷; non en balde, esta estrutura aparece en cincuenta e cinco exemplos, é dicir, nun 70,5%. Ademais, vinte e catro destes refráns corresponden aos meses de *xaneiro* e *febreiro* (doce paremias cada un), os mellor representados do elenco (con trece e quince refráns respectivamente).

Por outro lado, notamos como as preocupacións que o pobo galego cristaliza nos *refráns mínimos* refírense a cuestións morais (catorce refráns, nos que destaca, en oito deles, a consideración negativa do matrimonio), a maledicencia popular entre aldeas (sete exemplos) e, en menor medida, a gastronomía mariñeira (só dúas paremias). Porén, como xa apuntamos, a maioría de *refráns mínimos* céntrase nos meses³⁸ (cincuenta e cinco exemplos, dos que máis da metade, trinta e nove, referidos aos primeiros tres meses do ano); neste apartado, destaca, entre outras inquietudes menos representadas, o desvelo polas baixas temperaturas (moitas veces acompañadas de xeadas), polas chuvias e o mal tempo, pola excesiva calor ou polos labores agropecuarios relacionados cos cereais ou a gandaría.

Finalmente, gustaríanos insistir no feito de que, neste tipo de refráns tan sintéticos, unha volta perdida a experiencia do mundo rural, desaparece tamén a consabida motivación, circunstancia que se amosa, por exemplo, na nosa imposibilidade de entendermos, mesmo de intuirmos, o significado do refrán *Maio despondaio*. Como nos dixo moi axeitadamente Xesús Ferro: “A brevidade é froito dunha elisión (neste caso de saberes agrícolas ou mariñeiros)³⁹ dos que as cidades do século xxi estamos lamentablemente moi lonxe”.

³⁶ Trátase sempre de rima consonante, agás en catro casos en que se recorre á rima asonante: *Cartas cantan; ¿Casáchede? Luxáchede; Maio florallo, e Maio maghallo*.

³⁷ De feito, sempre que o refrán contén o nome dun mes, este vai no primeiro hemistiquio, cousa que, polo contrario, non ocorre co adxectivo *agostiña* na paremia *Sardiña, agostiña*.

³⁸ Todos os meses de xaneiro a setembro, quitando xullo.

³⁹ “O ritmo laboral no agro ou no mar galego viña marcado por algunhas crenzas, case sempre referidas ao tempo vindeiro, que se transmitían de pais a fillos coa finalidade de que os máis novos non caesen nos mesmos erros cós seus devanceiros. O refraneiro foi en moitos casos a opción escollida para salvaguardar estes coñecementos” (Río 2010: 67).

4. Apéndice

Presentamos neste apartado un cadro cos setenta e oito *refráns mínimos* analizados ao longo do artigo (columna da esquerda, “*Refráns mínimos* de dous elementos”); facémolo en orde alfabética, indicando, ademais da/s fonte/s bibliográfica/s, o apartado da parte teórica onde aparece cada refrán (na columna “Cfr.”), así como as variantes⁴⁰ da paremia principal, se fose o caso, ou mesmo algunha glosa extraída da mesma fonte e que citamos en nota ao pé. Polo que se refire ás localizacións do *ALGa* das paremias principais e ás dos topónimos do apartado 2.4., cítanse no correspondente lugar da parte teórica (as do *ALGa* a continuación do refrán e as dos topónimos en nota a pé de páxina); en canto ás localizacións das variantes dos refráns pertencentes ao *ALGa*, rexístranse no seguinte *Apéndice* mediante nota a pé de páxina.

	<i>Refráns mínimos de dous elementos</i>	Cfr.	Variantes
1	<i>Abogados, Caspiñón</i> (Vázquez 2003: 855, núm. 235)	2.4	
2	<i>Abril abrilete</i> (<i>ALGa</i> 2003: 468, núm. 422)	2.1.4.	
3	<i>Abril chuvioso</i> (<i>ALGa</i> 2003: 467, núm. 382)	2.1.4.	<i>Abril chuviñoso</i> ⁴¹ (<i>ALGa</i> 2003: 467, núm. 381)
4	<i>Abril penduril</i> (<i>ALGa</i> 2003: 468, núm. 436)	2.1.4.	
5	<i>Agosto, agosteiro</i> (Gippini 1994 ⁺ : 22; Ventín 2007: 62, núm. 704)	2.1.7.	
6	<i>Agosto ardere</i> (<i>ALGa</i> 2003: 471, núm. 671)	2.1.7.	
7	<i>Agosto, magosto</i> (Taboada 2000: 61)	2.1.7.	
8	<i>Albarellos, cazafellos</i> (Vázquez 2003: 844, núm. 19)	2.4.	
9	<i>Apresúrate despacio</i> (Ferro 1995: 485, núm. 8889; Conde 2001: 337, núm. 884)	2.2.2.	<i>Apresúrate dispacio</i> (Vázquez 2003: 741, núm. 19783)

⁴⁰ Consideramos variantes da paremia principal calquera pequena diferenza respecto a esta, mesmo na puntuación (referímonos á coma entre ambos os hemistiquios). Téñase en conta que “As repeticións con pequenas variantes formais contribúen a esclarecer o significado orixinario do refrán e tamén dan boa conta da creación popular e da perda conceptual do léxico que presenta o refrán” (*ALGa* 2003: 461).

⁴¹ Localizado na Mezquita (provincia de Ourense) e Rodeiro (provincia de Pontevedra).

	<i>Refráns mínimos de dous elementos</i>	<i>Cfr.</i>	<i>Variantes</i>
10	<i>Bouceantes, Casmartiño</i> (Vázquez 2003: 855, núm. 234)	2.4.	
11	<i>Cartas cantan</i> (Vázquez 2003: 320, núm. 7921)	2.2.2.	
12	<i>Casácheite, enterrácheite</i> (Vázquez 2003: 503, núm. 13045)	2.2.1.	
13	<i>¿Casácheite? Abrasácheite</i> (Taboada 2000: 75; Ventín 2007: 129, núm. 1700)	2.2.1.	
14	<i>¿Casácheite? Cagácheite</i> (Taboada 2000: 75; Vázquez 2003: 503, núm. 13046)	2.2.1.	
15	<i>¿Casácheite? Luxácheite</i> (Taboada 2000: 75)	2.2.1.	
16	<i>Casamento, apartamento</i> (Ventín 2007: 35, núm. 252)	2.2.1.	
17	<i>Casáronte: cazáronte</i> (Ferro 1995: 381, núm. 6760; Rodríguez Iglesias 2000: 477)	2.2.1.	
18	<i>Casou, apretou</i> (Taboada 2000: 76)	2.2.1.	
19	<i>Errando adepréndese</i> (Vázquez 2003: 360, núm. 8925)	2.2.2.	
20	<i>Febreiro, cabriteiro</i> (Ferro 1995: 294, núm. 5035; 2002: 141; Ventín 2007: 65, núm. 762)	2.1.2.	
21	<i>Febreiro candieiro</i> (ALGa 2003: 465, núm. 210)	2.1.2.	
22	<i>Febreiro, cebadeiro</i> (Ferro 1995: 294, núm. 5036; Conde 2001: 106, núm. 196; Ferro 2002: 141; Vázquez 2003: 104, núm. 2478)	2.1.2.	
23	<i>Febreiro, felerpeiro</i> (Gippini 1994 ⁴ : 11)	2.1.2.	<i>Frebeiro filerpeiro</i> ⁴² (ALGa 2003: 465, núm. 173)

⁴² Localizado na Queira (provincia da Coruña).

	<i>Refráns mínimos de dous elementos</i>	<i>Cfr.</i>	<i>Variantes</i>
24	<i>Febreiro, fervedeiro</i> (Ferro 2002: 141)	2.1.2.	<i>Frebeiro, fervedeiro</i> ⁴³ (ALGa 2003: 465, núm. 200)
25	<i>Febreiro lenceiro</i> (Vázquez 2003: 103, núm. 2464)	2.1.2.	
26	<i>Febreiro moliceiro</i> (ALGa 2003: 465, núm. 186)	2.1.2.	<i>Febreiro muliceiro</i> ⁴⁴ (ALGa 2003: 465, núm. 187)
27	<i>Febreiro mormuruxadeiro</i> (ALGa 2003: 465, núm. 199)	2.1.2.	
28	<i>Febreiro oveiro</i> (Vázquez 2003: 104, núm. 2471)	2.1.2.	<i>Febreiro, oveiro</i> (Ventín 2007: 44, núm. 412)
29	<i>Febreiro ventureiro</i> (ALGa 2003: 465, núm. 198)	2.1.2.	
30	<i>Febreiro verceiro</i> (ALGa 2003: 463, núm. 48)	2.1.2.	
31	<i>Febreiro, xougoleixeiro</i> ⁴⁵ (Taboada 2000: 94)	2.1.2.	
32	<i>Fibreiro fibreirado</i> (ALGa 2003: 465, núm. 184)	2.1.2.	
33	<i>¿Fixéchela?... Págaa</i> (Vázquez 2003: 550, núm. 14334)	2.2.2	
34	<i>Frebeiro, fervoso</i> (ALGa 2003: 465, núm. 201)	2.1.2.	
35	<i>Frebreiro frebas</i> (ALGa 2003: 465, núm. 183)	2.1.2.	
36	<i>Gabáchete, cagáchete</i> (Ventín 2007: 111, núm. 1425)	2.2.2.	
37	<i>Junio claro</i> (ALGa 2003: 470, núm. 605)	2.1.6.	
38	<i>Maio, despondaio</i> (Taboada 2000: 100)	2.1.5.	
39	<i>Maio, engredaio</i> (Vázquez 2003: 135, núm. 3157)	2.1.5.	

⁴³ Localizado en Rodeiro (provincia de Pontevedra).

⁴⁴ Localizado en Carracedo de Monasterio (provincia de León). Coa nota “O informante recoñeceu muliceiro como ‘suave’”.

⁴⁵ Localizado en Rubiós.

	<i>Refráns mínimos de dous elementos</i>	<i>Cfr.</i>	<i>Variantes</i>
40	<i>Maio florallo</i> (Vázquez 2003: 133, núm. 3119)	2.1.5.	<i>Maio, floraio</i> (Vázquez 2003: 135, núm. 3158)
41	<i>Maio madeiro</i> (Vázquez 2003: 134, núm. 3123)	2.1.5.	
42	<i>Maio maghallo</i> (ALGa 2003: 469, núm. 520)	2.1.5.	
43	<i>Maio maiolo</i> (ALGa 2003: 469, núm. 489)	2.1.5.	<i>Maio maión</i> ⁴⁶ (ALGa 2003: 469, núm. 490)
44	<i>Maio, mallar</i> (Taboada 2000: 100)	2.1.5.	
45	<i>Maio pardo</i> (ALGa 2003: 469, núm. 511)	2.1.5.	
46	<i>Marso coarso</i> (ALGa 2003: 467, núm. 324)	2.1.3.	
47	<i>Marzo airoso</i> (ALGa 2003: 465, núm. 234)	2.1.3.	<i>Marzo airearzo</i> ⁴⁷ (ALGa 2003: 465, núm. 235)
48	<i>Marzo, esfolarso</i> (Vázquez 2003: 115, núm. 2720)	2.1.3.	<i>Marso esfolarso</i> ⁴⁸ (ALGa 2003: 467, núm. 318)
49	<i>Marzo, espigarzo</i> ⁴⁹ (Ferro 1995: 375, núm. 6656; Ferro 2002: 143; Vázquez 2003: 115, núm. 2723)	2.1.3.	<i>Marzo espigarzo</i> ⁵⁰ (ALGa 2003: 465, núm. 218) <i>Marzo espigharzo</i> ⁵¹ (ALGa 2003: 465, núm. 217) <i>Marso espigharzo</i> ⁵² (ALGa 2003: 465, núm. 216)

⁴⁶ Localizado en Ponte Aranga (provincia da Coruña). Compárese a creación afectiva *maión* coa seguinte, a propósito de xaneiro: *Xaneiro xaneirón, camisa nova e sin pantalón* (Zamora 1972: 262).

⁴⁷ Localizado en Lubián (provincia de Zamora).

⁴⁸ Localizado en San Memede e A Serra de Outes (provincia da Coruña).

⁴⁹ “Mes en que debe espigar el pan para la buena cosecha”.

⁵⁰ Localizado na Pobra de San Xiao (provincia de Lugo).

⁵¹ Localizado en Pereiro de Aguiar (provincia de Ourense).

⁵² Localizado en Roo (provincia da Coruña).

	<i>Refráns mínimos de dous elementos</i>	<i>Cfr.</i>	<i>Variantes</i>
50	<i>Marzo, iguarzo</i> ⁵³ (Gippini 1994 ⁴ : 14; Ferro 2002: 143; Vázquez 2003: 296, núm. 7284)	2.1.3.	<i>Marzo iguarzo</i> (Ferro 1995: 235, núm. 3762) <i>Marzo [/] Iguarzo</i> (Iglesia 1886: 212) <i>Marso ighuarso</i> ⁵⁴ (ALGa 2003: 467, núm. 310) <i>Marzo ighuarzo</i> ⁵⁵ (ALGa 2003: 467, núm. 315) <i>Marzo ghuarzo</i> ⁵⁶ (ALGa 2003: 467, núm. 313) <i>Marzo, igualalarzo</i> ⁵⁷ (Vázquez 2003: 115, núm. 2724) <i>Marzo, igualarzo</i> ⁵⁸ (Saco 1987: 340; Ferro 2002: 143) <i>Marso ighualarso</i> ⁵⁹ (ALGa 2003: 467, núm. 309) <i>Marzo ighualarzo</i> ⁶⁰ (ALGa 2003: 467, núm. 314)
51	<i>Marzo liñarzo</i> (ALGa 2003: 467, núm. 319)	2.1.3.	
52	<i>Marzo marzán</i> (ALGa 2003: 466, núm. 303)	2.1.3.	<i>Marzo marceiro</i> ⁶¹ (ALGa 2003: 467, núm. 321) <i>Marzo marzaco</i> ⁶² (ALGa 2003: 467, núm. 322) <i>Marzo, magarzo</i> (Vázquez 2003: 115, núm. 2725)

⁵³ “Alude al equinoccio” (Vázquez 2003: 296, núm. 7284).

⁵⁴ Localizado en Ortoño e Beba (provincia da Coruña).

⁵⁵ Localizado no Arrabal (provincia de Pontevedra) e Brués (provincia de Ourense).

⁵⁶ Localizado en Mesoiro (provincia da Coruña).

⁵⁷ “Alude al equinoccio”.

⁵⁸ “Alude a la igualdad de los días [sic] y las noches” (Saco 1987: 340).

⁵⁹ Localizado en Roo e Louro (provincia da Coruña).

⁶⁰ Localizado en Pereiro de Aguiar (provincia de Ourense).

⁶¹ Localizado en Guillade (provincia de Pontevedra).

⁶² Localizado en Porto (provincia de Zamora).

	<i>Refráns mínimos de dous elementos</i>	<i>Cfr.</i>	<i>Variantes</i>
53	<i>Marzo, pelarzo</i> ⁶³ (Vázquez 2003: 116, núm. 2728)	2.1.3.	<i>Marzo pelarzo</i> ⁶⁴ (ALGa 2003: 466, núm. 304)
54	<i>Marzo, raparzo</i> (Vázquez 2003: 116, núm. 2729)	2.1.3.	
55	<i>Marzo regañarzo</i> (Vázquez 2003: 114, núm. 2709)	2.1.3.	
56	<i>Marzo ventoso</i> (ALGa 2003: 466, núm. 242)	2.1.3.	
57	<i>Mondoñedo manda</i> (Ventín 2007: 160, núm. 2162)	2.4.	<i>Mondoñedo, monda</i> (Vázquez 2003: 879, núm. 759)
58	<i>Rendar, gorriós</i> (Vázquez 2003: 892, núm. 1042)	2.4.	
59	<i>Romarías, bruxerías</i> (Vázquez 2003: 391, núm. 9764)	2.2.2.	
60	<i>Sanguiñedo, señoría</i> ⁶⁵ (Vázquez 2003: 897, núm. 1151)	2.4.	
61	<i>Sardiña, agostiña</i> ⁶⁶ (Taboada 2000: 151)	2.3.	
62	<i>Setiembre beber</i> (ALGa 2003: 471, núm. 723)	2.1.8.	
63	<i>Sirgueiros, pimenteiros</i> (Vázquez 2003: 900, núm. 1228)	2.4.	
64	<i>Vintou? Casou</i> (Ventín 2007: 129, núm. 1699)	2.2.1.	
65	<i>Xaneiro, añeiro</i> (Ventín 2007: 69, núm. 827)	2.1.1.	
66	<i>Xaneiro, cabriteiro</i> (Vázquez 2003: 99, núm. 2372)	2.1.1.	
67	<i>Xaneiro fanequeiro</i> (ALGa 2003: 463, núm. 92)	2.1.1.	
68	<i>Xaneiro frioleiro</i> (ALGa 2003: 464, núm. 114)	2.1.1.	

⁶³ “Alude a la dureza del mes, y a la esquila de las ovejas, y de los asnos”.

⁶⁴ Localizado en Brués (provincia de Ourense), Santiso e Forcarei (provincia de Pontevedra).

⁶⁵ “Porque están allí las únicas casas señoriales de la parroquia”.

⁶⁶ “La sardina, des obada en agosto”.

	<i>Refráns mínimos de dous elementos</i>	<i>Cfr.</i>	<i>Variantes</i>
69	<i>Xaneiro laceiro</i> (Vázquez 2003: 97, núm. 2337)	2.1.1.	
70	<i>Xaneiro, marmaruxeiro</i> ⁶⁷ (Taboada 2000: 165)	2.1.1.	
71	<i>Xaneiro, oveiro</i> (Gippini 1994 ⁴ : 10; Taboada 2000: 165; Ferro 2002: 140; Vázquez 2003: 99, núm. 2375; Soto 2003: 181, núm. 4391)	2.1.1.	<i>Xaneiro oveiro</i> ⁶⁸ (ALGa 2003: 464, núm. 115)
72	<i>Xaneiro, piardeiro</i> (Rodríguez Iglesias 2000: 492; Ferro 2002: 140)	2.1.1.	<i>Xaneiro piardeiro</i> ⁶⁹ (ALGa 2003: 463, núm. 93)
73	<i>Xaneiro, secadeiro</i> (Taboada 2000: 165)	2.1.1.	
74	<i>Xaneiro tasqueiro</i> (ALGa 2003: 464, núm. 116)	2.1.1.	
75	<i>Xaneiro verdadeiro</i> (ALGa 2003: 464, núm. 117)	2.1.1.	
76	<i>Xaneiro xeadas</i> (ALGa 2003: 462, núm. 24)	2.1.1.	
77	<i>Xaneiro xiadeiro</i> (ALGa 2003: 462, núm. 28; Vázquez 2003: 99, núm. 2369)	2.1.1.	<i>Xaneiro, xiadeiro</i> (Ventín 2007: 61, núm. 688) <i>Xaneiro xeadeiro</i> ⁷⁰ (ALGa 2003: 462, núm. 27) <i>Xaneiro xeladeiro</i> ⁷¹ (ALGa 2003: 462, núm. 29) <i>Xaneiro xeabreiro</i> ⁷² (ALGa 2003: 462, núm. 25) <i>¡Xaneiro xiabreiro</i> ⁷³ (ALGa 2003: 462, núm. 26)
78	<i>Zamburiña, [/] pequeniña</i> (Álvarez 2008: 12, núm. 37)	2.3.	<i>Zamoriña, pequeniña</i> ⁷⁴ (Vázquez 2003: 682, núm. 18133)

⁶⁷ “Lluvioso”.

⁶⁸ Localizado en Rodís (provincia da Coruña) e Santiso (provincia de Pontevedra).

⁶⁹ Localizado en Fefiñáns (provincia de Pontevedra).

⁷⁰ Localizado na Queira (provincia da Coruña), Negueira de Muñiz, Guntín de Pallares (provincia de Lugo), A Gudiña, Martiñán, Baltar, Calvos (provincia de Ourense) e Porto (provincia de Zamora).

⁷¹ Localizado en Viladonga (provincia de Lugo).

⁷² Localizado na Veiga de Cascallá (provincia de Ourense).

⁷³ Localizado en Paradaseca do Bierzo (provincia de León).

⁷⁴ “Zamoriña es un marisco parecido a la vieira, y más pequeño que el mayolo”.

5. Referencias bibliográficas

- ALGa = GARCÍA, Constantino; SANTAMARINA, Antón (dirs.) (2003): *Atlas Lingüístico Galego. Volume IV: Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, Xosé María (2008): *O libro do marisco*. Madrid: El País.
- AMADES, Joan (1982³): *Folklore de Catalunya. Cançoner. Vol. II*. Barcelona: Selecta.
- ANÓNIMO (1974⁴): *Refraneiro do viño (505 sentenzas recollidas do pobo)*. Vigo: Edicións Castrelos.
- BENAVENTE JAREÑO, Pedro; FERRO RUIBAL, Xesús (1994): *Refraneiro galego da vaca*. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro.
- CAÑADA, Silverio (ed.) (1974): *Gran enciclopedia gallega. Tomo XXVI*. Vitoria: Heraclio Fournier S.A.
- CAÑADA, Silverio (ed.) (2003): *Gran enciclopedia galega. Volume 38*. Lugo: El Progreso Artes Gráficas.
- CASTAÑÓN, Luciano (1962): *Refranero asturiano*. Oviedo: Diputación de Oviedo.
- CONDE TARRÍO, Germán (2001): *Diccionario de refráns (correspondencias en castelán e francés)*. Vigo: Galaxia.
- DRAG = REAL ACADEMIA GALEGA (2012): *Diccionario da Real Academia Galega*. (<https://academia.gal/diccionario#inicio.do>).
- FERRO RUIBAL, Xesús (1995): *Refraneiro galego básico*. Vigo: Galaxia.
- FERRO RUIBAL, Xesús (2002): *Refraneiro galego máis frecuente*. Vigo: La Voz de Galicia – Editorial Galaxia.
- FONTANA TOUS, Joan (2018): “*Quen guarda, faya*. Aproximación a los refranes mínimos asturianos”, en *Archivum* 68, 61-91.
- GARGALLO GIL, José Enrique (2003): “*Més ençà o més enllà, la Quaresma en març caurà*. Refranes romances del mes de marzo”, en *Paremia* 12, 41-54.
- GARGALLO GIL, José Enrique (2004): “*Dos de febreiro. Refranes romances de la Candelaria y meteorología popular*”, en *Paremia* 13, 109-124.
- GARGALLO GIL, José Enrique (2012): “*Do ALGa a BADARE. Refráns do calendario e meteorolóxicos, xeoparemioloxía galega e romance*”, en *Novas achegas ao estudo da cultura galega II*, Univesidade da Coruña, 411-420.
- GIPPINI ESCODA, Enrique (1994⁴): *Refraneiro galego (escolma)*. Sada – A Coruña: Edicións do Castro.
- IGLESIA, Antonio de la (1886): *El idioma gallego, su antigüedad y vida* (Tomo III). La Coruña: La Voz de Galicia.
- LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín (1983): *Refraneiro galego*. Vigo: Edicións Castrelos.
- MACHADO, José Pedro (2011⁴): *O grande livro dos provérbios*. Alfragide: Casa das Letras.
- MARTÍNEZ KLEISER, Luis (1995 [1953]): *Refranero general ideológico español*. Madrid: Librería y Casa Editorial Hernando, S.A.

- MOREIRAS SANTISO, Xosé (1977): *Os mil e un refrás galegos do home*. Lugo: Reprografía Alvarellos.
- MOREIRAS SANTISO, Xosé (1978²): *Os mil e un refráns galegos da muller*. Lugo: Reprografía Alvarellos.
- MURGUÍA, Manuel (1865): *Historia de Galicia (Tomo primeiro)*. Lugo: Imprenta de Soto Freire.
- PAREMIOROM = *Paremiología romance: refranes meteorológicos y territorio*. (<http://stel.ub.edu/paremio-rom/es/refranes>).
- RÍO CORBACHO, Pilar (2010): “Contribución galega a BADARE. Refráns meteorolóxicos con animais”, en GARGALLO GIL, José Enrique (coord.) (coa colaboración de BASTARDAS, Maria-Reina; FONTANA i TOUS, Joan; TORRES TORRES, Antonio): *Paremiología romance. Los refranes meteorológicos*. Barcelona: Publicacions i Edicions de la Universitat de Barcelona, 67-81.
- RODRÍGUEZ CRUZ, Xosé (2000): *Así falan na Gudiña*. Ourense: Deputación Provincial de Ourense.
- RODRÍGUEZ IGLESIAS, Francisco (ed.) (2000): “Refráns e ditos”, en *Galicia. Antropoloxía – Imaxinario. Literatura popular. Volume XXVIII*. A Coruña: Hércules de Ediciones, S.A.
- RODRÍGUEZ MARÍN, Francisco (1896): *Los refranes del almanaque*. Sevilla: Imp. de Francisco de P. Díaz.
- SACO Y ARCE, Juan Antonio (1987): *Literatura popular de Galicia (colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos)*. Porriño: Diputación provincial de Ourense.
- SCHWAMMENTHAL, Riccardo; STRANIERO, Michele L. (1991): *Dizionario dei proverbi italiani*. Milano: Rizzoli.
- SESTO LÓPEZ, Xosé (1976): *Refraneiro da muller*. Vigo: Edicións Castrelos.
- SOBREIRA, FR. Juan (1979): *Papeletas de un diccionario gallego*. Orense: Instituto de Estudos Orensanos “Padre Feijoo”.
- SOLLA, Carlos (2009): *Andar primeiro de río (Inmateriais do río dos Gafos)*. Pontevedra: Concello de Pontevedra.
- SOTOARIAS, M^a do Rosario (2003): *Achegas a un diccionario de refráns galego-castelan, castelán-galego. Cadernos de Fraseoloxía Galega 3*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria & Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- TABOADA CHIVITE, Xesús (2000): *Refraneiro galego. Cadernos de Fraseoloxía Galega 2*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria & Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- VÁZQUEZ SACO, Francisco (2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral. Cadernos de Fraseoloxía Galega 5*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria & Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

- VENTÍN DURÁN, José Augusto (2007): *Fraseoloxía de Moscoso e outros materiais de tradición oral. Cadernos de Fraseoloxía Galega (Anexo 1)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria & Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- VIEJO FERNÁNDEZ, Xulio (2012): *Parecias populares asturianas (Estudio, clasificación y glosa)*. Instituto Cervantes, Biblioteca Fraseolóxica y Paremiolóxica, Serie «Monografías» n.º 4.
- ZAMORA MOSQUERA, Federico (1972): *Refráns e ditos populares galegos*. Vigo: Galaxia.

Variacións das paremias españolas recompiladas por Charles Cahier¹

Variation of spanish paroemias collected by Charles Cahier

Béatrice Martinez Marnet

Universidade Autónoma de Madrid

beatrice.marnet@uam.es

Resumo: Unha das características propias das unidades fraseolóxicas no seu conxunto e das paremias en particular resulta ser a fixación. De certo, aínda que moitas paremias conseguen non sufrir ningunha variación co paso do tempo, outras experimentan transformacións máis ou menos importantes ou caen no esquecemento. Neste artigo, analizaremos as diferentes variacións que pode padecer unha paremia co paso do tempo. Para iso escollemos as 600 unidades fraseolóxicas españolas presentes na obra paremiográfica *Quelques six mille proverbes et aphorismes usuels empruntés à notre âge et aux siècles derniers* de Charles Cahier (1856) e contrastámolas coas paremias recompiladas no Refranero Multilingüe do Instituto Cervantes. Os resultados obtidos desta análise das variantes ortográficas, léxicas e sintácticas axudarannos na sistematización dos diferentes modelos de variantes, na observación dunha posible evolución nas paremias, co propósito de descubrir cal é a forma clásica da paremia desde a que foron aparecendo todos os cambios.

Palabras chave: variacións, variantes, unidades fraseolóxicas, paremias, Charles Cahier.

Abstract: One of the specific features of the phraseological units as a whole and the proverbs in particular is the unalterableness of the word order. Nevertheless, proverbs as well as other linguistic elements either evolve or sink into oblivion, remain unaltered through their entire period of use or undergo transformations to a greater or lesser extent. In this article we will analyze the different variations to which a proverb is subjected over time. In order to achieve this objective we have chosen the 600 Spanish phraseological units included in the paremiological work "Quelques six mille proverbes et aphorismes usuels empruntés à notre âge et aux siècles derniers" by Charles Cahier (1856) and we have carried out an extensive comparative analysis with the proverbs compiled in the Refranero Multilingüe (Instituto Cervantes). The results obtained from the study of the orthographic, lexical and syntactic variables will help us to build the different variation models and to provide a possible explanation to the evolution of phraseological units with the objective of finding the classic version of the proverb as a point of departure from which all the changes have progressively appeared.

Keywords: variations, variants, phraseological unit, proverbs, Charles Cahier.

¹ Data de recepción: 26.05.2017. Data de aceptación: 04.01.2018.

Tradución feita por Laura García de Arana.

1. Introducción

Entre os trazos característicos das unidades fraseolóxicas (en adiante UF), a maioría dos lingüistas destaca a fixación sintáctica (Montoro 2005; Zuluaga 1975 e 1980; Gurillo 1997 e 1998) xunto á fixación semántica ou idiomatidade (Zuluaga, 1980: 121-134) e a polilexicalidade (Castillo Carballo 1997; Mena Martínez 2002; García-Page 2008). Non obstante, obsérvase que co tempo, varias expresións pluriverbais, ao igual que as palabras simples ou monolexemas, caen no desuso mentres que outras sofren transformacións. Estes cambios débense á mesma evolución lingüística, que se plasma, no caso que nos ocupa, no concepto de variación paremiolóxica. A ruptura do modelo paremiolóxico² é un fenómeno bastante frecuente que se observa na literatura, na publicidade, no xornalismo, etc.

Por moi universais que sexan no tempo e no espazo, os elementos constitutivos do universo paremiolóxico, no caso concreto que analizamos (as 600 paremias do español³ recompiladas por Charles Cahier)⁴, sofren alteracións e distorsións sintácticas⁵. Estas rupturas, denominadas variantes formais paremiolóxicas, poden ser de distintos tipos: fónico, gráfico, morfolóxico, gramatical, léxico, sintáctico, etc. (García-Page 2008: 219).

Cando falamos da variación na paremioloxía podería parecer que o trazo de variación presente nas unidades fraseolóxicas vai en contra da fixación e estabilidade sintácticas (Corpas Pastor 1997: 27) que se manifesta nas paremias baixo diferentes aspectos tales como: a) a inalterabilidade da orde dos constituíntes, b) a invariabilidade dalgunhas categorías gramaticais, c) a inmodificabilidade do inventario de compoñentes e d) a insubstituíbilidade de constituíntes. É preciso sinalar que para cualificar unha unidade fraseolóxica de fixa, non é necesario que todos eses criterios se cumpran na unidade, pois, como indica G. Gross (1996: 8-9), se se demostra polo menos un deles, pode considerarse unha unidade fraseolóxica fixa. A fixación en varias expresións fixas non é sempre completa, pode dicirse que é caprichosa, pois nada explica as razóns que a gobernan para que se produzan determinadas combinacións e non outras (Zuluaga 1980: 37).

Non todas as condicións recomendadas para que se cumpra a característica de fixación sintáctica se dan nas paremias porque algunhas delas non respectan certas normas como a inserción de elementos entre os constituíntes. Velaquí a modo de ilustración uns exemplos nos que se inseriron palabras entre os seus constituíntes: *Amor de madre, que (todo) lo demás es aire*; *Dijo el asno al mulo: 'Anda para (allá), orejudo'*; *(Allí) donde*

² Entre os investigadores que se interesan polas rupturas das formacións sintácticas na fraseoloxía e paremioloxía, destacan as achegas de Zuluaga Ospina 1980; M. Gross 1982; García-Page 1991 1992a, 1992b, 1992c, 1993a, 1993b, 2008; G. Gross 1996; Corpas Pastor 1997; Barta 2005, 2006; Montoro del Arco 2005; Mejri 2009; Sevilla Muñoz e Martínez, 2009; Mogorrón Huerta e Mejri 2009.

³ Charles Cahier: *Quelque six mille proverbes et aforismes usuels empruntés à notre âge et aux siècles derniers*, París, 1856.

⁴ Paremiógrafo francés do século XIX.

⁵ Non se consideran variantes as desautomatizacións, é dicir, as modificacións espontáneas ou individuais e non institucionalizadas que poidan sufrir intencionadamente as paremias.

fueres, haz como vieres, (Dondequiera) que fueres, haz lo que vieres; (Por donde) fueres, haz como vieres; (La) puerta abierta, al santo tienta etc.

O estudo das alteracións sintácticas das unidades fraseolóxicas é na actualidade un tema polo que paremiólogos e fraseólogos se están interesando. Respecto ao tratamento destas transformacións, cada investigador aborda a temática desde un enfoque diferente, así é como se observan diferentes tipos de clasificacións e descricións do fenómeno. É preciso subliñar que entre os tipos de distorsións sintácticas na paremioloxía sobre os cales os autores coinciden adoitan estar: posibilidade de cambio, subtracción, adición de fonemas/lexemas/sintagmas; intercambio de compoñentes léxicos e sintácticos dentro dunha unidade; ampliación e subtracción lexemática/sintagmática/sintáctica.

González Rey (2002: 59) chama as alteracións que se manifestan nalgúñas UFs: ‘l’écart ou la déviation’. Esta desviación dos constituíntes pode darse no plano léxico, gramatical ou ben sintáctico: “On voit donc que le figement est un phénomène qui transcende ce qu’on appelle généralement les différents niveaux de l’analyse linguistique et qu’une description qui ne serait que la syntaxe ou sémantique ne retiendrait qu’une partie des faits” (G. Gross 1996: 13). Desta cita dedúcese que existen graos de fixación porque algunhas paremias son totalmente fixas, xa que cumpren con todos os criterios da fixación mentres que outras, como as que acabamos de citar, presentan unha fixación parcial (G. Gross 1996: 16-17).

A estabilidade das paremias é relativa posto que os criterios de fixación sintáctica e semántica presentes nelas se manifestan de forma gradual. É dicir, os devanditos criterios varían segundo o grao de estabilidade dos seus compoñentes. A repetición dunha paremia permite que esta se conserve intacta no tempo pero ao mesmo tempo é máis factible que se dea a variación formal da mesma mediante a creación de variantes. As variantes poden ser de distintos tipos: fónico, gráfico, morfolóxico, gramatical, léxico, sintáctico, etc. (García-Page 2008: 219).

O presente artigo ten como obxecto o estudo das variacións das paremias españolas recompiladas no refraneiro elaborado por Charles Cahier, titulado: *Quelques six mille proverbes et aphorismes usuels empruntés à notre âge et aux siècles derniers*. Nun primeiro momento aclararemos algúns conceptos básicos e daremos unha breve definición das paremias facendo fincapé a categoría de refrán, pois é esta a unidade fraseolóxica máis presente no noso corpus. Ao longo do artigo analizaremos os tipos de variacións que sufriron as paremias do noso corpus en comparación coas que constan no *Refranero Multilingüe* do Instituto Cervantes.

2. Conceptos básicos

Nun primeiro momento, o concepto que necesita aclaración é este: que son as paremias?

Segundo Sevilla e Crida (2013), a paremia ten unha serie de características como:

⇒ **A fixación** referida a estas combinacións de palabras ten que ser entendida no sentido de algo xa feito que o falante almacena e tende a reproducir sen descompoñelo nos seus elementos constituíntes.

⇒ **A idiomaticidade** foi entendida de dúas maneiras diferentes:

- Por un lado, responde, no sentido etimolóxico, ao que é propio e peculiar dunha lingua e,
- por outro, pode interpretarse como o trazo semántico característico de certas construcións fixas, nas que o seu significado non pode ser deducido a partir dos elementos que as forman.

⇒ **A lexicalización:**

Nunha UF como *encontrar o hallar [uno] la horma de su zapato*, produciuse previamente unha consolidación do uso das palabras que a compoñen ata constituírse un significado unitario que non pode ser analizado pola suma dos seus elementos integrantes. Deste xeito, se consultamos o *DLE*, veremos o proceso de especialización semántica que se produciu:

1. Fig. locs. verbs. coloqs. Encontrar o que lle acomoda ou o que desexa.
2. Fig. locs. verbs. coloqs. Tropezar con alguén ou con algo que se lle resista ou que se opoña ás súas mañas ou artificios.

⇒ **O contido sentencioso:**

Significado moral ou doutrina expresada con gravidade ou agudeza. Trátase dunha característica inherente á paremia.

As devanditas características aplícanse aos distintos tipos de paremias cuxos termos son:

- o refrán (uso popular),
- o proverbio (culto),
- a máxima (culto/autor coñecido),
- o aforismo (culto de orixe e autor coñecido),
- a sentenza (culto/autor coñecido),
- o apotegma (paremia de autor moi célebre),
- a frase proverbial (formula orde e mandato), etc.

No que se refire ao noso corpus, cabe destacar que o 99% das UFs presentes son refráns. Esta paremia Sevilla Muñoz (2002) defínea da seguinte maneira:

[...] el refrán es una paremia, esto es, un enunciado breve y sentencioso memorizado por los hablantes; destaca principalmente por ser popular, repetitivo, de temática general y práctica, estructura por lo general bimembre y por poseer elementos

mnemotécnicos que facilitan su memorización; en muchos casos es metafórico y puede ser jocoso. En cuanto a su léxico es sencillo, coloquial y, a veces, arcaico (Sevilla y Cantera 2002: 71).

Outros conceptos básicos que cómpre aclarar son a desautomatización e a variación dunha paremia.

Para Florentina Mena Martínez (2002: 4-15) “la desautomatización es el proceso que se desencadena en algunas unidades fraseológicas cuando se les ha aplicado de forma intencionada cualquier procedimiento de manipulación o modificación creativa”. Así, este fenómeno dáse moito no mundo da publicidade ou do xornalismo como por exemplo a unidade fraseolóxica *Darle a uno gato por liebre*, que desautomatizou en “para que a todos os europeos non *lles dean gato por euro*” (A3T, 9: 15 Noticias, 30-8-01), cando se cubriu a noticia sobre a presentación oficial do euro en Frankfurt. Estas modificacións non ocorren no noso corpus de paremias.

En cambio, o que si aparece con frecuencia no noso corpus son numerosas *variacións*, sobre as que centraremos a nosa atención. Entendemos por variacións as unidades fraseolóxicas que sofren cambios formais, de diferente natureza, pero que manteñen certo grao de similitude coa orixinal. En efecto, os devanditos cambios manteñen o grao de fixación da UF e pertencen ao acervo cultural. Como veremos no seguinte apartado (véxase apartado 3), o noso corpus contén numerosas variacións de diferente tipo.

Tamén cabe precisar que a presenza de variacións non quita a fixación, ao contrario, a variación confirmaa ao apoiarse sobre esa fixación co fin de manterse no tempo.

Quixéramos tamén presentar *El Refranero multilingüe*, ao ser a referencia á que acudimos ao longo do noso estudo das variacións. Este refraneiro contén unha selección de paremias españolas populares, principalmente refráns e frases proverbiais, coa súa correspondencia en varias linguas. Trátase dun refraneiro multilingüe único no mundo non só por esta combinación lingüística senón tamén pola información achegada para cada paremia española, as súas posibles variantes e sinónimos, así como os hiperónimos e os antónimos paremiolóxicos. Entre os seus obxectivos está o de proporcionar un actualizado instrumento de consulta sobre a sabedoría popular. Tendo en conta que o noso corpus é do século XIX, as informacións facilitadas por *El Refranero multilingüe* son esenciais para a nosa análise por conter as paremias máis populares de hoxe en día e algunhas das súas variantes.

A diferenza doutras clases de unidades fraseolóxicas que poden ter un equivalente conceptual –por exemplo, unha locución verbal equivale a un verbo; ou unha locución adverbial pode reducirse a un adverbio– as paremias, tal como subliña Julio Casares (1992: 199), son estruturas complexas que non permiten tales modificacións. Non se poden reducir a equivalencias conceptuais unitarias:

El refrán propiamente dicho [...] es una frase completa o una cláusula independiente, en la que se relacionan, por lo menos, dos ideas, y en la que las

palabras conservan su sentido usual, directo o figurado, sin deformarlo para dar origen a una nueva entidad léxica indivisible (Casares 1992: 199).

Nesta cita, Casares fala dos refráns como frases completas ou cláusulas independentes. Así, responden a una cohesión e coherencia sintáctica; o cal constitúe por un lado un dos seus trazos distintivos, e polo outro o motivo polo que nos interesamos pola súa estrutura sintáctica.

Para analizar a estrutura das paremias pareceunos conveniente presentar de forma sucinta, os modelos ou tipos de oracións aos cales as paremias responden. Distinguimos principalmente dous tipos de estruturas máis comúns ás paremias: por un lado, construcións con estruturas similares ás das oracións tradicionais simples e complexas (son oracións que teñen un núcleo verbal e poden ser coordinadas, xustapostas ou ben subordinadas) e polo outro, construcións bimembres sen verbo (Riera Rubio 2009: 8 -11). No cadro que vén a continuación presentamos ambos tipos de construcións con exemplos:

ORACIÓN SEMPLS	ORACIÓN COMPLEXAS				
	XUSTAPOSTAS	COORDINADAS	SUBORDINADAS		
El infierno está lleno de buenas intenciones	La cana engaña; el diente miente; la arruga, no deja duda	Traspasa el rico las leyes, y es castigado el pobre	SUBSTANTIVAS	ADJECTIVAS	ADVERBIAIS
			Quien tiene un amigo, tiene un tesoro	Diciembre es un viejo que arruga el pellejo	Donde menos se piensa, se levanta la liebre

Figura 1. Modelos ou tipos de oracións aos cales responden as paremias

3. Variantes

Nos apartados que veñen a continuación, analizaremos as diferentes anomalías, ortográficas, léxicas e sintácticas que adoitan alterar a estrutura das paremias. Para iso centrarémonos nas tres seguintes categorías de variantes formais paremiolóxicas: as variantes ortográficas, as variantes léxicas e as variantes sintácticas.

3.1. Variantes ortográficas

Entre os cambios léxicos observados entre os constituíntes das paremias, –e que son comunmente sinalados entre os investigadores–, destaca a presenza considerable das variacións ortográficas e algúns arcaísmos. Estes últimos son “elemento[s] lingüístico[s] cuxa forma ou significado, ou ambos á vez, resultan anticuados en relación cun momento determinado” (DLE). A presenza de palabras arcaicas e de variacións ortográficas nas paremias débese a que estas unidades da lingua foron creadas cando aínda o castelán estaba na súa etapa de formación primitiva (desde a Idade Media), tal e como explica García-Page (1997: 275).

Fixemos un censo do léxico en desuso do noso corpus, e chegamos á conclusión de que os verbos, seguidos dos substantivos, son as dúas clases de palabras afectadas polos cambios da lingua. Neste subapartado ofrecemos unha listaxe de todos os tipos de arcaísmos e variacións ortográficas presentes no noso corpus.

➤ Substantivos

Dos amigos de una bolsa, El uno canta, y el altro⁶ llora. [= otro]

En casa llena ayna fazen zena. (RM) [= cena]

Quien presto da, dos vezes da. [= veces]

➤ Adxectivos

Con agena mano saca la culebra del horado. (RM) [= ajena]

Mas vale ruyn asno, que ser asno. [= ruín]

En casa llena, presto se guisa la cena, en la vazia mas ayna. [= vacía]

Los primeros a comer, Postremos a hazer.

➤ Adverbios

Do fuerza viene, El derecho se pierde. [= donde]

Do hambre a nadie vé morir; De mucho comer, cien mil. [= donde]

En casa llena ayna fazen zena. (RM) [= pronto]: arcaísmo

➤ Verbos

Dime con quien andas, Y dirète quien eres. [= te diré]

Quien dexa camino real por la vereda, piensa atajar y rodea. (RM) [= deja]

Quanto çuga el abeja, miel torna; y quanto el araña, ponçoña. (Hernán Núñez) [= chupa]

Cuanto zuga la abeja, miel torna y quanto la araña ponzoña. (Correas) [= chupa]

Cuanto suga la abeja se vuelve cera y miel; y quanto el araña, veneno y hiel. (Rodríguez Marín) [= chupa]

No ay peor sordo que el que non quiere oyr. (RM) [= hay – oír]

Aprende llorando, Reyras ganando. [= reírás]

Cada cabello haze su sombra en el suelo. [= hace]

Al comer, sudar; y al hazer, temblar. [= hacer]

⁶ Aquí considerámolo substantivo porque neste refrán en concreto está substantivado, aínda que tanto *altro* como *otro* (outro) sexan en realidade adxectivos.

Los primeros a comer, Postreros a hazer. [= hacer]

Comida fría, bebida caliente, Nunca hizieron buen vientre. [= hicieron]

El deseo haze hermoso lo feo. [= hace]

Quien te hace fiesta que no te suele hazer, o te quiere engañar, o te ha menester. [= hacer]

Perdí, mi honor diziendo mal y oyendo peor. [= diciendo]

Nesta lista do noso corpus, aparecen tanto as palabras que están xa en desuso (iso é, que manteñen a súa forma primaria) como as palabras en vía de arcaización (é dicir, que hoxe en día se usan moi pouco ou xa non se usan). A presenza de ambos tipos de palabras entre as paremias chama a atención sobre a continua evolución das linguas; demostran “por un lado, el deseo de rejuvenecimiento del refrán y, por otro, con carácter general, su estatuto de expresión testimonial de la evolución de la lengua” (García-Page 1997: 276).

O total dos vocábulos en desuso do corpus apenas alcanza o 5,5% do total dos 572 termos estudados. Entre estes vocábulos, os substantivos e os verbos teñen porcentaxes máis elevadas que os adxectivos e adverbios (véxase figura 2). A meirande parte destas palabras enténdese perfectamente posto que as súas grafías non distan moito das grafías do español actual. Pertencen ao tipo de vocábulos en desuso cuxo referente non se atopa moi afastado da nosa realidade actual, e por iso non impiden a comprensión do sentido das paremias (García Yelo e García Jove 2008: 153).




Figura 2. Variantes ortográficas das paremias españolas recompiladas por Charles Cahier

3.2. Variantes léxicas

Sardelli e Jarilla Bravo (2009) definen as variantes léxicas como as operacións lingüísticas que interveñen na formación sintáctica dunha expresión fixa. Esas operacións lévanse a cabo mediante dous mecanismos principais: a conmutación e a substitución de un ou de varios compoñentes (artigo, verbo, substantivo, adxectivo, adverbio etc.) dentro dunha expresión. Xa que os cambios esporádicos ou desautomatizacións operadas polos falantes non son considerados como variantes é obrigatorio que as novas formas de paremias estean institucionalizadas. Neste sentido, García-Page (2009: 242) sinala que “la única exigencia que se les impone a las variantes es que estén ritualizadas, previstas en el código”. É dicir, que nestas transformacións é requisito imprescindible que as formas variantes resultantes sexan coñecidas polos falantes. A continuación presentamos as categorías de palabras que sufriron variacións léxicas no noso corpus.

3.2.1. Cambio nunha categoría gramatical

➤ Cambio de artigos

Cria un cuervo, y sacar te ha el ojo.

Cría el cuervo, sacarte ha el ojo. (RM)

➤ Cambio de substantivos

En casa del herrero, cuchillo de palo.

En casa del herrero, asador de palo. (RM)

En casa del herrero, badil de madero. (RM)

Como canta el abad, responde el sacristan.

Como canta el abad, responde el monacillo. (RM)

Afición ciega razón.

Amor ciega razón. (RM)

Pasión ciega razón. (RM)

Más sabe el necio en su casa, que el cuerdo en la ajena.

Más sabe el loco en su casa que el cuerdo en la ajena. (RM)

Da Dios almendras al que no tiene muelas.

Dios da bizcocho(s) a quien no tiene muelas. (RM)

Amor de padre, que lo demas es ayre.

Amor de madre, que (todo) lo demás es aire. (RM)

Sanan llagas, y no malas palabras.

Sanan cuchilladas, y no malas palabras. (RM) Sanan lanzadas, que no palabras malas. (RM)

Ni en burla ni en veras, con tu amo no partas peras. En juego ni en veras, con tu señor no partas peras (RM)

Al burro muerto, la cebaba al rabo.

A asno muerto, la cebada en grano. (RM)

A caballo nuevo, caballero viejo.

A caballo nuevo, jinete viejo. (RM)

La codicia rompe el saco.

La avaricia rompe el saco. (RM)

El interés rompe el saco. (RM)

La ambición rompe el saco. (RM)

A dineros pagados, brazos quebrantados.

A obra pagada: brazos quebrados. (RM)

La experiencia Madre es de la ciencia.

La experiencia es la madre de la sabiduría. (RM)

La mucha familiaridad acarrea menosprecio.

La mucha confianza es causa de menosprecio. (RM)

De medico, poeta, y loco, Todos tenemos un poco.

De músico, poeta y loco, todos tenemos un poco. (RM)

➤ Cambio de verbos

Cuando Dios amanece, para todos amanece.

Cuando Dios da, para todos da. (RM)

Si quieres saber orar, Entra en la mar.

Si quieres aprender a orar, entra en la mar. (RM)

Quien tiempo tiene y tiempo atiende, Tiempo viene que se arrepiente.

Quien tiempo tiene y tiempo espera, tiempo viene que desespera. (RM)

A cada puerco le llega su San-Martin.

A cada puerco le viene su San Martín. (RM)

Quien bien te quiera, te hará llorar.

Quien bien te quiere, te hará sufrir. (RM)

Quien mal anda, en mal acaba.

El que mal anda, mal halla. (RM)

Donde menos se piensa, se levanta la liebre.

Donde menos se piensa salta la liebre. (RM)

Donde menos se espera salta la liebre. (RM)

El perro flaco, todo es pulgas.

A perro flaco, todo se le convierten pulgas. (RM)

A perro flaco todo se le vuelven pulgas. (RM)

A perro flaco acuden las pulgas. (RM)

Al perro flaco se le cargan/pegan las pulgas. (RM)

Quien roba a un ladrón, Tiene cien años de perdon.

Quien roba a un ladrón, ha cien años de perdón. (RM)

Quien hurta al ladrón ha cien años de perdón. (RM)

Piensa el ladrón que todos son de su condicion.

Cree el ladrón que todos son de su condición. (RM)

De la mano a la boca Desaparece la sopa.

De la mano a la boca, se pierde la sopa. (RM)

Del plato a la boca se cae la sopa. (RM)

Marzo ventoso y abril lluvioso, Sacan a mayo florido y hermoso.

Marzo ventoso y abril lluvioso traen a mayo florido y hermoso. (RM)

Marzo ventoso y abril lluvioso hacen a mayo florido y hermoso. (RM)

Por su mal le nacieron alas a la hormiga.

Por su mal crió alas (a) la hormiga. (RM)

➤ Cambio de adverbios

Donde menos se piensa, se levanta la liebre.

Cuando menos se piensa, salta la liebre. (RM)

Mala yerba mucho crece.

La hierba mala aína crece. (RM)

➤ Cambio de adxectivos

Aunque seas prudente y viejo, No desdenes el consejo.

Aunque seas muy sabio y viejo, no desdeñes el consejo. (RM)

Del dicho al hecho, Hay gran trecho.

De lo dicho a lo hecho hay largo trecho. (RM)

A buena hambre, no hay pan duro.

A buen hambre no hay pan malo. (RM)

A gran hambre, no hay pan malo. (RM)

A mucha hambre no hay pan duro. (RM)

A mucha hambre no hay mal pan. (RM)

En casa del herrero, cuchillo de palo.

En casa del herrero, cuchillo mangorrero. (RM)

A padre ganador, hijo gastador.

A padre guardador, hijo gastador. (RM)

A padre endurador, hijo gastador. (RM)

A padre allegador, hijo desprendedor. (RM)

A padre allegador, hijo desperdiciador. (RM)

A padre ganador, hijo despendedor. (RM)

Todos los duelos, con pan son buenos.

Las penas con pan son menos. (RM)

➤ Cambio conxunción de coordinación

Dios consiente, y no para siempre.

Dios consiente, pero no para siempre. (RM)

➤ Cambio de numeral cardinal

A pan de quinze dias, Hambre de tres semanas.

A pan de quinze días, hambre de dos semanas. (RM)

Mas vale un toma, que dos te darè.

Más vale un “toma” que cien “te daré”. (RM)

Más veen cuatro ojos, Que no dos.

Más veen dos ojos qu’uno. (RM)

➤ Cambio de preposiciones

Amistad de yerno, Sol de invierno.

Amistad de yerno, sol en invierno. (RM)

El perro flaco, todo es pulgas.

Al perro flaco, todo son pulgas. (RM)

Quien tropieza y no cae, En su paso añade.

Quien tropieza y no cae, a su paso añade. (RM)

En salvo esta el que repica.

A salvo está el que repica. (RM)

A gran salida, Gran caída.

De gran subida, gran caída. (RM)

De luengas vías, luengas mentiras.

A luengas vías, luengas mentiras. (RM)

➤ Cambio de pronomes

- (el que > quien)

El que mucho abarca, / Poco aprieta.

Quien mucho abarca poco aprieta. (RM)

Quien tropieza y no cae, En su paso añade.

El que tropieza y no cae, adelanta camino⁷. (RM)

El que compra y miente, En su bolsa lo siente.

Quien pierde y miente, su bolsa lo siente. (RM)

Quien merca y miente, su bolsa lo siente. (RM)

- (quien > el que)

Quien a solas come el gallo, A solas ensilla el caballo.

El que solo come su gallo, solo ensilla su caballo. (RM)

Mas gana quien Dios ayuda, que quien mucho madruga.

Más vale al que Dios ayuda que al que mucho madruga. (RM)

Quien no llora, no mama.

El que no llora, no mama. (RM)

Quien todo lo quiere, Todo lo pierde.

El que todo lo quiere, todo lo pierde. (RM)

- (quien > al que)

Quien se viste de lo ajeno, en la calle lo desnudan.

⁷ Cambio sintáctico da segunda parte.

Al que de ajeno se viste, en la calle le desnudan. (RM)

Al que de prestado se viste, en la calle lo desnudan. (RM)

- (al que > a quien)

Da Dios almendras / Al que no tiene muelas.

Da Dios almendras a quien no tiene muelas. (RM)

➤ Cambio dunha categoría por outra

- (Artigo > preposición)

Quien no puede dar al asno, vuelvese al albarda.

Quien no puede dar en el asno, da en la albarda. (RM)

3.2.2. Adición dunha categoría

➤ Adición de adverbios

Dijò el asno al mulo: “Anda para orejudo”.

Dijo el asno al mulo: ‘Anda para allá, orejudo’. (RM)

Donde fueres, Haras como tu vieres.

Allí donde fueres, haz como vieres. (RM)

➤ Adición de artigos

Puerta abierta, el santo tienta.

La puerta abierta, al santo tienta. (RM)

Haz bien, y no cates a quien.

Haz el bien y no mires a quién. (RM)

Haz el bien sin reparar a quién. (RM)

Dadivas quebrantan penas.

El dar quebranta (las) penas. (RM)

➤ Adición de adxectivos

Amor de padre, que lo demas es ayre.

Amor de madre, que (todo) lo demás es aire. (RM)

➤ Adición de verbos

Buey viejo, surco derecho.

Buey viejo lleva surco derecho. (RM)

3.2.3. Subtracción dun ou de varios elementos

A subtracción de elementos consiste en eliminar unha ou varias palabras dentro dunha paremia. As palabras que máis se eliminaron no corpus son os substantivos. A subtracción dalgúns determinantes non afecta a semántica das paremias, mentres que a eliminación de categorías de palabras como os adxectivos, os adverbios e algúns substantivos, si ten repercusións no significado idiomático das expresións.

➤ Subtracción de adxectivos

A buena hambre, no hay pan duro.

A hambre, no hay mal pan. (RM)

➤ Subtracción de substantivos

Con ajena mano sacar la culebra del horado.

El mal encantador, con la mano ajena saca la culebra. (RM)

➤ Subtracción de artigos

La codicia rompe el saco.

Codicia mala, saco rompe. (RM)

➤ Subtracción de verbos

Con ajena mano sacar la culebra del horado.

Con ajena mano, la culebra del horado. (RM)

➤ Subtracción de pronomes

Quien no puede dar al asno, vuélvese al albarda.

No pueden al asno, tórnanse al albarda. (RM)

3.2.4. Cambio do tempo verbal

Haz lo que tu amo te manda, y sientate con el a la mesa.

Haz lo que tu amo te manda y sentaráste con él a la mesa. (RM)

Haz lo que te manda tu señor y sentarte has con él a la mesa. (RM)

Comida fría, bebida caliente, Nunca hizieron buen vientre.

Comida fría y bebida caliente, no hacen buen vientre. (RM)

A variación do cambio do tempo verbal non ocorre con moita frecuencia. Unha explicación posible pode ser que algúns tempos, como no primeiro exemplo, están en desuso na linguaxe oral.

3.2.5. Cambios morfolóxicos

➤ Cambio de número: paso do singular ao plural – do plural ao singular

Ni en burla ni en veras, con tu amo no partas peras.

En burlas ni en veras, con tu señor no partas peras. (RM)

Tanto quiso el diablo a sus hijos, Que les sacò los ojos.

Tanto quiso el diablo a su hijo que le sacó un ojo. (RM)

➤ Cambio de xénero: paso do masculino ao feminino – do feminino ao masculino

Amor de niño, agua en cestillo.

Amor de niña, agua en cestilla. (RM)

Mas vale ser tuerto que ciego.

Más vale tuerta que ciega. (RM)

Os devanditos cambios, sexan de xénero ou de número, poden deberse á intención instrutiva dos refráns e ao seu efecto individualizador. Trátase de chegar á persoa indicada, é dicir, se se lle di a unha rapaza, terá que adaptarse para que esta última poida saber que falamos dela.

As variantes léxicas supoñen unha porcentaxe do 38,98 % do total das unidades fraseolóxicas del corpus; son as máis numerosas das variantes ortográficas. Como puidemos observar, nelas, as modificacións operan a nivel de case todas as categorías gramaticais e ata interveñen a nivel das conxugacións verbais porque “le mot, l’élément le plus petit, a plus de chances d’être changé que les unités plus vastes” (Barta 2006: 58). No seguinte cadro presentamos os tipos, números de paremias e porcentaxes de cada clase de palabras que sufriron transformacións léxicas no corpus:

VARIANTES LÉXICAS			
TIPO DE PROCEDEMENTO	CATEGORÍA DE PALABRAS	NÚMERO	PORCENTAXE
ADICIÓN	Artigo	7	3,13%
	Verbo	2	0,89%
	Adxectivo	2	0,89%
	Adverbio	7	3,13%
	Total adición	18	8,07%
SUBTRACCIÓN	Adxectivo	2	0,89%
	Substantivo	2	0,895
	Artigo	2	0,89%
	Verbo	2	0,89%
	Pronome	2	0,89%
	Total subtracción	10	4,48%
CAMBIO	Artigo	4	1,79%
	Substantivo	79	35,42%
	Verbo	68	30,49%
	Adverbio	4	1,79%
	Adxectivo	20	8,96%
	Conxunción de coordinación	2	0,89%
	Numeral cardinal	6	2,69%
	Preposición	14	6,27%
	Pronome	49	21,97%
	El que > quien	7	3,13%
	Quien > el que	9	4,03%
	Al que > quien	7	3,13%
	Quien > al que	2	0,89%
	Quien > de que	2	0,89%
	Pronome > preposición	7	3,13%
	Tempo verbal	7	3,13%
	Morfolóxico	8	3,58%
	Total cambio	195	87,44%
	Total	223	100%

Figura 3. Cadro resumo das transformacións léxicas no corpus

3.3. Variantes sintácticas

As posibles transformacións que poden ser realizadas dentro da estrutura sintáctica dunha paremia denomínanse variantes sintácticas. Neste tipo de variante, non adoita resultar afectado o significado idiomático da paremia base ou principal, aínda que ás veces poida ocorrer que as transformacións operadas na sintaxe repercutan no significado.

Os cambios sintácticos que se observan nas paremias demostran o carácter evolutivo das linguas, no noso caso, do castelán. Con estes cambios, nótase a diferenza entre a diacronía e a sincronía; diferenza que se materializa nas estruturas sintácticas das paremias a través dos arcaísmos sintácticos tales como a labilidade dos determinantes, ausencia de nexos, frases nominais, etc. (Greimas 1973: 258 citado en García-Page 1997: 276).

Neste subapartado, analizamos as seis categorías de variantes paremiolóxicas que presentan as paremias do corpus: inversión de palabras dentro dun sintagma; inversión sintáctica; acurtamento sintáctico; ampliación e/ou cambio sintáctico; adición dunha palabra, subtracción doutra e ampliación sintáctica; inclusión e modificación do segmento.

3.3.1. Inversión de palabras dentro dun sintagma

A inversión sintagmática consiste en cambiar as colocacións das palabras dentro dun mesmo sintagma –ou un mesmo verso–. Estas alteracións de palabras adoitan provocar cambios na expresividade das paremias.

Más sabe el necio en su casa, que el cuerdo en la ajena.

Sabe más el necio en su casa que el cuerdo en la ajena. (RM)

El loco sabe más de su casa que el cuerdo de la ajena. (RM)

Piensa el ladrón que todos son de su condición.

Cada ladrón piensa que todos son de su misma condición. (RM)

Mas cura la dieta Que la lanzeta.

Cura más la dieta que la lanceta. (RM)

De buenas intenciones esta el infierno lleno.

El infierno está empedrado de buenas intenciones. (RM)

Mas veen cuatro ojos, Que no dos.

Cuatro ojos ven más que dos. (RM)

Mala yerba mucho crece.

La mala hierba crece mucho. (RM)

El buen paño en el arca se vende.

El buen paño se vende en el arca. (RM)

3.3.2. Inversión sintáctica

A inversión sintáctica opera transformacións máis amplas que a inversión sintagmática de palabras dentro da paremia porque aquí os cambios interveñen a nivel dunha oración. Cabe sinalar que estes cambios non adoitan afectar os significados totais das expresións (García–Page 2009: 237). Velaquí os casos de inversións sintácticas do corpus:

No hay atajo /sin trabajo.

Sin trabajo, no hay atajo. (RM)

Allà van leyes Do quieren reyes.

Do quieren reyes, allá van leyes. (RM)

Nuevo rey, nueva ley.

Rey nuevo, ley nueva. (RM)

No bebas agua qua no veas, Ni firmes carta que no leas.

Ni firmes carta que no leas ni bebas agua que no veas. (RM)

Tanto vales Cuanto tienes.

Cuanto tienes, tanto vales. (RM)

No se ha de mentar la sogá en casa del ahorcado.

En casa del ahorcado, no hay que mentar la sogá. (RM)

En casa del ahorcado no se ha de mentar la sogá. (RM)

3.3.3. Ampliación e/ou cambio sintáctico

A ampliación sintáctica consiste en aumentar a estrutura da paremia engadíndolle á paremia base unha nova parte. Con este procedemento, mentres un dos membros do refrán permanece invariable, o outro sofre (diversas) mutacións que xeralmente repercuten no significado global das expresións. Un tipo de ampliación recorrente é o cambio na categoría fraseolóxica, coa repetición sistemática dunha fórmula introdutoria nas locucións verbais (Sevilla e Martínez 2009: 138).

3.3.3.1. Adición dun novo membro

Con ajena mano sacar la culebra del horado.

El mal encantador, con la mano ajena saca la culebra. (RM)

El buey suelto, bien se lame.

El buey suelto bien se lame, pero mejor se lame uno a otro. (RM)

Si quieres ser bien servido, sirvete tu mismo.

De buenas intenciones esta el infierno lleno.

De buenos propósitos está lleno el infierno, y el cielo de buenas obras. (RM)

Amor de niño, agua en cestillo.

Agua en cesto, y amor de niño, y viento de culo, todo es uno. (RM)

No hay atajo /sin trabajo.

No hay atajo sin trabajo, ni rodeo sin pateo. (RM)

Haz bien, Y no cates a quien.

Siempre que puedas haz el bien, y no repares a quién. (RM)

Dádivas quebrantan penas.

Dádivas quebrantan peñas y hacen venir a las greñas. (RM)

Dádivas quebrantan peñas, y justicias, por más señas. (RM)

Dádivas y buenas razones, ablandan piedras y corazones. (RM)

La codicia rompe el saco.

Antes de que te cases, Mira lo que haces.

Antes que te cases mira lo que haces, ca no es ñudo que así lo desates. (RM)

Antes que te cases mira lo que haces, que no es ñudo que deshaces. (RM)

Sírvete a ti mismo, que serás bien servido. (RM)

La codicia rompe el saco, o quizá lo romperá donde no está. (RM)

Tanto vales Cuanto tienes.

Tanto vales cuanto has, y tu haber demás. (RM)

Tanto vales como has; cambio y quien más ha vale más. (RM)

Tanto tienes, tanto vales; no tiene nada, no vales nada. (RM)

A buena hambre, no hay pan duro.

A buen hambre no hay pan duro, ni falta salsa a ninguno. (RM)

Quien todo lo quiere, Todo lo pierde.

Quien todo lo quiere, todo lo pierde; y si no es conocido, hasta es perdido. (RM)

Por el hilo se saca el ovillo.

Por el hilo sacarás el ovillo, y por lo pasado lo no venido. (RM)

Por el hilo se saca el ovillo, y no quiero yo decillo. (RM)

Por el hilo se saca el ovillo, y por pasado, lo perdido. (RM)

Mañana sera otro día.

Mañana será otro día, y verá el tuerto los espárragos (RM)

Mañana será otro día, cabeza pelada y panza fría. (RM)

Ládreme el perro, y no me muerda.

Ládreme el perro, y no me muerda, y echarle he la cuerda. (RM)

Miedo guarda viña.

Miedo guarda viña, que no viñadero. (RM)

3.3.3.2. Substitución dun membro

A río revuelto, ganancia de pescadores.

A río revuelto, provecho de pescadores. (RM)

En río revuelto, pesca abundante. (RM)

Quien tropieza y no cae, En su paso añade.

El que tropieza y no cae, adelanta camino. (RM)

Quien tropieza y no cae, el camino adelanta. (RM)

Quien tiempo tiene y tiempo atiende, Tiempo viene que le arrepiente.

Quien tiempo tiene y tiempo espera, tiempo viene que el diablo le lleva. (RM)

Quien tiempo tiene y tiempo aguarda, pues no merece silla, échenle albarda. (RM)

Quien tiempo tiene y tiempo aguarda, si no sufiere silla, échenle albarda (RM)

A Dios rogando, y con el mazo dando.

Rezando, rezando, y con el mazo dando. (RM)

Quien con lobos anda, a ahullar se enseña.

Quien con lobos anda, al año aúlla. (RM)

Al loco y al aire, darle calle.

Al loco y al toro, déjales el coso. (RM)

Quien enferma de locura, o sana tarde, o nunca.

Quien enferma de locura, no tiene cura. (RM)

Donde menos se piensa, se levanta la liebre.

Cuando menos se piensa, muerde el pez el anzuelo. (RM)

Quien no se aventura, no pasa la mar.

Quien no se aventura, no ha ventura. (RM)

Quien no se aventura, no gana. (RM)

Haz bien, Y no cates a quien.

Haz mal y guárdate. (RM)

Al medico, confesser, y letrado, No le hayas engañado.

Al médico, confesor y letrado, hablarles claro. (RM)

A Dios rogando, Y con el mazo dando.

A Dios rogando y al macho dando. (RM)

Cuando a Roma fueres, haz como vieres.

En la tierra donde vinieres, haz lo que vieres. (RM)

Al lugar que fueres, haz lo que viere. (RM)

En casa del herrero, cuchillo de palo.

En casa del herrero, asador de madero. (RM)

Quien a su perro quiere matar, Rabia le ha de levantar.

Quien a su can quiere matar, levántale que quiere rabiar. (RM)

3.3.4. Acurtamento sintáctico

O acurtamento sintáctico consiste en suprimir unha parte da paremia; xeralmente suprímese a segunda parte da UF. Esta transformación adoita producirse polo coñecemento institucionalizado ou polo esquecemento unha parte da expresión.

La pobreza no es vileza, mas es madre de picardia.

Pobreza no es vileza. (RM)

Do estudo das variantes sintácticas das paremias que acabamos de presentar, destaca o predominio dos cambios operados a nivel da ‘ampliación e/ou cambio sintáctico’, cuxo número e porcentaxe (122 transformacións, o que supón o 38,34% do total) triplica o resto das alteracións sintácticas. É preciso sinalar que, de todas estas variantes sintácticas, é a alteración que ten máis repercusións na semántica das paremias, posto que o segmento que se engade, introducido xeralmente na segunda parte da unidade, adoita achegar unha información nova que amplía o significado do segmento de partida.

As inversións sintácticas e os acurtamentos sintácticos, en cambio, á parte de ser procesos pouco frecuentes no corpus, desenvolven mecanismos diferentes aos das ampliacións e cambios sintácticos, porque en xeral, con eles non se operan moitas modificacións no

sentido das paremias. A supresión de elementos dunha parte da paremia pode destruír o seu significado e así dificultar a súa comprensión (Barta 2006: 58).




Figura 4. Cadro sinóptico do tipo de variacións sintácticas no corpus

4. Conclusións

A análise das variantes realizada neste artigo pon de manifesto a diversidade das alteracións que poden sufrir as paremias españolas. As devanditas alteracións sintácticas nas paremias non adoitan ser casuais, é dicir, a maioría está institucionalizada, consolidada por completo na lingua e é de sobra coñecida polos falantes; polo tanto non se perciben como construcións estrañas.

Como puidemos observar coas variantes ortográficas, só o 5,5% do total dos 572 termos estudados son palabras en desuso. Entre estes termos analizados, son os verbos e os substantivos (cun 47% e un 30% respectivamente) os que experimentan unha maior variación, contrariamente aos adxectivos e os adverbios, con só un 13% e un 10% cada un. A pesar de que estas palabras pertencen ao tipo de vocábulos en desuso, a gran maioría compréndese perfectamente polo feito de ter unha grafía moi parecida á do español actual. Polo tanto, podemos entender o sentido das paremias que conteñen os vocábulos en cuestión.

En canto ás variantes léxicas, que representan un 38,98% do total das unidades fraseolóxicas do corpus, son moito máis numerosas que as variantes ortográficas. Ademais, púidose constatar que as súas modificacións teñen lugar a nivel de practicamente todas as categorías gramaticais, incluíndo os verbos e a súa conxugación, sendo os cambios de substantivo, verbo e pronome as variantes máis frecuentes. Pódese dicir que tal cantidade de variantes léxicas ten sentido posto que ao tratarse só de palabras, o compoñente máis curto da unidade fraseolóxica, son máis dadas a experimentar cambios contrariamente a un conxunto de elementos.

Coa análise das variantes sintácticas do corpus estudado, comprobamos o claro predominio das variacións a nivel da ampliación e/ou cambio sintáctico, que triplican o resto das alteracións sintácticas ao sumar un total de 122 transformacións, é dicir, un

38,34% do total do noso corpus. Cabe destacar que a ampliación e/ou cambio sintáctico é a alteración que máis repercute na semántica das paremias. De certo, a parte que se engade maioritariamente no segundo segmento da UF engade nova información ao ampliar o sentido da unidade de partida. Por último, a nosa análise das variantes sintácticas puxo de manifesto a pouca cantidade de inversións e acurtamentos, o que se explica porque, polo xeral, esas alteracións non achegan moitas modificacións no sentido das paremias.

Con este traballo intentamos achegar a maior cantidade de información posible sobre as variacións que pode sufrir unha UF ao longo da súa historia e uso a través do paremiógrafo Charles Cahier ao ofrecer un gran número de paremias españolas no seu repertorio. Esa información resulta altamente necesaria con miras á elaboración dun proxecto como o *Refranero Multilingüe* que ten como obxectivo difundir e promover o español a través das paremias. Finalidade que non sería posible sen a elaboración de fichas paremiolóxicas que teñen en conta todos os elementos da evolución formal das UFs ao longo dos últimos séculos.

5. Referencias bibliográficas

- BARTA, Peter (2005): “Au pays des proverbes, les détournements sont rois. Contribution à l’étude des proverbes détournés du français (I)”, *Paremia* 14: 61-70.
- BARTA, Peter (2006): “Au pays des proverbes, les détournements sont rois. Contribution à l’étude des proverbes détournés du français (II)”, *Paremia* 15: 57-71.
- CASARES, Julio ([1950]1992): *Introducción a la lexicografía moderna*, 3ªed. Madrid: CSIC.
- CASTILLO CARBALLO, María Auxiliadora (1997): *Unidades Pluriverbales en un Corpus del Español Contemporáneo*. Servizo de Publicacións da Universidade de Málaga.
- CORPAS PASTOR, Gloria (1997): *Manual de fraseoloxía española*. Madrid: Gredos D.L.
- FERNÁNDEZ MARTÍN, Patricia (2014): “Perífrases verbais con valor deóntico no discurso paremiolóxico: una perspectiva diacrónica”, *Cadernos de fraseoloxía galega*, 16: 61-92.
- GARCÍA-PAGE SÁNCHEZ, Mario (1991): “A propósito de la ‘ruptura del sistema formado por una frase hecha’”, *Notas y Estudios Filológicos*, 6: 71-101.
- GARCÍA-PAGE SÁNCHEZ, Mario (1992a): “La ruptura del ‘discurso repetido’ en poesía”, en *Scripta Philologica*. In Honorem Juan M. Lope Blanch, México: UNAM, III: 231-244.
- GARCÍA-PAGE SÁNCHEZ, Mario (1992b): “Lengua y estilo del Refranero: repetición y (re)creación”, *Anuario de Letras*, 30: 89-131.
- GARCÍA-PAGE SÁNCHEZ, Mario (1992c): “Lenguaje escrito y lenguaje ‘visual’: signos e imágenes. (Su interacción semiológica en el lenguaje publicitario)”, en *Investigaciones Semióticas IV*, Madrid: Visor, I: 379-388.

- GARCÍA-PAGE SÁNCHEZ, Mario (1993a): “Texto paremiológico y texto poético (el ejemplo de Gloria Fuertes)”, *Paremia*, 1: 45-53.
- GARCÍA-PAGE SÁNCHEZ, Mario (1993b): “La función lúdica en la lengua de los refranes”, *Paremia*, 2: 51-58.
- GARCÍA-PAGE SÁNCHEZ, Mario (1997): “Propiedades lingüísticas del refrán (II): el léxico”, *Paremia* 6, 275-280.
- GARCÍA-PAGE SÁNCHEZ, Mario (2008): *Introducción a la fraseología española. Estudio de las locuciones*. Barcelona: Antropos Editorial.
- GARCIA YELO, Marina; GARCÍA JOVE, M^a Ángeles (2008): “El léxico en las paremias clásicas o populares del Quijote”, en J. Sevilla, M. I. T. Zurdo e C. Crida eds. *Los refranes y el Quijote*. Atenas: Ta kalós keímena, 145-166.
- GONZALEZ REY, Maribel (2002): *La phraseologie du français*. Toulouse: Presse du Mirail.
- GREIMAS, Algirdas Julien (1973): “Los proverbios y los dichos”, en *En torno al sentido*. Madrid: Fragua, 355-363 (trad. esp. de “Les proverbes et les dictons”, en (1970): *Du sens. Essais sémiotiques*. Paris: Seuil, 309-314, A versión reducida de (1960): “Idiotismes, proverbes, dictons”, *CLeX*, 25/2: 41-61).
- GROSS, Gaston (1996): *Les expressions figées en français: noms composés et autres locutions*. Editions OPHRIS.
- GROSS, Maurice (1982): “Une classification des phrases ‘figées’ du français”, *Revue québécoise de linguistique* vol. 11, n° 2, 151-185. (<http://id.erudit.org/iderudit/602492ar>).
- MEJRI, Salah (2009): “Figement, défigement et traduction”, MOGORRÓN HUERTA, P. y MEJRI, S. (dirs.): *Fijación, desautomatización y traducción figement, défigement et traduction*. Rencontres Méditerranéennes, 2. Universidade de Alicante, 153-163.
- MENA MARTINEZ, Florentina (2002): *La desautomatización de las paremias inglesas por sustitución: un estudio cognitivo*. Universidade de Murcia.
- MOGORRÓN HUERTA, Pedro; MEJRI, Salah (dirs.) (2009): *Fijación, desautomatización y traducción figement, défigement et traduction*. Rencontres Méditerranéennes, 2. Universidade de Alicante.
- MONTORO DEL ARCO, Estéban Tomás (2005): *Aproximación a la historia del pensamiento fraseológico español: las locuciones con valor gramatical en la norma culta*. Tesis doctoral. Granada: Universidade de Granada. (<http://digibug.ugr.es/bitstream/10481/677/1/15476893.pdf>).
- RIERA RUBIO, Caterina (2009): “Estudio de la sintaxis de las paremias a partir de refranes de los meses del año”, *Repositori.upf.edu*, 1-27.
- RUIZ GURILLO, Leonor (1997): “Relevancia y fraseología: la desautomatización en la conversación coloquial”, *Español Actual*, 68: 21-30.
- RUIZ GURILLO, Leonor (1998): “Una clasificación no discreta de las unidades fraseológicas del español”, Wotjak, G. (ed.), *Fraseología y fraseografía del español actual*, 13-38.

- SARDELLI, Maria Antonella; JARILLA BRAVO, Salud (2009): “Las variantes léxicas en las locuciones verbales del italiano actual”, en MOGORRÓN HUERTA, P. e MEJRI, S. (dirs.): *Fijación, desautomatización y traducción figement, défigement et traduction*. Rencontres Méditerranéennes, 2. Universidade de Alicante, 21-45.
- SEVILLA MUÑOZ, Julia; CRIDA ÁLVAREZ, Carlos (2013): “Las paremias y su clasificación”, *Paremia*, 22: 105-114.
- SEVILLA MUÑOZ, Julia; MARTÍNEZ, Béatrice (2009): “Las paremias francesas y sus variantes formales, en MOGORRÓN HUERTA, P. y MEJRI, S. (dirs.): *Fijación, desautomatización y traducción figement, défigement et traduction*. Rencontres Méditerranéennes, 2. Universidad de Alicante, 131-142.
- ZULUAGA OSPINA, Alberto (1980): *Introducción al estudio de las expresiones fijas*. Frankfurt am Main: Peter Lang, 121-134.

Novas catas no campo nocional dos peixes e outros animais mariños¹

New tastings in the notional field of fish and other marine animals

María do Rosario Soto Arias

IES Eusebio da Guarda da Coruña

Resumo: Neste artigo estudaremos varios aspectos da fraseoloxía do campo nocional dos peixes e outros animais mariños. Observaremos que neste eido hai un claro predominio de locucións significantes, con núcleos léxicos; veremos tamén que se establece un alto número de variantes sinonímicas, e analizaremos aqueles recursos máis produtivos á hora de xerar variantes fraseolóxicas, como son a imaxe e a metáfora e metonimia. Finalmente tiraremos algunhas conclusións relativamente importantes: a fraseoloxía deste campo nocional é un óptimo paradigma para establecer relacións de semellanza con outros niveis lingüísticos.

Palabras clave: fraseoloxía, peixes, comparanza, metáfora, xeración de variantes.

Abstract: In this article we will study several aspects of the phraseology of the notional field of fish and other marine animals. We will observe that in this field there is a clear predominance of significant locutions, with lexical nuclei. We will also see that a high number of synonymous variants are established, and we will analyze those more productive resources when it comes to generating phraseological variants, such as image and metaphor and metonymy. Finally, we will look at some relatively important conclusions: the phraseology of this notional field is an excellent paradigm to establish similarities with other linguistic levels.

Keywords: phraseology, fish, comparison, metaphor, generation of variants.

1. Introducción

Seguimos un camiño que xa iniciaron outros (Rivas Domínguez 2000; Martínez e Veiga 2010, por poñer dous casos sobranceiros) levados por varias razóns: unha non desprezable é a orixe, a crianza na beira do mar Atlántico; outra, os modelos previos que nos moveron a continuar; unha terceira, a riqueza inabarcable deste campo nocional, os valores inherentes ao propio obxecto de estudo. Guiarémonos, na medida do posible,

¹ Data de recepción: 30.08.2018. Data de aceptación: 08.11.2018.

por un par de presupostos: toda materia lingüística parte ou ten a súa causa primeira na realidade vivida, na experiencia humana: se isto é verdade, inda se fai máis evidente coa fraseoloxía do mar. Todas ou a inmensa maioría de unidades lingüístico-fraseolóxico-paremiolóxicas que veremos foron xeradas da man e da mente dun ser humano traballador común e corrente, e non dun lingüista ou dun home de letras. Doutra banda, e dadas as particulares condicións sociolingüísticas do noso país, Galicia, faremos abstracción de factores tales como o grao de idiomatización e o grao de localismo extremo de moitas das unidades fraseolóxicas obxecto de estudo: respondemos así a un intento de democratización lingüística: igualamos localismos con unidades dun maior grao de universalidade como método xenerativo de novas oportunidades de vida útil e perdurable para esas expresións fraseolóxicas. Outra premisa fundamental, e sirva esta observación para captar a benevolencia do lector especializado, é que participaremos en determinada medida dun concepto *ancho* da fraseoloxía (con palabras de García-Page 2008, de aí que integremos algunhas paremias e frases proverbiais á par das unidades fraseolóxicas).

Este campo nocional caracterízase, en principio, por unha tríade de trazos básicos: 1º. A oposición a outros campos nocionais. 2º. É altamente produtivo en variantes sinonímicas (ou en variantes e sinónimos), e préstase sobre todo a elucubracións de tipo semántico. 3º. E relacionado co trazo anterior, hai nel un claro predominio de *locucións significantes* (García-Page 2008: 218), verbais ou oracionais, con compoñentes léxicos ou palabras léxicas.

Parémonos un momento no primeiro trazo. Parece posible deseñar unha especie de isoglosa semántica entre a linguaxe fraseolóxica do mar, da costa, e a do interior, como en ocasións parece facedeiro opoñer o mundo da pesca ao da caza (*marear o peixe* / VS/ *marear a perdiz*; (*ser*) *un bo peixe* /VS/ (*ser*) *unha boa peza*). Pero este enfoque, esta formulación, esixe moito máis traballo de campo ca aquel do que actualmente, polo menos nós, dispoñemos e coñecemos. Por exemplo, sabemos que no país de Deza, alí onde din *nin rabos/farrapos de gaita*, dificilmente ou nunca dirían *nin rabos de peixe*. No interior de Galicia, onde normalmente se di *morra o conto e veñan netos!*, dificilmente ou nunca dirán *morra o conto e veñan fanecas!* O galego rodeado de searas exclamará *aínda non está a espiga na man* naquel contexto en que o mariñeiro di *non botes aínda o peixe ao mar...* Pero, e viceversa? Un falante das nosas costas que diga normalmente *moito peixe rompe a rede*, non dirá ou acaso non coñecerá a frase proverbial sinonímica *a cobiza racha o saco*? quede aberta esta porta para posteriores estudos. A nosa presuposición é que nun alto número de casos as variantes mar/terra coexisten. A existencia destas unidades fraseolóxicas que sen ánimo de precisión científica podemos denominar ictiolóxicas responde á mesma concorrencia no sistema das variantes ou variedades diatópicas: son asimilables, xa que logo, aos xeofraseoloxismos, e, polo de agora e salvo excepcións, non as debemos considerar –cando hai oposición: cando teñen un correlato non ictiolóxico- como variantes en distribución complementaria, senón como *variantes non restrinxidas* (Núñez 2013: 255) das correspondentes UFs non ictiolóxicas.

2. Estudo

2.1. As variantes sinonímicas

A sinonimia establece conxuntos de unidades interrelacionadas. Esa interrelación axúdanos moitas veces a identificar núcleos léxicos en caso de ambigüidade ou de homonimia. Por exemplo, na UF *ter máis cara ca un lorcho*, temos *lorcho* ‘peixe’ ou ‘galorcho’? O paralelismo entre esa UF e outras que coexisten no sistema axúdanos a resolver a cuestión. *Ser lavado coma as pedras do río e ter máis cara cás pedras do río*, que inciden no sema ‘dureza’, explican a presenza neste paradigma sinonímico doutras UFs como *ter a cara máis dura cá sola dun zapato*, e *ter a cara coma un zapato*. O núcleo léxico *zapato* e a voz *lorcho* ‘galorcho’ son sinónimos e, con iso, concluímos rexeitando a suposición de que *lorcho* na UF *ter máis cara ca un lorcho* se refira ao peixe. Outro caso: *ter arolas* usada con valor ponderativo (equivale a *ter que se lle diga*). Se repasamos o correspondente paradigma sinonímico (*ter alma*, *ter perendengues*, *ter cochínfanos*, *mandar/ter collóns*, *mandar carallo/nabo*, *roncarlle/zumbarlle o mango*, *mandar forza*) vemos que na maioría dos sinónimos predomina un compoñente somático-sexual, e iso lévanos a seleccionar, de entre as acepcións posibles da voz *arola* (molusco de pouco valor) aquela que a fai sinónima de *navallón*, pola clara asociación coa *navalla* e as connotacións sexuais que leva emparelladas –no cancionero, por exemplo²–. Unha das variedades deste molusco é coñecido como *carallo de rei*; ao longueirón –sinónimo da *navalla*– chámanlle *carallote* e *carallete* (DdD). Un terceiro exemplo témolo con *dar unhas parrochas* ‘dar castigo físico’: para desfacer a polisemia de *parrocha* revisamos o paradigma de variantes sinonímicas para esa UF: gal. *dar para peras/dar a castaña*, cast. *dar para castañas/peras*, *dar una castaña/galleta/torta*, e á vista das variantes nas que a metáfora para o golpe ou labazada está baseada no campo nocional dos alimentos, concluímos que a *parrocha* da UF analizada é o peixe, sen deixar de considerar que a selección deste peixe e non outro poida estar condicionada pola paronomasia con *chaparreta*. Analicemos aínda un par de casos máis: En *chirla* (na frase *auga chirla*, DdD), temos unha voz de orixe expresiva carente de significado léxico concreto (opción pola que se inclina o DLE na entrada *chirle*) ou temos o molusco bivalvo parecido á ameixa? Nós decantámonos polo segundo. Si son claramente expresivas as frases producidas no español de América: *agua chirria/de chirre/de churre* (DA, s. v. *agua*), xa perdida a noción da palabra *chirla* ‘molusco’, e dada a dificultade de pronunciar o grupo -rl-. Favorece a nosa opción o feito de termos máis casos en que este tipo de augas insubstanciais, proclives a tomar usos figurados, para aludir sempre a cousas de pouco valor, van acompañadas de nomes do campo nocional que nos ocupa: *auga de bacallau/água(s) de bacalhau* e *auga de ourizos/urisos* (Domínguez Rial 2011: 309) no ámbito galego-portugués. E en El Salvador documentamos *agua de cangrejo* co mesmo

² A este respecto lemos nun estudo sobre o cancionero popular: “O “coitelo”, instrumento punzante, é símbolo do órgano sexual masculino (raramente é designado de forma explícita); o mesmo simbolismo encerran “navalla” (...)” (Caseiro 2002: 27).

valor (DA, s. v. *agua*)³. Debe constar o feito talvez condicionante de que todos estes elementos mariños se cocen sempre na auga como paso previo á súa inxestión. E conste tamén que nin as chirlas nin os ourizos (polo menos tradicionalmente⁴) foron apreciados nesta terra. Igualmente, o bacallau noutroa, cando era moi abundante, era considerado comida de pobres. Examinemos un último caso: na UF *estar coma un pancho* ‘estar farto, cheo de comida’ existen dúbidas sobre *pancho*: ou ben é o nome do peixe ou ben é o adxectivo substantivado que concorre en frases como *quedar tan pancho* ‘quedar tan tranquilo’ ou *facer o meu pancho* ‘saciar a fame’⁵, frases onde *pancho* parece ter como referente extralingüístico un ser humano pachorrento, preocupado só por encher a andorga, a panza. Porén, a sinonimia que se establece con outros animais mariños fai que nos decantemos pola identificación co peixe: (*cheo*) *coma un centolo/coma unha centola/coma unha nécora* ‘moi cheo de comida, moi farto’.

Na inmensa maioría de casos en que unha UF ictiolóxica entra en relación sinonímica con outra UF allea a ese campo nocional, esta adoita ser máis coñecida ou de uso máis frecuente ca aquela. Pero hai excepcións. Sinalemos catro casos excepcionais e paradigmáticos: 1°. *coma peixe na auga* acada un grao de idiomaticidade e universalidade sen parangón posible cos seus sinónimos (parciais) *coma rato no queixo/coello na verza*, e igual sucede con (áxil) *coma un peixe* /VS/ (áxil) *coma un esquío/unha ave/denociña/donicela/denosña*. 2°. *Pola boca morre o peixe*, sen parangón posible co uso e idiomaticidade con respecto aos seus sinónimos posibles (máis sentenciosos, máis abstractos e moito menos plásticos e expresivos, e xa que logo, de máis difícil memorización e menor grao de popularidade, salvando quizais a excepción de *en boca pechada non entran moscas*). 3°. (*apertados*) *como (as) sardiñas (de canastra/en banastra/en lata etc.)* é unha UF moito máis coñecida e usada ca calquera dos seus posibles sinónimos. 4°. *O peixe grande come o pequeno*: verdadeiro exemplo de frase proverbial ou paremia sumamente estendida no mundo⁶ e insubstituíble. Salvo o hipónimo ao que nos referiremos logo, non lle coñecemos sinónimos.

Os expertos en fraseoloxía adoitan distinguir entre *variantes* e *sinónimos*. Do primeiro tipo sirvan de exemplo, sen ánimos de sermos exhaustivos: *arriar/soltar a xarda* ‘soltar

³ No Brasil água de caranguejo ‘água em que se lavou uma pessoa muito suja’ (<http://michaelis.uol.com.br/busca?id=a9Vl>) [Data de consulta: 20/08/2018].

⁴ Hai excepcións: por exemplo, Rivas Domínguez (2016: 165) afirma que na Mariña luguesa foi o ourizo ou urizo sempre moi apreciado para comer.

⁵ TiLG: *Con esto fago o meu pancho, a Nación que a leve o Demo, á conciencia non lle temo*, texto de F. Pol; aínda está máis claro un valor aproximado de ‘andorga chea’ nestoutro exemplo: *Pois as compañas desfáñse dempois qu’o pancho está feito*, de B. Losada.

⁶ Na ficha *El pez grande se come al chico* do *Refranero multilingüe* (Sevilla e Zurdo 2009) podemos ver o paralelismo desta frase proverbial coas correspondentes ao catalán, vasco, alemán, grego, italiano, húngaro, portugués, ruso; pola nosa banda, nós podemos engadir que tamén se di en semellantes termos en chinés –información recibida de varias alumnas nosas chinesas–, e romanés, así como en inglés –*Big fish eat little fish*, Fergusson e Law 2000: 82–, en xudeu-español –*Pescado grande englute al chico*, en Foulché-Delbosc 2006: 65–, en libanés –*Ssamak libbūr byēkul ššgūr* ‘Os peixes grandes comen os pequenos’, en Samadi 2013: 216–. Conde (2001: 45, nota 10) dá fe da antigüidade do refrán, lembra que xa aparece nun episodio do *Mahabharata*.

os cartos’, *cheo como un centolo/unha centola, coma sardiñas en banastra/en lata* etc.; do segundo tipo: *andar coa troita/estar nas patacas, botar máis borro ca un choco/ser máis embusteiro ca Turpín, Pola boca morre o peixe/En boca pechada non entran moscas* etc. Pero non sempre é doado diferenciar, e por iso, na listaxe que ofrecemos a continuación usaremos ‘a manga ancha’, o criterio *ancho*. Vexamos agora unha mostra inequívoca da riqueza do campo nocional que nos ocupa: basicamente son na inmensa maioría casos de sinonimia externa ou interfraseolóxica (García-Page 2008: 398 e ss.). Nós distinguiremos dous grandes grupos.

2.1.1. Variantes sinonímicas dentro do campo nocional

A quen en maio come sardiña, en agosto lle pica a espiña; Peixe de maio, que o parta o raio (estas frases proverbiais indican que en maio hai peixes que non están en sazón).

andar ás minchas/coa troita ‘estar despistado’.

*¿Araña do mar? Vento e chuvia; Delfín que moito salta, vento espera, que non espanta*⁷ (a vista deses animais mariños prognostica vento).

*arriar a *pescadilla/a xarda* ‘soltar os cartos’.

auga de bacallau/de ourizos/de urisos ‘cousa sen importancia ou inútil’.

boca de escacho/de raia ‘boca grande’.

*Brétema en Padornelo, sardiña no garabelo; Tempo de riada, berberecho na *falda*⁸ (a vista de determinados fenómenos atmosféricos prognostica peixe).

caer coma un peixe/coma un choco ‘caer con todo o peso do corpo’.

cheo coma un centolo/coma unha nécora ‘cheíño, fartuco’.

*colorado coma un escacho*⁹/*coma un cangrexo* ‘moi colorado’

*coma a troita/un cigallote*¹⁰/*unha anguía/unha eiroa* (pondera o ser escorregadizo).

coma arenques nun casco, coma as xoubas nas canastas, coma peixe en tixela, coma sardiñas/xoubas en lata, ‘apertados’.

durmir coma un peixe/un pancho ‘durmir moi ben’.

estar coma a sardiña entre dous gatos/coma o peixe entre os gatos/coma o peixe na tixela/coma sardiñas na lercha ‘estar en apuros’.

⁷ Vázquez Saco 2003: 497; Rivas Domínguez 2015: 86.

⁸ Vázquez Saco 2003: 497; Rivas Domínguez 2015: 86.

⁹ Informante de Porto do Son (A Coruña).

¹⁰ Rivas Domínguez (2015: 109). O cigallote é un congro delgado e pequeno.

estar coma un centolo/coma o rodaballo de Marín/coma un congro/coma un robalo, traer unha lura/unha merluza ‘estar borracho’.

estar coma a sardiña pola punta do rabo/coma o bacallau (polo rabo)/coma un arenque/coma un rabo de bacallau/coma un xirelo/coma un xurelo/coma unha anguía/coma unha quenlla, ser cativa coma unha arola, ser unha faneca da oca ‘estar ou ser delgado’.

estar coma unha foca, estar gordo coma unha balea, ser un arroaz ‘estar gordo’.

estar mantido a ostras, comer arolas ‘comer mal, estar mal mantido’.

facen os cambos antes cás fanecas/cós xurelos, facen os cambos dos polbos antes de pescalos ‘adiantarse, precipitarse’.

*feo coma un escacho*¹¹, *máis feo ca unha nécora de cu* ‘moi feo’.

*Hai fanecas/xurelos na ría*¹² (dise cando a alguén lle proe ou alguén raña no traseiro).

ir aos berberechos/aos panchos (dise cando un leva os pantalóns moi curtos¹³).

*listo coma unha lura*¹⁴, *fino coma un arroaz* ‘agudo, espelido’.

Mal peixe non se pesca, Todo o que cae na rede é peixe, Todo o que veña á rede peixe é ‘non hai nada tan malo que non poida ser aproveitado’.

mazado coma un choco/un polbo ‘moi canso’.

meter unha boa xarda/unha boga ‘enganar’.

*mouro coma un cazón*¹⁵, *negro coma un mexillón* ‘moi escuro ou moi negro’.

*nadar coma un peixe/coma un muxe*¹⁶ ‘nadar moi ben’.

Non se pillan troitas a bragas enxoitas, O que queira budiós ten que mollar os collós, Para pescar o rodaballo hai que mollar o carallo ‘non se conseguen bos logros sen esforzo’.

¹¹ Informante de Corme (A Coruña).

¹² A frase *Hai fanecas na ría* dise en Carnoedo-Sada (A Coruña).

¹³ A frase *Que, vas aos berberechos?*, que se lle di a alguén que leva o pantalón curto ou remangado, é de informantes de Labañou-San Pedro de Visma (A Coruña). Na nosa familia coruñesa sempre oímos *Vas aos panchos?*, ou *Quédanche/estanche para os panchos*, sobre todo se a un lle queda pequeno o pantalón.

¹⁴ Informante de trinta e tantos anos de Muros (A Coruña). Repetiu nos a frase, usando a variante co verbo *ser* –“é unha lura”– e en ningún momento castelanizou o nome do cefalópodo.

¹⁵ Francisco Lanza: “Falan os de Ribadeo”, *Nós*, nº 114. En castelán documentamos *más retinto que el cazón*, na obra de F. Guerra Navarro, CORDE. Neste mesmo artigo da revista *Nós* documentamos tamén *Centola me coma!*

¹⁶ A frase *nadar coma un muxe* documentámolo en Lugris Freire (Nicolás 2009: 35). En Canarias documéntase *nadar como un sargo* (F. Guerra Navarro, CORDE).

(Non) todo no mar son fanecas, (Non) todo o mar é peixe, (Non) todo son fanecas ‘non todo é doado’.

ollos breques, ollos de bíciga/de budión/de pota, (ter) os ollos coma unha nécora ‘ollos saltóns’.

pelar coma un cazón/un melgacho (pondera a acción de esfolarse).

picar coma a troita/coma o pancho, picar o peixe ‘caer nun engano’.

picar coma a troita, tragar coma un corvo a unha solla (indica credulidade).

estar mollado coma unha troita, poñerse coma un maragoto ‘mollarse moito’.

ser a sardiña sempre para alguén, cortar alguén o bacallau (indica preeminencia).

Quítalle quilos á faneca/toros ao congro ‘non esaxeres’.

*roncar coma un sanmartiño/coma un pirlón*¹⁷ ‘roncar moito’.

ser agarrado coma unha lapa/coma unha lura, ser un faneco/un nécora ‘ser agarrado, cutre’.

ser bruto coma un arroaz/un cachalote ‘ser moi bruto’.

ser coma un bigaro/un chícara/unha mincha ‘ser moi pequeno’.

*ser máis lavado cós peixes do mar, ser mazado coma un polbo, ser un cara de escacho*¹⁸ ‘ser descarado’.

ser peixe de pouca sonada, non valer o rabo dunha sardiña, non valer unha mincha/unha sardiña ‘valer moi pouco’.

ser (un) lura/luras/un nécora(s) ‘ser un aproveitado, preeiro’.

ser unha xouba, ser coma unha anguía (dise da persoa escorregadiza, pouco fiable ou falsa¹⁹).

ter a boca coma unha rabada, ter boca de escacho ‘ter unha boca moi grande’.

ter a pel máis dura ca un melgacho, ser tan duro coma un cazón (sinonimia parcial: a primeira UF refírese á dureza física da pel, mentres que a segunda ten un uso figurado e ámbito de aplicación amplo).

ter beizos de budión/bico de maragoto/fuciños de melca ‘ter os beizos carnosos’.

2.1.2. Agrupamentos de sinónimos con membros fóra do campo nocional

A bordo, que hai palometa; Ánimo, tripas, que hai un corno a cocer (expresión con que se anima a entrar, e por extensión, a facer algo).

¹⁷ Rivas Domínguez (2015: 218). O pirlón é unha especie de escacho.

¹⁸ A frase *ser un cara de escacho* ‘un desvergonzado’ aparece na obra de V. Taibo *Agra aberta* (TILG).

¹⁹ A frase *ser unha xouba* facilitounola a nosa colega Beni Vidal, natural de Portosín.

A do badexo, Bo proveito (a expresión mariñeira é de carácter lúdico).

*andar aboiado coma peixe na ría/coma *corcho nunha rilleira* ‘andar desorientado’.

andar coa troita, estar ás moscas, estar na horta/nas patacas/nas pavías ‘estar despistado’.

andar á lapa/á quellamandrúa/á cazola prestada ‘vivir a conta dos outros’.

apegarse coma un arneirón/un lámparo/unha lapa/unha lendia/unha sambesuga ‘apegarse con forza e/ou con insistencia’.

*apuntar na folla do bacallau*²⁰, *(mercar) ao fiado* ‘mercar algo deixándoo a deber’.

armarlle ao pancho/ao merlo ‘armar lea, meterse en problemas’.

arriar/soltar/zurrichar a xarda, arriar/soltar/zurrichar a galiña ‘pagar, dar cartos xeralmente contra a vontade do pagador’.

boca de escacho, boca coma un burro/canastro/galorcho ‘boca grande’.

botar máis borro ca un choco, ser máis embusteiro ca Turpín ‘dicir mentiras’.

(brazos) coma congros/coma toros (de árbore/de carballo) ‘moi grosos’.

brincar coma a sardiña na rede/coma un xovenco (pondera a acción de brincar).

Cada un arrima a brasa para a súa sardiña, Cada un leva a auga ao seu muiño ‘cada un procura a comenencia propia’.

Cada sardiña ten a súa espiña, Non hai sardiña sen espiña, Non hai rosa sen espiñas ‘non hai ben completo, sempre hai unha contrariedade’.

caer coma un peixe/coma un bazuncho/un cesto ‘caer con todo o peso’.

cantar o peixe, dar voces ‘vocear, pregoar’.

Canto máis burro, máis peixe; O peor porco come a mellor landra ‘favorece a fortuna a quen menos o merece’.

cara de faneca/de brétema ‘mala cara’.

Centola me coma!, Cóname o cuzo!, O demo me leve! (expresión imprecatoria ou aseverativa).

(cheo/farto) coma un centolo/unha centola/coma un odre/un pélogo/un peto/un vórtigo ‘moi cheo, moi farto’.

cheirar ao caramuxo/ao verroallo, cheirar coma un bubelo/un castrón/unha algaria ‘cheirar mal’.

²⁰ A frase *apuntar na folla do bacallau* é de informantes de Baiona.

(colorado) coma un escacho/un pemento ‘moi colorado’.

coma sardiñas en banastra, coma (un) piollo na costura ‘moi apertado(s)’.

coma sardiña en salmoira, (triste) coma a noite ‘moi amorriñado’.

comer sardiña e arrotar pescada²¹, ter moita terra na Habana ‘aparentar sen ter, querer aparentar máis do que un é’.

Con paciencia e con saliva, un cangrexo come unha xiba; Ao seu tempo maduran as uvas ‘todo o logra o tempo’.

De novo galiña, de vello sardiña; A mocidade folgada trae a vellez arrastrada; O que de novo non traballa, de vello dorme na palla ‘cómpre traballar cando un é novo para ter unha boa vellez’.

dar unhas parrochas, dar para peras (úsase como ameaza de castigo físico).

derreterse coma o gato polo peixe/coma o gato polo leite (pondera un sentimento intenso ou derretemento).

durmir coma un peixe/coma un cepo/coma unha pedra ‘durmir moi ben’.

trocar a vaca pola sardiña, cambiar os ollos polo rabo ‘facer un cambio desvantaxoso’.

estar amaraghotado²², andar co maio ao lombo ‘estar aparvado, abatido’.

estar (borracho) coma un congro/coma un bocoi/coma un cesto/coma un coiro ‘estar bébedo’.

estar coma o peixe fóra da auga/coma galiña en curral alleo ‘sentirse incómodo nun ambiente estraño’.

estar coma (o) peixe na auga/coma o rei nunha cesta/como quere ‘estar cómodo, estar ben’.

estar coma un xurelo/coma unha espiña/coma unha estriga/coma unha lombriga ‘estar fraco’.

estar no peixe²³, irlle a auga polo rego, soprarlle o vento de cara, ter a sorte de cara ‘ter sorte, serlle a alguén a ocasión favorable’.

²¹ No ámbito hispano noroccidental, documentamos unha variante próxima desta frase proverbial, na fala de amigos salmantinos, naturais de Sancti Spiritus: *Comer morcilla y regüeldar chorizo*. A frase hispana pasou a América, onde xera variantes asentadas na nova realidade: *Comer frijoles y eructar pollo* (DA, s. v. *comer(se)*).

²² Información procedente de Carnoedo-Sada (A Coruña). Ao preguntarles aos mariñeiros polo adxectivo *amaraghotado* a resposta é: “estar coma unha maraghota”.

²³ Rivas Domínguez (2015: 106).

estar onde se corta o bacallau, estar no choio/no lerio/no rodicio ‘estar onde se toman as decisións’.

estar salgado coma un arenque, estar coma a pilla ‘estar moi salgado’.

estar sucio coma un choco/coma un porco (pondera a sucidade).

facen os cambios antes cós xurelos/antes cás fanecas, facen os cambios dos polbos antes de pescalos, poñer o carro antes cós bois ‘precipitarse’.

feo coma un escacho/coma un croio (pondera a fealdade).

Fillo de peixe peixiño é, Fillo de peixe sabe nadar, O fillo do lobo lobiño é ‘os fillos herdan determinados trazos dos pais’.

*haber peixe ata no *entrepunte, estar de tas en bas* ‘estar moi cheo un lugar’.

haber bacallau, haber changüi ‘haber embrolla, enredo oculto’.

Hai ollos que da lapa se namoran, Ollos hai que de lagañas se namoran (crítica o inapropiado de certos obxectos do desexo).

importarlle unha mincha/unha figa/unha landra ‘importar pouco’.

ir coa roupa do robalo, andar coma un cozofello, parecer un pinga laceira ‘ir desamañado’.

Íscalle lura!, Lume no cano! (valor exhortativo, serve para incitar).

levar un bo polbo/un bo nabo/un burro ‘levar un chasco grande’.

limpo coma un coral/coma unha escaina/coma unha patena/coma unha prata ‘moi limpo’.

*lingua de xiba*²⁴, *lingua que afuraca as paredes/que corta coma un coitelo* ‘lingua viperina’.

listo coma unha lura, agudo coma un allo ‘moi listo ou moi agudo’.

Loita o mar co rochedo, quen o paga é o mexillón, Fana os porcos e págana os bacoriños ‘levar as culpas os inocentes no canto dos culpables’.

*Mais eu antes ca a galiña metinlle dente a sardiña*²⁵, *Eu xa fun cociñeiro antes ca frade, Os patróns fóronche paisanos* (indica que antes de ser alguén experto, foi aprendiz, e que xa ten experiencia no oficio).

²⁴ A frase *lingua de xiba* documéntase en Francisco M^a de la Iglesia, TILG. A xiba foi noutrora moito máis abundante ca hoxe en día. Así o testemuña a toponimia menor: na Coruña hai dúas penas na costa de Labañou chamadas *a xibona grande* e *a xibona pequena*.

²⁵ En Manuel María, *Farsa de Bululú*.

Mal lle vai ao raposo cando anda ao mexillón/cando lambe os cangrexos/cando anda aos ovos (pondera a necesidade extrema a que se ve forzada aquela persoa acostumada a mellores circunstancias).

mandar a coller arolas/a sementar fabas (expresión de rexeitamento).

*Marea vén, di o linguado*²⁶; *Nunca choveu que non escampase* (expresión de ánimo ante unha adversidade).

Mariñeiro, aos teus peixes; A gaita é para o gaiteiro ‘cada un debe ocuparse do seu’.

*Mariñeiro que *se dorme, peixes que non colle; Raposo que moito dorme, galiña gorda non a come* ‘cómpre aproveitar ben o tempo’.

mazado coma un choco, moido coma o sal ‘moi canso’.

mazado coma un polbo, lavado coma as pedras do río ‘descarado’.

*Mercar tres sardiñas e vender cinco frixidas; –Na Gudiña, cada catro unha sardiña. –Cada cinco, cada cinco*²⁷; *Pra un ovo que dan, picada hoxe, picada mañán* (indica mesquindade).

meter peixe a bordo, encher a andorga ‘fartarse de comer’.

meter unha boga, dar gato por lebre ‘enganar, timar’.

mirar algo coma o gato ás sardiñas, devecer coma gato pola manteiga ‘desexar moito algo’.

mollado coma unha troita/coma un pito/un río/un sapo ‘moi mollado’.

mudar de color coma o polbo, ser coma o camaleón ‘adaptarse ás circunstancias de forma comenenciada’.

namorado coma un ollomol/coma un boi (pondera a intensidade do namoramento).

non asignar peixe, non asignar unha, non dar furo, non dar pé con bóla, non atar guedello ‘non ter éxito, fracasar’.

non botar aínda o peixe ao mar, non cantar aínda vitoria, non estar aínda a espiga na man ‘non ser aínda seguro o éxito’.

non ser auga/carne/sal nin peixe, non ser nin mel nin fel ‘ser indeciso, carecer de opinión definida’.

²⁶ Rivas Domínguez (2015: 168).

²⁷ Taboada (2000). É curioso constatar que nunha cantiga de escarnio de Pai de Ribela tamén se exemplariza a forma de ser dun avaro cun núcleo léxico deste mesmo campo nocional: *Vén hun ricome das truytas, | que compra duas por muytas, | e cox ‘end ‘a hunha. | Por quanto xi quer, apenas | compra én duas pequenas, | e cox ‘end ‘a hũa.* [Corpus Xelmírez].

Non volve máis ao espeto sardiña que o gato leva, O que pasou non volve ‘non hai que lle facer, non hai remedio’.

negro coma un mexillón/coma o acibeche/coma o carbón/coma o piche ‘moi negro’.

O peixe morre pola boca, En boca pechada non entran moscas (pondera o valor do silencio).

O que nunca a nada é adoito, unha sardiña parécelle un congro; O quen non ten nada, algo lle é bon ‘non valora igual as cousas aquel que ten moito ca aquel que ten moi pouco’.

O rodaballo dálle ao rabo, A cousa trae rabo ‘entrañar dificultades un asunto’.

ollos de budión/de boi/de ra, ollos coma bugallos ‘ollos esbugallados, saltóns’.

Os peixes do mar, uns por saír e outros por entrar, Os peixes na rede, uns queren saír e outros meterse, Cada cabeza a súa sentenza (pondera a variedade de pensamentos e desexos).

pagar a maragota/o pato ‘sufrir unha persoa as consecuencias do que fixo outra’.

Para congro ser moi longo, para sargo ser moi largo; Cando por carta de máis, cando por carta de menos (pondera o difícil que resulta lograr o equilibrio).

peixe do rabo na boca, círculo vicioso ‘argumento repetitivo que non conduce a unha boa conclusión’.

pelar coma un cazón/un polo/un pito, estonarse coma unha cobra (pondera a facilidade con que a alguén lle pela o corpo ou parte del).

perder pedra e peixe, perder o coiro (e mais a polpa)/o santo e mais a esmola ‘perdelo todo’.

Peixe con ollos, á patela; Ave que voa para a cazola é boa ‘todo o que se poida comer vale’.

Peixe pesca peixe, Diñeiro chama diñeiro (pondera a tendencia da riqueza a acumularse de seu).

poñerse coma un maragoto/coma un pito ‘mollarse, enchouparse’.

Por pouco que te achegues cheiras a peixe, Por pouco que te rapas sempre che sae a la (díselle a alguén cando se lle coñece a natureza ou as intencións que quere ocultar).

Pra quen é, bacallau abonda/basta; Para quen é o burro, ben chega a albarda ‘ten de sobra para o que merece’.

Presta máis unha sardiña con gusto ca unha galiña con desgusto, Máis val pan con amor ca galiña con door ‘é preferible ter pouco en paz ca ter moito sen ela’.

Pola boca/polo bico morre o peixe, Por falar morreu o mudo (chamada a falar pouco).

Que lle dean bertorella/mate/piche/polo (expresión de rexeitamento).

Quen come a sardiña, que lle chupe a arguiña; O que leve o mel, que leve os aguillóns ‘quen se beneficia de algo, debe soportar tamén as inconveniencias dese algo’.

Quítalle toros ao congro!, Quítalle lobos! ‘non esaxeres’.

roncar coma un sanmartiño/coma un porco ‘roncar moito’.

Sardiña que leva o gato, lambida do gato vai; Onde moitos cospén, lama fan (indica que a honra é doada de manchar).

Sardiñas serán pero chéiranme a can, Galiñas serán pero chéiranme a can (indica receo).

ser agarrado coma unha lapa/coma unha lura/coma os dentes dun angazo ‘ser moi agarrado’.

ser (un) bo peixe/bo merlo ‘ser un pillabán, ser de coidado’.

ser bruto coma un arroaz/coma un arado ‘ser moi bruto’.

ser coma a carioca, ser coma un disco raiado ‘repetirse moito’.

ser coma o peixe branco, ser gloria bendita ‘ser moi fino, de boa calidade’.

*ser coma unha vara do bonito*²⁸, *ser lanzal coma un piñeiro* ‘ser persoa alta, lanzal’.

ser o negocio da ameixa, gañar o que gañou a burra en maio ‘ser algo improdutivo’.

ser peixe da sombra, ser falso coma a cascarilla ‘ser persoa ruín, non ser de fiar’.

ser peixe de cocer en branco, ter un padal fino, non comer o pan polas dúas codias ‘ser exquisito e/ou delicado no comer’.

ser peixe de pouca sonada, non valer un can ‘ser de pouca valía’.

ser unha alcandorca, andar ao conto, levar e traer contos ‘andar con chismes’.

ser unha nécora/unha mala pécora ‘ser unha mala persoa’.

ser unha pixota de Marín/unha lebre corrida (a frase, sexista por usarse só para referirse ás mulleres, alude a unha vida sexual desordenada).

sutil coma unha troita/coma o aire ‘ser moi sutil’.

²⁸ Rivas Domínguez (2015: 226).

Tal para cal, maragota e media; Ti por ti, maragota e media; Tres por tres, maragota e media; Tal para cal (establece unha relación de semellanza entre dúas persoas, normalmente enfocando aspectos negativos).

ter a boca coma unha rabada; ser a porta da vila/a porta faxeira ‘ter a boca moi grande, falar moito’.

ter máis cara ca un lorcho/cás pedras do río.

ter máis rabos ca un polbo/ca oito polbos, ter máis rabo ca un can de palleiro, ter máis cunchas ca un galápago/ca un sapoconcho ‘ser moi astuto, saber disimular ben’.

ter sangue de peixe/de chinche ‘ser un pusilánime ou un apoucado’.

teso coma unha sardiña/coma un virote ‘moi teso’.

tirar peixe ao mar, botar por ela ‘presumir, fanfurriñar’.

traer unha faneca/unha empanada ‘estar moi despistado’.

Uns tenden as redes e outros levan os peixes, Ara o boi para que outros coman (critica que uns se aproveiten do traballo doutros).

Val máis empezar por sardiña, i acabar con galiña; As cousas non son como empezan senón como acaban ‘son preferibles os bos finais aos bos principios’.

Vale máis peixe pescado que cento nadando, Máis vale paxaro na man que cento a voar ‘é preferible o seguro, inda que sexa pouco, ao incerto’.

vender o peixe/a burra/a moto ‘tentar convencer con intención de enganar’.

vender o peixe antes de pescalo, facer as soltas antes de ter as cabras, sachar os nabos antes de nacer ‘precipitarse, actuar antes de tempo’.

vender peixe podre, ter a boca podre ‘ser amigo de murmurar, difamar’.

2.2. As variantes: hiperonimia e hiponimia

Neste campo nocional o hiperónimo por excelencia é a palabra *peixe*. Confrontando a dialéctica entre estas variantes, hiperónimos e hipónimos, nos dous idiomas en adstrato -galego e castelán-, vemos que ás veces o castelán bota man dun hiperónimo alí onde o galego prefire un hipónimo: *Caeu un congro!*, exclama a xente cando presencia o enterro daquel *pez gordo* con sesenta cregos (Xan de Masma, TILG); outras veces é o galego o que usa un hiperónimo cando o castelán (de América) selecciona un hipónimo: *derreterse coma o gato polo peixe* /VS/ (*andaba siempre tras las faldas*) *como gato tras el bacalao* (R. Palma, CORDE). Pódese considerar este factor diferencial como un subtipo de isoglosa semántica. Vexamos algúns casos de sinonimia entre hiperónimo e hipónimos dentro do dominio galego:

brincar coma o peixe na rede/coma a sardiña na rede (Ferro 2006: 198).

durmír coma un peixe/coma un pancho.

escorregadizo coma un peixe/coma unha anguía/coma congro escorregadizo.

estar coma o peixe entre dous gatos/coma a sardiña entre dous gatos ‘en graves dificultades’ (Ferro 2006: 212).

estar coma peixe en tixela/coma sardiña en tabal ‘apertado’ (Ferro 2006: 191).

*Léveme un peixe se..., Aínda non me trague un *pulpo..., Aínda o fel dun xurelo me afogue se..., Aínda un ollomol me trague... Non me coma un congro...* (valor aseverativo).

O peixe grande come o pequeno, A troita grande amansa a pequena.

Os peixes non se collen a bragas enxoitas, Quen peixes queira pescar tense que mollar, Non se pillan troitas a bragas enxoitas.

peixe de rabo na boca, carioca que leva o rabo na boca.

retorcerse/revolverse coma un peixe fóra da auga, revolverse coma unha anguía fóra da auga (TILG).

ser (un) bo peixe/bo xurelo (TILG).

ser un peixe de carallo/un bacallau de carallo ‘ser persoa pouco fiable’.

2.3. A xénese

Á hora de intentar apreender os mecanismos xeradores de fraseoloxía no eido que nos ocupa, tres son os recursos fundamentais: a metáfora e metonimia, e a comparanza. A importancia destes procedementos, especialmente a metáfora e metonimia, na xénese en xeral de unidades fraseolóxicas xa foi sinalada e valorada suficientemente, nos últimos tempos de modo especial pola Lingüística cognitiva (hai un bo resumo en González García 2011). E ao cabo é lóxico que así sexa pois estes recursos de conceptualización frásica responden a un principio lingüístico básico: a relación de semellanza, ben establecida a través dun certo tipo de estruturas lingüísticas (A é B; A e B –aquí á igualdade é funcional–; A como B; (Tal) como A, así B etc.).

2.3.1. A selección dun atributo

No eido que nos ocupa, a comparanza domina sobre outros mecanismos produtivos básicos. No apartado 2.1.1 do presente traballo localizamos con certa clareza case un 44 % de metáforas fronte a un 56 % de comparanzas.

Agora ben, a consciencia de termos aquí un mecanismo importante (a imaxe, o símil) non quita para que prosigamos analizando outros procedementos (especie de forzas creativas xeradoras de variantes secundarias) de selección.

En xeral, observamos que unha gran parte de comparanzas implican unha tripla selección:

a) Nun primeiro paso o falante (home do mar: quizais un só individuo en orixe, pero diacronicamente o pobo mariñeiro e anónimo) selecciona un animal. Esta selección é, dentro duns límites –campo limitado de posibilidades–, arbitraria²⁹.

b) Nun segundo estadio, procédese á selección daqueles trazos característicos, tirados da experiencia, da interacción necesaria entre o animal e o home. Debemos ter presente que os trazos semánticos que o home de mar ten *in mente* non coinciden necesariamente cos trazos semánticos que o lingüista ou o lexicógrafo –con enfoque mental distinto, máis científico e taxonómico– ten en conta á hora de conceptualizar un ser real para darlle forma e cabida nun dicionario. Estes trazos lingüísticos poden ser designados como *semas*. Os que entran na selección tras a experiencia-fonte (dominio fonte, como din os cognitivistas) podémolos denominar, aos efectos que nos interesan, como *semas fráscicos* (SF).

c) Nun terceiro nivel, fíxase o SF definitivo: da realidade obxectiva acaba gravándose un atributo do animal. Dáse aquí a *selección dun atributo*.

Vexamos algúns exemplos: tomemos a UF *estar sucio coma un choco*. Por que *coma un choco* e non *coma unha lura* ou *un polbo*? Decatémonos de que os tres candidatos comparten o SF [+expulsa tinta para camuflarse]. A resposta é que, como máxima xeral, insistimos, o factor da arbitrariedade selectiva existe, é en maior ou menor grao, incuestionable. Por que se di *mazado coma un polbo* co valor fráscico de ‘descarado’? Hai que mirar cales son os trazos que conforman a contorna tirada da experiencia do mariñeiro co polbo, trazos susceptibles de convertérense en SF: 1. O polbo cambia de cor para camuflarse, 2. O polbo resulta moi duro para comer se non se maza antes, 3. O polbo ten varios tentáculos.

A UF galega *mazado coma un polbo* implica a selección do 2º trazo: é absolutamente pertinente o sema [+dureza]. Pénsese na UF castelá *ter a cara dura/de cemento armado*.

Vexamos agora estoutra UF, *namorado coma un ollomol* (Ferro 2006: 190). Cal é o atributo seleccionado? Sen dúbida, a forma dos seus ollos (tanto o DRAG -*ollos grandes e brandos*- como o DEL -*ojos grandes*- integran a referencia aos ollos do peixe na entrada correspondente, *ollomol* e *besugo*, respectivamente). Os ollos do ollomol aparecen na documentación dos distintos corpus como *grandes*, *decaídos*, *desorbitados* e a mirada con ese tipo de ollos asimilase á ollada dos namorados (como ocorre cos ollos de *carneiro abafado/degolado*, UF plenamente idiomatizada, en galego e mais en castelán), e así podemos ler na obra do finado doutor Galdo: *con ollos de ollomol míranse os namorados* (TILG).

²⁹ Nalgún caso concreto podémonos preguntar se nesa selección presuntamente arbitraria non estará actuando a paronomasia como unha especie de liña de forza creativa. Posiblemente actúe nun caso como este: (*mareado*) *coma unha maragota* ou *máis mareado ca unha maragota*. Ata que punto na selección deste peixe (hai moitos outros peixes que fican aparvados, mareados, cando enmallan) non intervén a semellanza fonética entre *marear* e *maragota*?

E, desde outro punto de vista, tamén nos podemos preguntar por que, unha vez escollido un determinado animal, só se selecciona un atributo e non outros posibles: na frase *seco coma un bacallau* puideron ser seleccionados outros atributos, tales como ‘acartonado, aburrido’, ‘aplanado, esmagado’, ‘salgado’, ou incluso ‘cheirento’. Podemos dicir que neste sentido, tamén aquí incide o factor estocástico, a arbitrariedade.

Noutras ocasións, e saíndo xa do ámbito específico da comparanza, a selección actúa só sobre o tipo de peixe (paso 1º): por exemplo *Hai xurelos na ría* (dise en Muxía cando alguén raña no seu traseiro³⁰). Aquí non hai selección dun atributo concreto, senón que se aplicou un SF de carácter xeral, [+cheirento]. En xeral, todo o peixe cheira e este atributo xustifica, explica a frase proverbial *Hóspede e pescada, ós tres días enfada* (González Pérez 1993)³¹. Este mesmo SF parece estar implícito na UF *haber bacallau* ‘haber embrolla’, expresión que se corresponde aproximadamente coa UF castelá *haber tomate* (relembremos a famosa frase shakespeariana acurtada en *Algo cheira a podre en Dinamarca*).

Vemos, así pois, que hai en moitos casos unha selección de atributos que son perceptibles. As calidades denotadas poden ser apreciadas polos sentidos: tocamos a sequidade e incluso a vemos, cheiramos aquilo que despide un forte olor e catamos a dureza de certas carnes. Pero noutras ocasións, aqueles trazos que se seleccionan non son tan doados de apreciar para o profano, para quen non é un home de mar nin da familia. Son trazos non perceptibles digamos obxectivamente: a nós persoalmente custounos entender a lóxica da UF *bruto coma un arroás/arroaz* porque dentro dos nosos arquetipos culturais o cetáceo é un ser amable, compañeiro do home e intelixente. Agradecemos á familia Búa, de Muxía, a súa rica información:

O primeiro que ten que entender vostede é que o arroás e o delfín son distintos. Os arroases entran desde abaixo nas redes, son moi vorases e bravos. Rompen as redes para comer o peixe... O delfín é un animal dócil (Ramón Búa, en conversa)³².

E hai tamén casos en que para entender a lóxica da selección –no caso de haber tal lóxica– debemos ter en conta factores que pasaremos a denominar arquetipos culturais. Os novos atributos, produto de hábitos culturais, antropolóxicos ou simplemente hábitos comerciais ou industriais, sitúannos moitas veces en épocas pasadas e para os fraseólogos

³⁰ A asociación entre o ano e o mal cheiro é común (<http://proxectobuserana.concellomuxia.com/lingua/>) [Data de consulta: 06/08/2018].

³¹ Temos variantes en Vázquez Saco (2003): **Huésped e pescado, ós tres días cheiran* (nº 22867). Estamos en presenza dunha paremia case que universalmente coñecida, pola elevada concorrencia nos distintos ámbitos culturais do planeta: *El huésped, a los tres días molesta* (en Alemaña: Acerete 2001: 220), *El huésped y el pez a los tres días huelen* (España), *El peche grande come al tchico* (sefardi, en Saporta: 1978: 155), *El huésped es agradable hasta el tercer día* (é popular persa, Castelló 1997), haino en hindi, en libanés (*L'hôte, tel le poisson, pue au bout de trois jours-*, en inglés, en birmano (pero de novo sen a concorrencia do núcleo léxico ‘peixe’, *A vida dun hóspede é de sete días*), en polaco, *Un convidado e un peixe non son bos máis que durante tres días* etc. (Samadi: 2013: 169).

³² Así enténdense tamén mellor un par de refráns galegos: *Arroaces na ría, boureles tiran; Tramalleiros ó mar, arroaces ó par* (González Pérez 1993: 42).

do futuro poden que sexan descoñecidos ou unha cuestión de arqueolingüística (sen ir máis lonxe, o costume de mazar o polbo para abrandar a súa carne é unha imaxe que pode desaparecer da nosa esfera de coñecementos ou de lembranzas a medio prazo porque nos últimos tempos abunda con meter o polbo uns cantos días no conxelador antes de cocelo para obter o resultado desexado). Vexamos un par de exemplos: por que se di *facen fanecas* (*de/con*) ‘esfargarullar, facer cinascos’, e non se di *facen peixe* ou *facen magas* (esta última usada fraseoloxicamente con outros valores [‘facer marabillas’]: as magas ‘tripas, intestinos do peixe’ por antonomasia son as da sardiña, logo esperaríamos como UF posible *facen sardiñas* como sinónimo de facer magas no sentido literal)? Como diría E. Coseriu, a lóxica semántica, as posibilidades que abre o sistema, non casan necesariamente con aquilo que sanciona o uso. Con todo, a selección de fanecas na UF *facen fanecas* tamén está motivada: a faneca noutra época era un peixe abundante, peixe de pobres, pouco valorado economicamente, e nalgũa variedade, como a chamada faneca norueguesa, é pescada para a produción de fariña de peixe³³. En beneficio desta argumentación está a UF *fanecas da oca*, onde ‘oca’ verosimilmente conmuta por ‘argazo’. Que se fai ou facía argazo co peixe confirmanolo o refrán *A sardiña en marzo, argazo* (Vázquez Saco 2003: 492).

Un segundo exemplo: a UF *dar o bacallau* ‘morrer’, documentada na Estrada (Pontevedra), por Montero Cartelle (1981: 120; tamén se documenta en terras de Lemos, Lugo) acha a súa explicación polo costume tradicional de ofrecerlles aos parentes e amigos do defunto un banquete fúnebre con bacallau como prato fundamental.

2.3.2. Creación de variantes por expansión

Dentro das estruturas fraseolóxicas comparativas podemos encontrar outros procedementos formais, xeradores de variantes, dignos de mención: un primeiro caso témolo co núcleo léxico *sardiña* (palabra fraseo-paremiolóxica por excelencia: é núcleo léxico de dúcias de UFs). O procedemento formal ao que aludimos admite varios enfoques: pódese pensar en creación de variantes por expansión (concepto moi usado en sintaxe por distintas escolas lingüísticas), ou pódese pensar no que Ferro Ruibal (Ferro 2004), seguindo modelos lingüísticos rusos, chamaría *implicitación/explicitación*. Se pensamos no ambiguo (ou polisémico) que resulta dicir sen máis *como sardiñas*, está clara a necesidade de expandir a imaxe para concretala: a expansión prodúcese engadindo un adxectivo ou unha frase preposicional (así ocorre comunmente en sintaxe cando se expande un núcleo nominal, sen que esas sexan as únicas posibilidades, evidentemente: a cláusula de relativo sería outro procedemento sintáctico normal):

Expansión con adxectivo:

A groria é que anda barata como a sardiña manida (Curros, TILG).

Anque o creto me furta i estou cal sardiña firta (Curros, TILG) (‘estou que boto chispas, amolado’).

³³ (<http://pescaderiascorunesas.es/productos/ficha/?id=39>) [Data de consulta: 06/08/2018].

Que o aire e mailo sol os cure como sardiñas lañadas (Pousa, CORGA).

*A muller qu' é moi *salada, fai com ' a sardiña rancia, que por moito que se lave non se lle vai a sustancia* (Salgado, TILG).

Expansión con frase preposicional:

Alcontreina na casa feita unha sardiña do fume (Revista *O Galiciano*, TILG). Temos aquí un proceso de metaforización máis avanzado ca na comparanza típica, pero o exemplo vale igualmente para o punto que nos interesa. O valor semántico expresado é 'mirrada'.

Xantou moita máis sardiña de tabal que bacallau (Cunqueiro, TILG. Válenos para exemplificar unha nova expansión especificativa).

Fumos nel como sardiñas en banasta (Revista *O tío Marcos da Portela*, TILG).

Apertados uns contra os outros coma sardiñas en banastra (Santamarina, TILG).

Máis prensados que sardiñas en lata (Fariña, TILG).

Durmimos dous ou tres nela, coma as sardiñas na lata (Angueira, TILG).

Tanta xentiña que somos imos ir como sardiñas da salga nun bocoi (Máiz, CORGA).

Amoreados coma sardiñas na lata (Fernández Paz, CORGA).

Neste último exemplo de A. Fernández Paz, a UF expandida vai precedida dun adxectivo suficientemente esclarecedor, especificativo. Da mesma maneira que en estruturas comparativas do tipo *seco coma un bacallau* o adxectivo xa nos di cal é o atributo do peixe seleccionado, tamén aquí parecería innecesaria a expansión. Son abundantes, neste sentido, os casos de posible implicación, casos nos que o adxectivo que precede bloquea a necesidade da explicitación ou expansión:

Encerrado durante cincuenta e sete días no sollado dun bergantín vello, prensado coma a sardiña (J. D. Sotelo, TILG).

Morreremos de fame apertados como sardiñas (Pérez, CORGA).

Viñan apertados coma sardiñas (Alvilares, CORGA).

*Alí todos apertados como sardiñas*³⁴.

2.3.3. Transposición ou calco de esquemas

Encontramos neste campo nocional un fenómeno común a outros eidos da fraseoloxía e da paremioloxía: a recorrencia estrutural.

³⁴ (https://www.lavozdegalecia.es/noticia/carballo/fisterra/2018/04/22/era-unico-case-galicia/0003_201804C22C3993.htm) [Data de consulta: 20/08/2018].

En parellas paremiolóxicas como as seguintes:

- (1a) *As sardiñas por san Xoán mollan o pan.*
- (1b) *Os xurelos por san Xoán mollan o pan.*
- (2a) *A faneca en xaneiro vale carneiro.*
- (2b) *A pescada de xaneiro val un carneiro.*
- (3a) *A sardiña en abril, cóllea na man e déixaa ir.*
- (3b) *A solla en abril, cóllea na man e déixaa ir.*

hai paralelismo formal e hai sinonimia parcial: consérvase un núcleo de significado, ‘en sazón, grao óptimo de estado da carne do peixe para ser comido polo home’; consérvase un circunstante nuclear de significado contextual, ‘cando’, pero varía un núcleo de significado actancial, o suxeito ictiolóxico. Podémolas considerar variantes léxicas fraseoloxicamente sinónimas? Son estruturas que funcionan como unha matriz paremiolóxica morfo-semántica: a forma estrutural é coma unha expresión fixa, cun número X de núcleos semánticos tamén fixos, e que permite a variación doutro número Y de núcleos semánticos.

Un caso parecido, de transposición ou calco de esquemas, témolo cando no esquema comparativo se emparellan dous termos léxicos (*peixe/auga*) atraídos por unha liña de forza, a da solidariedade léxico-fraseolóxica, ao servizo dun arquetipo mental poderoso, produtivo, o da felicidade ou benestar. Temos así a UF *Coma o peixe na auga*. Esta UF, de extensión e uso moi alto en distintos ámbitos culturais, entra no noso idioma en correlación estrutural con outras UF:

A (o home) é a B (aquel contexto onde está ben)...

...coma o peixe na auga.

...coma o rei nunha cesta.

...coma o rato no queixo.

...coma o coello na verza.

Organízase así un paradigma produtivo: o mecanismo parece dar lugar ao que en fonoloxía denominamos *feixes correlativos*, un tipo de *oposicións proporcionais* (“A é a B como C é a D”).

2.3.4. A derivación

Igual que hai derivación entre as distintas acepcións das unidades léxicas, tamén podemos falar de derivación entre os distintos valores dunha unidade fraseolóxica. Por exemplo, analicemos esta parella de UFs:

- (4) *estar coma un pancho* ‘estar fartuco, cheo (de comida)’.
- (5) *durmir coma un pancho* ‘durmir moi ben’.

A nosa proposta di que hai unha relación derivativa ou de encadeamento: tras o xantar adoitamos durmir; unha boa dixestión pide unha boa soneca. Asociamos unha cousa coa outra, pénsese na fórmula coloquial *Xa podes ir durmir ao paleiro* que se lle di ao que comeu moito (Martíns 2013: 473). Segundo o noso parecer, a xénese dos dous valores semánticos non é simultánea, senón por encadeamento asociativo. Non nacen xuntas as dúas acepcións, hai derivación dunha á outra.

Un novo exemplo: *cheo coma un centolo*. Presenta dous valores: 1. Estar farto de comida, 2. Estar borracho. Supoñemos que o segundo, máis restritivo, deriva do primeiro, máis xeral (todos comemos pero non todos bebemos alcohol).

Un terceiro exemplo témolo na UF *escorregadizo coma unha anguía* ‘moi escorregadizo’. Desa acepción primeira derivaríase á acepción secundaria *ser coma unha anguía* ‘ser falso’ (o que se escapa das mans non se deixa pillar: cres que o tes pero xa se foi, non é de fiar, logo é falso).

Outro caso de derivación posible sería a interrelación existente entre *ter a boca coma un escacho* ‘boca moi grande’ e *ser un cara de escacho* ‘un desvergonzado’ (asóciase doadamente ter moita boca con falar moito e o moito falar logo se fai sinónimo de falar de máis, ser un “escachado”, un bocalán, aberto e destemido nas falas).

Como principio xeral, cando unha unidade fraseolóxica ofrece dúas acepcións, unha primeira que corresponde a un uso máis recto, máis próximo á realidade física, e unha segunda que se corresponde cun uso figurado en maior grao, podemos dicir que esta deriva daquela: así, a UF *ter a boca coma unha rabada* ten unha acepción primaria ‘ter a boca grande, de considerable tamaño’, e unha secundaria ‘ser un bocalán’. Neste sentido, a unidade fraseolóxica funciona igual ca calquera unidade léxica ou palabra polisémica en xeral.

2.4. As palabras idiomáticas e de uso pouco frecuente

A fraseoloxía, coma a paremioloxía, coma a poesía tradicional, é un bo depósito de arcaísmos, palabras baleiras de contido e *palabras idiomáticas* (García-Page 2008: 352 e ss.³⁵). Falaremos, así pois, de palabras que apenas teñen vida fóra do esquema fraseolóxico en que chegaron a nós, como unha especie de restos fosilizados. Examinemos media ducia delas, tomadas do ámbito que nos ocupa.

ollos breques: A voz *breques*, na expresión *ollos breques/brecos* ‘esbugallados’ (DdD), é posible que garde relación coa breca, un tipo de peixe parecido ao ollomol, segundo di Sarmiento³⁶. En beneficio desta suposición está a fraseoloxía rica do castelán co ollomol:

³⁵ O lingüista manchego considera a existencia de palabras idiomáticas como un posible *universal fraseolóxico*. Non é o único caso en que García-Page utiliza este concepto tan poderoso; volve considerar un *universal fraseolóxico* a existencia en todas as linguas naturais de somatismos fraseolóxicos (2008: 363).

³⁶ Talvez a voz garde relación coa UF portuguesa *levar a alguén a breca* (Simões: 1993: 399), onde *breca* parece conmutar por *morte*; en galego temos recollido o localismo (*estar*) *levado da breca*, onde *breca* conmuta por *demo*. Son relativamente comúns as representacións plásticas, fortemente expresionistas, da morte cunha caveira cos ollos avultando para fóra.

que se lles dá por parte da maioría dos dicionarios. Nese capítulo, despois de poñer de manifesto a relevancia deste tipo de unidade tanto para un estudante de lingua materna como para un de lingua estranxeira, fai un repaso dos tipos de deficiencias das que soen adoeecer os dicionarios na recollida destes elementos (a súa “ubicación caprichosa”, o seu rexistro erróneo con etiquetas pouco homoxéneas, o recurso á anotación de colocacións en exemplos sen que estes correspondan á definición do compoñente que serve de entrada etc.) e analiza as virtudes dos que si as incorporan, como é o caso, por exemplo, do *Diccionario del Español Actual*, de Seco, Andrés y Ramos (1999). En resposta a estas deficiencias, e tamén para responder ás necesidades glosodidácticas que os dicionarios deben atender, a autora recomenda que se rexistren as colocacións baixo os dous compoñentes que as conforman (bases e colocativos), pois, “De otro modo, no le [ao estudante] será posible encontrar una colocación que no conoce ni activar una que, momentáneamente, no recuerda” (p. 97). De feito, ao teren as colocacións unha combinatoria moi restrinxida e unha composición de tipo xerárquico onde o colocativo desenvolve un sentido moi específico seleccionado pola base, resulta esencial que o dicionario as recolla conforme ás expectativas dos alumnos que normalmente acoden a eles pola entrada que máis coñecen. Deste xeito, “la operatividad del diccionario de aprendizaje (y también de los generales) estaría asegurada si determinadas informaciones, como estas [las relativas a las combinaciones frecuentes], ocuparan un lugar fijo en el artículo lexicográfico (...)” (p. 103). Outro aspecto que salienta a autora como factor a ter en conta para atopar un tratamento lexicográfico axeitado no tocante ás colocacións léxicas é a relevancia do fenómeno do neoloxismo semántico que soe operar no caso, sobre todo, dos colocativos. En efecto, estes desenvolven, polo seu carácter específico dentro da combinatoria restrinxida, un novo sentido que vén engadirse aos que xa tiñan fóra da combinación. Esta realidade mostra que as colocacións léxicas contribúen a enriquecer o conxunto de significacións de moitos vocábulos, polo que é aconsellable que os dicionarios deixen de resistirse a incluílos e lles fagan un oco.

No capítulo seguinte, dedicado ás locucións, a autora pon de manifesto a falta de consenso entre os especialistas para distinguir as locucións dalgunhas unidades que presentan estruturas afíns a elas. É o caso dos chamados compostos sintagmáticos, en particular aqueles que non presentan unión ortográfica. Na súa análise, contrápon as distintas posicións dos lingüistas, uns que consideran as locucións como un subtipo dentro dos compostos, outros que consideran os compostos (os que teñen unión ortográfica) un subtipo de locucións e finalmente os fraseólogos que avogan por separar ámbalas dúas formas con base en criterios de tipo “semántico, morfosintáctico, acentual y ortográfico” (p. 119-120). Esta división de posicións reflíctese ao final nos dicionarios que recoñecen, como é o caso do *Diccionario de la lengua española*, da Real Academia Española (2009), que os límites entre os dous tipos de unidades son polémicos. Fronte a estas dificultades, a autora lembra que un dos criterios máis produtivos para clasificar as locucións é finalmente a da función que desenvolven na estrutura oracional (nominal, adxectiva, adverbial, verbal, prepositiva e conxuntiva). Aínda así, dentro destas categorías existen dúas que poden presentar unha dobre posibilidade de interpretación, as

locucións adxectivas e as locucións adverbiais, constituídas ámbalas dúas por un grupo preposicional co que “pueden desempeñar funciones de adjetivos o adverbios, según las relaciones que establezcan con el entorno lingüístico” (p. 144-145). Os dicionarios poden chegar a etiquetalas dunha maneira (como locucións adxetivas ou ben adverbiais) e elas desempeñar unha función distinta á da súa etiqueta segundo o contexto (p. ex. Yo pago *al contado*/ un pago *al contado*). Fronte a esta situación, a autora propón darlles a estas dobres locucións a categoría de locución adxectivo-adverbial xa que son bifuncionais, porque entende que non se pode “criticar los diccionarios por no recoger un uso, un sentido adecuado, por hacer una mala catalogación, y después no contribuir, desde la reflexión fraseológica, a establecer unos parámetros que permitan una anotación fiable y certera para el que los consulta.” (p. 151).

Ese mesmo propósito é o que a leva, no último capítulo, a abordar os diferentes tratamentos que lles dan os distintos dicionarios aos enunciados fraseolóxicos, tanto ás formulas rutineiras como ás paremias. No primeiro tipo de enunciados, as fórmulas rutineiras, observa unha evidente heteroxeneidade na etiquetación dentro dun mesmo dicionario que para unha mesma estrutura emprega un sistema diferente de marcas (*expr.*, *fr.*, *loc. adverbial* etc.). “¿Qué diferencia real existe entre *¡hasta aquí podríamos llegar!* y *¡qué remedio!* para que una sea una frase y la otra, una expresión, aunque las dos se cataloguen como exclamativas?” (p. 159), chega a preguntarse. Ademais desta clara ausencia de planificación nos etiquetados nalgún dicionario, tamén salienta o caso oposto, o da falta total de marcación nalgún outro onde a definición que se aporta destes enunciados empeza directamente coa secuencia “*Se usa o se utiliza para*” (p. 164), sen máis. Na escolma que ofrece a autora, o *Diccionario fraseológico documentado del español actual*, de Seco et al.(2004), representa “un caso especial” (p. 167) por utilizar a abreviatura *fórm. or.* (fórmula oracional) para este tipo de unidade fraseolóxica e especificar o seu uso na *Guía del lector*. En canto ás paremias, o tratamento lexicográfico que se observa ten que ver, en primeiro lugar, coa presenza cada vez máis reducida destas nas entradas dos dicionarios, e en segundo lugar, coa falta de delimitación entre o que son refráns, frases proverbiais ou simplemente frases. Esta confusión na etiquetación pode ocasionar, como consecuencia, unha toma de decisión errada por parte do lexicógrafo posto que, “De ser así, una etiqueta no acertada puede incidir en la inclusión de refranes en una obra en la que se ha decidido eliminarlos, por la decisión de que mejor se encuentran en compilaciones independientes” (p. 174).

Todos estes exemplos que ilustran a falta de anotación adecuada para os distintos tipos de unidades fraseolóxicas reflicten, en definitiva, a necesidade que salienta a autora no título da súa obra, a saber, de que os lexicógrafos e os fraseólogos colaboren á hora de conectar a investigación ás decisións fraseográficas coa finalidade de “dar luz y guiar sin pausa, pero con paso firme, hacia un tratamiento cada vez más homogéneo y sistemático de las unidades en los diccionarios” (p. 184). Estas palabras que pechan o último capítulo do libro serven de conclusión a unha reiterada petición da autora ao longo da obra, a de “paliar los problemas que supone el uso competente de las unidades fraseológicas” (p.

155), palabras que fan eco ao dito nas primeiras páxinas: “lo realmente importante es que para adquirir competencia fraseológica además de otros recursos, se debe contar con diccionarios que dispongan adecuadamente el material dentro de sus páginas, que adopten criterios uniformes, y que, en todo momento, sirvan de ayuda al que los consulta y no originen un efecto contrario.” (p.58). Efectivamente, a preocupación da autora xira en todo momento en torno a esta cuestión, á competencia fraseolóxica dos usuarios, e en especial a dos aprendentes de castelán como lingua estranxeira, dos que analizou as necesidades no capítulo 2, no tocante sobre todo ás colocacións por seren as máis importantes para amosar un nivel elevado de competencia lingüística en lingua estranxeira. Neste aspecto, este libro constitúe unha guía para o lexicógrafo ao que a autora lle fai unha serie de recomendacións para coa súa obriga de non “desistir de la labor de mejora del diccionario, que, indudablemente, nos acompaña y nos guía por el fascinante mundo del lenguaje durante toda la vida, desde los primeros años” (p. 59). Estas recomendacións consisten na elaboración de diccionarios adaptados ao tipo de usuario, proporcionando unha información fraseolóxica diferenciada para cada un deles. Na procura deste obxectivo, a autora presentou en 3 capítulos a principal tipoloxía de unidades fraseolóxicas a ter en conta, definindo con rigor, desde a teoría fraseolóxica, as súas características e amosando, desde a práctica lexicográfica, as deficiencias na maneira de recollelas, coa finalidade de tender unha ponte entre ambos eidos achegando sempre propostas susceptibles de mellorar o seu tratamento.

Se pasamos a valorar, finalmente, o conxunto desta contribución á fraseoloxía e á fraseografía da lingua castelá, podemos facer un par de observacións:

1) A análise dos diccionarios que fixo a autora, normalmente diccionarios de uso xeral (o *Diccionario de la lengua española*, da Real Academia Española, o *Diccionario General Ilustrado de la Lengua Española. Vox*, o *Diccionario de uso del español*, de María Moliner etc.) mostra que a práctica lexicográfica neste tipo de diccionario foi sempre por detrás da investigación fraseolóxica. Este ir por detrás é comprensible, dalgunha maneira, polo laborioso que é facer, ou nestes casos refacer, un diccionario con larga tradición. Moitos deles naceron antes de saíren as propias tipoloxías fraseolóxicas. Estas foron coñecendo o seu punto álxido na década dos anos setenta do século pasado, e aínda dende aquela estanse a pulir as propostas iniciais á luz dos avances da investigación fraseolóxica actual. A capacidade de reacción e de adaptación do eido lexicográfico a estes avances é loxicamente máis lenta, non soamente por esta cuestión de laboriosidade que supón revisar todas as entradas dun diccionario para adaptalas a novos criterios de etiquetación, senón porque esas propostas realizadas desde a teoría fraseolóxica tiñan e seguen a ter que ser consensuadas e aceptadas por todos os fraseólogos. Aínda así, nalgún destes diccionarios xerais, coma o da RAE (1956, 1973, 1992, 2001, 2009), apréciase unha evolución indicativa de que pouco a pouco se van tendo en conta os avances en fraseoloxía.

2) A inclusión neste estudo de dicionarios coma o de Seco et al. (2004), que leva xa no seu título a palabra “fraseolóxico” (*Diccionario fraseológico documentado del español actual*), presenta melloras substanciais con respecto aos citados anteriormente. Aínda así, bótase en falta neste apartado a mención ao dicionario de Ignacio Bosque, *REDES: diccionario combinatorio del español contemporáneo* (2004), que tivera aportado seguramente unha luz interesante á análise deste tipo de dicionario máis especializado nas unidades da combinatoria fixa ou restrinxida. En calquera caso, estes dicionarios fraseolóxicos si que tiveron que adoptar decisións de índole fraseográfica, o cal demostra que a investigación fraseolóxica está a introducirse no campo lexicográfico pola vía de dicionarios especializados nestes tipos de unidades. Isto indica que a Fraseografía estase a converter nunha rama da Lexicografía no eido da lingua castelá, como o foi no seu inicio noutras linguas, e que é desde esa rama como se podería achegar a solucionar os problemas formulados pola autora neste libro seu.

Feitas estas dúas observacións, podemos concluír que este volume lanza unha mensaxe clara aos conceptores lexicográficos, animándoos a que revisen os seus criterios de etiquetación no casos das unidades fraseolóxicas á luz dos avances da investigación en materia de fraseoloxía. Deste xeito, contribúe a salientar, ao mellor de forma involuntaria pero que para nós non deixa de ser así, o papel que debe desenvolver a Fraseografía para levar a cabo o cambio de rumbo na toma de decisións, outorgándoselle a esta rama unha dobre función nesta encomenda: a de coller a remuda da investigación fraseolóxica aplicando criterios homoxéneos para o tratamento das unidades fraseolóxicas non só nos dicionarios especializados senón tamén nos dicionarios de uso xeral, e a de transmitir a información fraseolóxica de forma adaptada ao tipo de usuario ao que vai dirixida. Dito isto, agora toca agardar a que ese cambio se realice, dándolles tempo abondo a que nazan os futuros dicionarios e a que se refagan os que xa están feitos, e isto, xa se sabe, “no es tarea fácil”, como ben recoñece a propia autora.

María Isabel González-Rey

Universidade de Santiago de Compostela

CRIDA ÁLVAREZ, Carlos Alberto (2017): *Ο παροιμιακός λόγος που γνωρίζουν και χρησιμοποιούν οι σύγχρονοι Έλληνες, με αντιστοιχίες στην ισπανική γλώσσα*. Atenas: Εκδόσεις ΦΙΛΥΡΑ. ISBN: 978 618-5270-18-6; 310 páxs.



Carlos A. Crida Álvarez é catedrático do Departamento de Lingua e Literatura Hispánicas da Universidade Kapodistriaca de Atenas e moi destacado especialista no estudo das paremias do grego e do español. O seu libro *Las paremias que conocen y usan los griegos contemporáneos*, con correspondencias no español, que agora recensionamos, é o froito de moitos anos de estudo, que xa cristalizaran na publicación doutros libros anteriores como *Ανθολογία ισπανικών παροιμιών και παροιμιοδών φράσεων με αντιστοιχίες στα ελληνικά και αντίστροφα* (*Antología de proverbios y frases proverbiales españolas con correspondencias en griego y viceversa*, Atenas 1999) e *Είναι παροιμίες. Son paremias. Sono proverbii* (Atenas 2005, en colaboración

con G. Zoras), ou na súa participación no *Refranero multilingüe* dirixido por Julia Sevilla e María Teresa Zurdo. O presente libro recompila, por primeira vez e de maneira minuciosa e completa, un mínimo parémico da lingua grega, é dicir, empregando a definición do autor, “el menor número de paremias conocidas y usadas por el mayor número de hablantes nativos de esa lengua, sin distinciones de sexo, edad, situación social o cultural”.

Na Introducción (páxs. 9-20) expón Carlos Crida os obxectivos do seu traballo, que se diferencia dos grandes repertorios de proverbios gregos (as recompilacións dos beneméritos paremiólogos e paremiógrafos do século XIX, Politis e Venizelos sobre todo, ás que se sumaron posteriormente as coleccións e os estudos levados a cabo por Lukatos, Meraclís, Dulabera, Alexíadis e outros) en que non se trata de realizar unha recompilación que pretenda recoller o acervo parémico grego a partir de coleccións anteriores e de fontes literarias ou históricas, senón de investigar cal é a destreza proverbial dos gregos de hoxe e reunir e explicar as paremias que coñecen e usan verdadeiramente os gregos na actualidade, nestes tempos nos que, tamén entre os falantes nativos de grego, se aprecia unha notable diminución na competencia no uso de paremias.

Tras un longo e laborioso proceso de recompilación e selección, que se expón na Introducción e no que internet desempeñou un papel capital, o autor finalmente escolleu e analizou 352 paremias, das cales 237 son coñecidas e usadas pola maioría dos falantes nativos da lingua grega, e 115 son coñecidas por unha ampla maioría deles mais úsanse relativamente pouco. No libro as paremias aparecen ordenadas non alfabeticamente, senón de acordo co número de informantes que declararon coñecer e usar cada unha delas. Non obstante, a localización e consulta das paremias é sinxela, xa que o libro se completa con respectivos índices de paremias gregas e españolas ordenadas alfabeticamente.

En cada unha das 352 entradas recóllense os seguintes datos e comentarios:

- Variantes da paremia.
- Sinónimos da paremia.
- Rexistro máis antigo que se coñece (por regra xeral remítese aos datos que aporta a gran recompilación de Venizelos).
- Procedencia da paremia (sinálase se é coñecida ou anónima) e uso actual (se é de uso culto ou popular).
- Idea clave.
- Tipo de paremia. Distínguense os seguintes tipos: 1) Paremias bíblicas (βιβλικές παροιμίες), de uso cada vez menos habitual. 2) Gnómicas (γνώμικα) ou apotegmas de procedencia coñecida e xeralmente de uso culto; por exemplo, “mente sana en cuerpo sano” (número 53) ou “conócete a ti mismo” (número 79). 3) ‘Paremias’ en sentido concreto (παροιμίες), ou ditos de procedencia anónima e uso popular, baseados na experiencia; por exemplo, “más vale tarde que nunca” (número 1) ou os refrans metereolóxicos. 4) Frases proverbiais (παροιμιακές φράσεις), que se diferencian das ‘paremias’ na estrutura (as frases proverbiais son xeralmente unimembres) e en que carecen de elementos mnemotécnicos; por exemplo, “la esperanza es lo último que se pierde” (número 9) ou “el tiempo es dinero” (número 91); non obstante, a distinción entre ‘paremias’ e ‘frases proverbiais’ non é sempre clara: “el silencio es oro” (número 116) clasifícase como ‘paremia’ e en cambio “el tiempo es dinero” como ‘frase proverbial’. 5) Expresións proverbiais (παροιμιακές εκφράσεις); de procedencia descoñecida e uso popular, a súa construción non é completamente fixa, xa que admiten cambios nas categorías gramaticais –tempo, persoa, número, xénero– de acordo co contexto; por exemplo, “a los higos higos y a las barcas barcas” (número 142; é o equivalente do noso “al pan pan y al vino vino”) ou “de Escila a Caribdis” (número 195). 6) Diálogos proverbiais (παροιμιακοί διάλογοι); de procedencia descoñecida e uso popular, a súa construción é bímembre ou trimembre, do tipo do español “dijo la sartén al cazo: apártate, que me tiznas”. Paremias en sentido concreto e frases proverbiais son os tipos máis frecuentes con moita diferenza; tamén as paremias gnómicas son bastante usuais, e xa moito máis raras son as expresións proverbiais, os diálogos proverbiais, e incluso as paremias bíblicas (bastante máis frecuentes, por certo, no segundo catálogo, o que recolle as paremias que son coñecidas por unha ampla maioría de falantes pero relativamente pouco usadas).
- Significado da paremia.
- Exemplo de uso nun contexto concreto. Ese contexto pode ser xornalístico, literario, procedente de escritos de carácter técnico ou de blogs, etc. Os textos sácanse maioritariamente de internet, o que pode asegurar tamén o uso actual da paremia.
- Notas adicionais.

- Paremia(s) equivalente(s) en español (especificase o tipo de paremia de que se trata e a súa frecuencia de uso).

O libro de Carlos Crida, en suma, é unha excelente e moi ben estruturada recompilación de paremias, que ademais do interese que pode ter por si mesma e para coñecer de maneira máis precisa a actualidade da tradición proverbial, representa tamén un utilísimo instrumento para a ensinanza da lingua grega a nativos e estranxeiros, e igualmente para o traballo de tradutores e intérpretes ou de investigadores que levan a cabo estudos culturais comparativos.

Fernando García Romero

Universidade Complutense de Madrid

ECHENIQUE ELIZONDO, María Teresa; MARTÍNEZ ALCAIDE, María José; SÁNCHEZ MÉNDEZ, Juan Pedro e PLA COLOMER, Francisco P. (eds.) (2016): *Fraseología española: diacronía y codificación*. Madrid: CSIC, *Anejos de la Revista de Filología Española* 104; ISBN: 978-84-00-10168-8; 358 páxs.



Tódolos estudos lingüísticos se poden enfocar desde unha perspectiva sincrónica ou diacrónica. No ámbito fraseolóxico predominan as achegas do primeiro tipo pero cada vez son máis frecuentes e importantes as de carácter diacrónico, como é o caso da obra obxecto desta recensión.

Nun número anterior de *Cadernos de Fraseoloxía Galega* (15, 2013) tivemos oportunidade de analizar o monográfico de Santiago Vicente Llavata *Estudio de las locuciones en la obra literaria de D. Íñigo López de Mendoza*. Este autor volve aparecer aquí entre os colaboradores porque a Universidade de Valencia estase a converter nun dos centros de referencia deste tipo de estudos, especialmente o grupo de investigación *HISLEDIA (Historia e historiografía de la lengua española en su diacronía)*,

que dirixe a doutora e catedrática desa universidade M.^a Teresa Echenique Elizondo, e que ten por prioridade a elaboración do *Diccionario histórico fraseológico del español (DHISFRAES)*.

Os restantes editores desta obra, así como a maioría dos colaboradores, forman parte dese grupo de investigación, con sede na universidade levantina pero dispersos por diferentes universidades españolas e europeas (Neuchâtel, Paderborn, Augsburg, Kassel e La Laguna).

Segundo se sinala na *Presentación* deste volume, “la Fraseología histórica de la lengua española, entendida como el establecimiento de la diacronía global de las unidades fraseológicas y la historia particular de cada una de ellas, se ofrece en esta obra como esbozo inicial de tareas que habrán de tener en el futuro próximo un desarrollo mayor” (p. 9). De acordo con esta declaración de intencións, a obra organizase en tres bloques principais, aos que hai que engadir a mencionada *Presentación* (na que se dá conta do grupo de investigación HISLEDIA e dos seus membros e se realiza unha breve síntese de cada un dos traballos incluídos), así como unha completa sección bibliográfica con tódalas referencias utilizadas nos distintos capítulos, e un útil “Índice de palabras y combinaciones fraseológicas” mencionadas ao longo do texto.

O primeiro dos citados bloques (“Diacronía fraseológica del español”, pp. 17-55) recolle dous traballos de carácter programático:

- “Perspectivas en el estudio diacrónico de la fraseología en su amplitud hispánica (peninsular, insular y americana)” de M.^a Teresa Echenique, M.^a José Martínez Alcaide e J. P. Sánchez Méndez (pp. 17-32).
- “Relación entre la fraseología histórica y la fraseología regional del español”, de G. Ortega Ojeda e M.^a I. González Aguiar (pp. 33-55).

Dado que o proceso de fixación das unidades fraseolóxicas é basicamente un proceso histórico, nestas dúas contribucións trátanse cuestións de tipo metodolóxico relacionadas con este proceso. Unha cuestión importante na que inciden as dúas colaboracións está relacionada coa necesidade de ter en conta a variación diatópica nos estudos de fraseoloxía histórica do español. Na primeira achega faise fincapé na incorporación da fraseoloxía do español de América; na segunda, do español de Canarias. Para os que nos ocupamos da fraseoloxía do galego estas observacións parécennos inobxectables se se teñen en conta as estreitas relacións establecidas entre o galego e o español de América tamén no ámbito fraseolóxico, como puxemos de manifesto na nosa contribución na obra *Lingua, pobo e terra. Estudos en homenaxe a Xesús Ferro Ruibal*, editada por Manuel González González e publicada polo Centro Ramón Piñeiro en 2016 (pp. 245-301).

O segundo bloque (“La fraseología en la historia de la lengua: nuevos enfoques”, pp. 59-169) inclúe os seguintes traballos:

- “Aproximación a una fraseometría histórica de la lengua castellana: *el Libro de miseria de omne y el segundo ciclo del Mester de Clerezía*”, de Francisco Pedro Pla Colomer (pp. 59-74).
- “Fraseología hispánica medieval y codificación: a propósito de la traducción aragonesa del *Secretum Secretorum* promovida por Juan Fernández de Heredia”, por Santiago Vicente Llavata (pp. 75-96).
- “Las traducciones del renacimiento como fuente de conocimiento de la fraseología diacrónica española”, de Francisco Javier Satorre Grau (pp. 97-110).

- “Compilación, desautomatización y desarticulación fraseológica en Quevedo”, por Dolores García Padrón e José Juan Batista Rodríguez (pp. 111-131).
- “Fraseología del marginalismo en el Siglo de Oro: una aproximación a partir de la narrativa picaresca española”, por Encarnación Podadera Solórzano (pp. 133-143).
- “Fraseología y tradiciones discursivas en textos literarios: entre filología y lingüística de corpus”, de Angela Schrott e Sandra Issel-Dombert (pp. 145-169).

Como se comproba pola anterior relación, a maioría dos traballos que compoñen a segunda parte do volume dedícanse a tratar diversos aspectos da fraseoloxía histórica en diferentes obras e autores da historia da literatura española, desde a Idade Media ata o século XVIII (século que se toma como inicio do español moderno por fundarse nel a Real Academia Española). Os títulos son suficientemente transparentes con respecto aos temas que son tratados, polo que só faremos algunha aclaración sobre aquelas achegas máis opacas na súa denominación: así o estudo de Satorre Grau trata sobre os problemas que orixina a tradución dun texto por parte dun falante non nativo, exemplificados pola versión que fixo Giovanni Giustiniano da obra *De Institutione Feminae Christianae* de Luis Vives (o seu traballo céntrase na análise dalgunhas frases adverbiais como o probable calco italiano ou valenciano *entre la puerta y la pared* que, por figurar no CORDE, pode inducir a confusión e dar a entender que se trata dunha expresión xenuinamente castelá). Pola súa banda, Schrott e Issel-Dombert analizan construcións coordinadas fixadas en diferentes obras medievais e clásicas (expresións bimembres ou trimembres do tipo de *moros y moras, mugieres e varones*, utilizadas con frecuencia como negación expresiva en secuencias como a cita cervantina “no había *barca ni barco* ni quien le pasase a él”), aspecto que completan cun estudo cuantitativo de tódalas expresións bimembres ou trimembres fixadas que localizan nas *Cartas marruecas* de José Cadalso.

Finalmente, o terceiro bloque (“Las unidades fraseológicas en su historia”, pp. 173-316) presenta as seguintes colaboracións:

- “Lexicografía y fraseología histórica: la necesidad de un diccionario histórico fraseológico”, de Vicente Álvarez Vives (pp. 173-184).
- “Combinaciones locucionales prepositivas en el Tomo II de la *Primera Crónica General de Alfonso X (Estoria de Espanna)*”, de Adela García Valle (pp. 185-224).
- “Formas locucionales prepositivas en los libros y colecciones de sentencias castellanas del siglo XIII”, de David Porcel Bueno (pp. 225-236).
- “El origen de algunas locuciones prepositivas en gallego y portugués: análisis de las crónicas medievales”, de Amparo Ricós Vidal (pp. 237-256).
- “Fijación y variación en el uso de las locuciones prepositivas en la lexicografía del Siglo de Oro: el *Tesoro de la Lengua Castellana o Española* (1611) de Sebastián de Covarrubias”, de Mercedes Quilis Merín (pp. 257-272).
- “La diacronía de *so pena de*”, de Viorica Codita (pp. 273-294).

- “*Adefesio*: ¿de la epístola paulina (ad ephesios) a la unidad léxica (adefesio) en español a través de la fraseología?” de María Luisa Viejo Sánchez (pp. 295-316).

Este terceiro apartado comeza cun estudo introdutorio de Álvarez Vives no que analiza o moito que queda por facer no ámbito da fraseografía histórica, factor que xustifica a elaboración por parte do grupo de investigación, a través do proxecto *FRASLEDIA*, do *Diccionario histórico fraseológico del español*, do que se dá noticia. Sinala, neste sentido, que para a fase inicial do dicionario foron seleccionadas tres tipos de UF (as prepositivas, as interxectivas e as adverbiais), elenco que posteriormente será ampliado con outro tipos de unidades: “De hecho, la reducción se debe a la voluntad de presentar en breve algunos resultados” (p. 180).

En consecuencia co mencionado propósito, o groso deste bloque céntrase na análise dos principais esquemas utilizados polo castelán medieval para a formación de locucións prepositivas e das propias locucións prepositivas localizadas nos textos que anteriormente se mencionaron.

Non se nos escapa a importancia que para a fraseografía histórica do español vai supoñer a elaboración do mencionado dicionario, polo que se lle debe dar a benvida a calquera contribución preparatoria do que sen dúbida será unha obra de referencia para a fraseoloxía do español, incluso da sincrónica, porque nos permitirá unha visión xeral dos procesos de fixación (gramaticalización ou lexicalización) das locucións desde os seus inicios como base de contraste coa situación actual (a modo de exemplo, en Ricós Vidal vemos como a locución medieval *acerca de*, sinónima de *cerca de*, foi pasando sucesivamente polos estados de ‘aproximación locativa’, ‘aproximación temporal’ e ‘asunto ou tema’. Este último valor culminará no século XV, desprazando os anteriores, hoxe desaparecidos en castelán).

Finalizo cunha observación de tipo teórico, relacionada co inventario de locucións preposicionais analizadas no texto. Evidentemente, é moi difícil establecer unha relación precisa porque o proceso de fixación é gradual e por tanto hai múltiples unidades en situación fronteiriza. Con todo, pola nosa formación sintactista considero que non se pode falar de UF alí onde a sintaxe libre permite unha análise regular (por exemplo *lejos de*, *antes de*, *cerca de* poden ser analizadas como frases adverbiais con núcleo adverbial antes que como locucións prepositivas –*antes de*– ou conxuntivas –*antes de que*–, salvo que tamén se produza un fenómeno de idiomaticidade con cambio de significado, como sucede en *cerca de* con valor de ‘aproximadamente’). Os autores da obra son conscientes de todo isto que acabo de mencionar, e comentan as diversas posturas mantidas sobre este tipo de construcións, aínda que adoptan una perspectiva ampla do proceso de fixación, incluíndoas no seu repertorio de expresións analizadas.

Luis González García
Universidade da Coruña

MELLADO BLANCO, Carmen; BERTY Katrin; OLZA, Inés (eds.) (2017): *Discurso repetido y fraseología textual (español y español-alemán)*. Madrid: Iberoamericana, Frankfurt am Main: Vervuert. ISBN 978-84-16922-11-6; 304 páxs.



Este libro, publicado por Carmen Mellado Blanco, profesora da Universidade de Santiago de Compostela e investigadora principal do grupo de investigación FRASESPAL; Katrin Berty, profesora da Universidade de Heidelberg especialista en tradución e Inés Olza, investigadora que traballa no eido da fraseoloxía e da análise do discurso, frecuentemente desde unha perspectiva cognitivista, é o resultado dunha selección dos traballos que se presentaron na sección “Fraseoloxía e discurso repetido: de como a linguaxe innova sobre a tradición” do *XX Congreso de la Asociación Alemana de Hispanistas* celebrado na Universidade de Heidelberg entre o 18 e o 22 de marzo de 2015.

Este marco de referencia contribúe a dotar de homoxeneidade o volume, que, onda a presentación das editoras, se conforma en tres bloques temáticos: *I. Contraste y traducción en la fraseología del par de lenguas alemán-español*, o máis extenso, con oito contribucións; *II. Fraseología del español: aspectos discursivos* e *III. Esquemas fraseológicos*, ambos con tres capítulos.

Como sinalan as editoras na presentación (p. 9), o primeiro bloque temático ten por obxectivo estudar os fraseoloxismos desde unha perspectiva interlingüística, ben sexa cun enfoque tradutolóxico ou de uso contrastivo.

Héctor Álvarez Mella e Frank J. Harslem, en “Las unidades fraseológicas como estrategia de traducción alemán-español” (pp. 21-39) danlle a volta á tradicional consideración das unidades fraseolóxicas como problemas de tradución, analizando aqueles casos en que este tipo de expresións se presenta como unha solución de tradución. Os autores, a partir de exemplos tirados das traducións ao español de *Die Vermessung der Welt*, de D. Kehlmann e de *Austerlitz*, de W. G. Sebald, ilustran e clasifican aquelas situacións en que no texto meta se introduce unha unidade fraseolóxica como tradución a unha única palabra ou a unha expresión de carácter libre da lingua fonte. No seu estudo establecen dous apartados, un relativo á tradución con colocacións e outro á tradución con locucións e neles demostran como as unidades fraseolóxicas, en tanto que unidades que conforman o repertorio léxico das linguas, están a disposición dos tradutores como unha estratexia de tradución máis, que eles denominan estratexia fraseolóxica.

No seguinte capítulo, “La traducción en fraseología: el caso de los *falsos amigos*” (pp. 41-54), M^a Ángeles Recio Ariza e J. Agustín Torijano Pérez estudan os falsos amigos ou heterosemánticos fraseolóxicos, entendendo por tales non soamente os fraseoloxismos que coinciden no significado literal e difiren no idiomático, senón en xeral aquelas unidades fraseolóxicas que poden ser fonte de interpretación errada ao careceren na outra lingua dun equivalente coincidente formal e semanticamente. En primeiro lugar, estudan o caso

da expresión *carta branca* tanto desde o punto de vista do seu tratamento lexicográfico en diferentes dicionarios de español, como das solucións de tradución ofrecidas para o portugués e o alemán. Posteriormente ilustran a problemática con algunhas expresións que os autores consideran representantes prototípicas das dificultades que poden xurdir na tradución e conclúen coa necesidade dunha abordaxe holística dos fraseoloxismos, que inclúa contidos de carácter sociolingüístico e cultural.

No terceiro dos capítulos que integran o volume, “El olfato del traductor a prueba. Los somatismos con *Nase* en *Das Parfum*, de Patrick Süskind” (pp. 55-74), de Elena Voellmer e Jenny Brumme, preséntase un interesante e rigoroso estudo sobre o tratamento da fraseoloxía con *Nase* (‘nariz’) na tradución ao español, inglés, francés e romanés da novela citada. Tras analizar a tradución do propio substantivo *Nase* nun dos fragmentos das primeiras páxinas da obra, as autoras analizan e avalían os mecanismos empregados para a tradución de catro fraseoloxismos somáticos que conteñen tal palabra: *eine feine Nase haben* (‘ter un nariz fino’), *jmdm. etwas vor der Nase wegschnappen* (‘quitarlle algo a alguén diante dos fociños’), *jmdm. etwas unter die Nase reiben* (‘pasarlle algo a alguén por diante dos fociños’) e *immer der Nase nach* (‘todo dereito’). Finalmente, Voellmer e Brumme analizan os mecanismos empregados para traducir fenómenos de desautomatización de tres somatismos. Nos tres casos analizados, a unidade fraseolóxica transfórmase mediante un proceso de substitución para incluír o substantivo *Nase*. Nas conclusións preséntanse as diferentes estratexias empregadas nas traducións estudadas e salientase a relevancia que a este respecto ten o feito de que os fraseoloxismos analizados son *widespread idioms* (Piirainen 2012) e por tal motivo están presentes en todas as linguas estudadas.

A continuación, Aina Torrent estuda algunhas locucións evidenciais en “Las locuciones evidenciales *al parecer*, *por lo visto* y otros frasemas con funciones similares: análisis de uso y reflexiones lexicográficas” (pp. 76-91). O estudo enmárcase no proxecto de elaboración do *Diccionario español-alemán de locuciones del español de España* (DEALEE), dirixido a xermanofalantes e, daquela, de carácter esencialmente decodificador. Tras presentar o concepto de evidencialidade e de locución evidencial (“una locución es evidencial si su significado como expresión fija indica de dónde procede el conocimiento de lo que se está diciendo y/o cómo se pudo acceder al mismo” (p. 78), Torrent presenta e ilustra as diferentes funcións das trece locucións evidenciais analizadas. A continuación a autora estuda o tratamento das expresións en tres dicionarios (dous monolingües e un bilingüe español-alemán) e, tras sinalar os problemas encontrados, ofrece unha proposta de entrada para nove locucións evidenciais no DEALEE, ilustradas con exemplos extraídos da Rede. A sistematicidade e o rigor das entradas presentadas correspóndese perfectamente cos do capítulo que estamos describindo.

A seguinte contribución, de Herbert J. Holzinger e Cecilia López Roig, é unha análise contrastiva español-alemán dos chamados elementos únicos, palabras diacríticas ou palabras ligadas fraseoloxicamente (PLF), isto é aquelas palabras que só se realizan en unidades fraseolóxicas: “*En un plis plas / in Handumdrehen*. Un estudio contrastivo español alemán de las palabras ligadas fraseológicamente” (pp. 93-112). Tras xustificar a

denominación e presentar as súas características principais, os autores analizan en primeiro lugar o tratamento lexicográfico deste tipo de formas e das unidades fraseolóxicas que as conteñen en dicionarios de español e de alemán, tanto no que respecta á súa presenza nas obras, como á súa lematización e á información que sobre elas se ofrece. A continuación ofrécese unha análise morfolóxica (estrutura morfolóxica e categoría gramatical) das PLF e unha análise das función sintácticas e da estrutura léxica das expresións con este tipo de palabras. O traballo remata cunhas conclusións que poñen de relevo as principais diferenzas e similitudes entre as PLF do alemán e do español, a necesidade de revisar a visión tradicional destas palabras e a conveniencia de caracterizalas en termos de prototipicidade. O traballo baséase en senllos corpus de ao redor de catrocentas PLF e expresións alemás e catrocentas PLF e expresións españolas, elaborados a partir de recompilacións e traballos previos sobre este tipo de formas e a partir de dicionarios e corpus textuais. Dado o amplo número de formas analizadas e a diversidade de aspectos estudados, este capítulo ofrece unha caracterización moi interesante e completa das PLF do alemán e do español.

Laura Amigot Castillo e Concepción Rico Albert, en “Marchando una de variantes fraseológicas aspectuales. Algunas notas contrastivas español-alemán” (pp. 113-131) estudan a variación aspectual de locucións verbais emocionais (*hacersele un nudo en la garganta / tener un nudo en la garganta*). Tras situar a variación aspectual no marco máis amplo da variación fraseolóxica e presentar unha caracterización das variantes aspectuais, globalmente e no contexto dos fraseoloxismos emocionais, as autoras presentan o corpus estudado e os valores aspectuais con que traballan, incoativo, durativo e terminativo, que se entremesturan cos de causatividade (+ causativo e –causativo). A seguir ilustran e analizan as diferentes oposicións aspectuais / causativas rexistradas no corpus, contrastando os diversos procedementos expresivos existentes en español e alemán para reflectir a variación, e extraen as conclusións da súa análise. O estudo resulta moi interesante, pois, como as autoras sinalan no parágrafo final, a introdución sistemática e rigorosa deste tipo de variantes nos dicionarios e nos materiais didácticos supón todo un reto de cara ao futuro e na liña de reflexión que as autoras abren, gustaríanos suxerir a posibilidade de que algunhas das expresións analizadas deban ser caracterizadas, non como locucións verbais, senón como locucións adxectivas. Debe considerarse, por exemplo, *ponerse de morros* unha locución verbal, ou máis ben a combinación dun verbo e a locución adxectiva *de morros*? Debe falarse de variación fraseolóxica na alternancia *ponerse / estar / quedarse de morros* ou simplemente da combinación de *de morros* con diferentes verbos que amosan distintos valores aspectuais? Debe terse en conta a este respecto que a nómina de verbos combinables coa expresión podería ampliarse (*seguir, venir, marcharse...*) ou mesmo que a presenza do verbo non é imprescindible: “Y allí lo dejé, de morros”.

En “El metadiscurso en la fraseología: la formulación y sus locuciones marcadoras” (pp. 133-150), Ferran Robles i Sabater analiza un tipo especial de marcadores do discurso (MD), os marcadores de reformulación (MR) que, de acordo co autor, “explicitan una ruptura en la dinámica discursiva consistente en un movimiento regresivo de retorno a un segmento textual anterior de la cadena hablada” (p. 134) (*a saber, en pocas palabras,*

para ser más exactos...). Tras ofrecer unha caracterización xeral dos MD, e neste marco, dos MR, en español e alemán, Robles i Sabater analiza máis polo miúdo as locucións marcadoras de reformulación, extraídas de textos xornalísticos, desde catro perspectivas (prosódica e ortográfica, léxica, morfosintáctica e textual) e desde un enfoque contrastivo español-alemán. O estudo realizado serve de mostra da complexidade que encerran os MD e da necesidade de levar a cabo unha análise multinivel que se reflicta nas descripcións gramaticais e lexicográficas, tal e como recolle o autor nas súas reflexións finais.

O traballo que pecha o primeiro bloque temático, de Sabine Geck, leva por título “Las conceptualizaciones metafóricas de *loco* y *verrückt* como base semántica de fraseologismos y palabras de sentido figurado en español y alemán” (pp. 151-164). Tras presentar un breve panorama histórico-cultural sobre a loucura, a autora ofrece unha descrición semántica de *loco* e *verrückt* a partir dun script e empregando a Metalinguaxe Semántica Natural de Wierzbicka. Como Geck sinala, as causas atribuídas na teoría popular ao peculiar comportamento dos loucos recollido no script están na base das diferentes metáforas que se utilizan para designar os loucos. A partir da análise das expresións figuradas que fan referencia a “una persona que experimenta un estado mental pasajero que se asemeja a la locura” (p. 157) e non a “un loco de verdad”, a autora constrúe e ilustra a continuación o modelo metafórico de *louco*, destacando a súa parcial coincidencia co de *parvo*²: ESTAR LOUCO É ESTAR ENFERMO, ESTAR LOUCO É NON ESTAR O EU NO SEU SITIO, ESTAR LOUCO É TER A CABEZA DANADA, A LOUCURA É TER UNHA MENTE TURBIA etc. Nas conclusións, a autora reflexiona sobre a redución do contido semántico de *loco* e *verrückt* e sinala as metáforas máis produtivas en español (ESTAR LOUCO É SER UN ANIMAL³) e en español e alemán (ESTAR LOUCO É TER UN DANO FÍSICO).

O segundo bloque temático, *Fraseología del español: aspectos discursivos*, ábrese coa contribución de Marina González Sanz, “El discurso repetido en la tertulia periodística de tema político” (pp. 167-187). A autora analiza 638 unidades fraseolóxicas pronunciadas en programas televisivos ou radiofónicos, incluíndo colocacións, locucións e enunciados fraseolóxicos. Con respecto a estes últimos estuda a presenza de refráns e citas de orixe coñecida e a maneira de integralos no discurso, ben directamente, ben con introdutores que os contextualizan, situándoos xeograficamente, no caso dalgúns refráns, ou ben aludindo, no caso de certas citas, á fonte orixinal. Tras presentar unha breve análise léxico-semántica das expresións estudadas, que pon de relevo a elevada presenza de fraseoloxía procedente do ámbito taurino, a autora ofrece un interesante estudo pragmático-discursivo, en que mostra as diferentes funcións deste tipo rexistradas nas vinte e catro horas de transcripción analizadas, clasificadas en dous grupos: fin mediático (por exemplo, afán coloquializador) e fin ideolóxico (por exemplo, proxección da imaxe).

² Efectivamente, boa parte das metáforas recollidas pola autora tamén as encontramos nós na nosa análise da estulticia para o galego (Álvarez de la Granja 2011).

³ A autora sitúa equivocadamente a expresión *estar como un(a) cencerro* baixo esta metáfora. Probablemente debería colocarse baixo ESTAR LOCO É REALIZAR MOVEMENTOS RÁPIDOS, polo movemento continuo que realiza o “cencerro” que leva o animal no seu pescozo.

O discurso político dá paso ao discurso literario no traballo de Elvira Manero Richard “Relaciones (con)textuales de las unidades fraseológicas en el discurso literario: *El capitán Alastriste*” (pp. 189-208). A autora estuda a presenza nesta novela, en contextos lingüísticos próximos a un fraseoloxismo, doutros elementos, léxicos ou de novo fraseolóxicos, que contribúen á interpretación do primeiro ou que establecen vínculos semántico-discursivos con el. En primeiro lugar, a autora clasifica este tipo de vínculos en tres grupos: relacións baseadas no contido semántico-proposicional da unidade fraseolóxica, relacións baseadas nalgún aspecto de carácter pragmático da unidade fraseolóxica e relacións baseadas no noso coñecemento do mundo. Tras presentar as diferentes subclases de relacións en cada grupo, Manero Richard estuda as principais función encontradas para as citadas relacións: facilitar o acceso ao contido textual (en vínculo directo co carácter prefabricado e consabido das unidades fraseolóxicas e coa prominencia textual que moitas veces posúen), estruturar o discurso, permitir a variación estilística e mesmo contribuír á creación do estilo da novela.

A seguir, Ramón Martí Solano presenta “El ‘estado del arte’ de los calcos fraseológicos en español” (pp. 209-228). O autor estuda un corpus de calcos fraseolóxicos extraídos sobre todo do discurso periodístico e que teñen a súa orixe no inglés e, en menor medida, no francés. Tras presentar as canles de influencia, e amosar algúns exemplos de calcos tirados das linguaxes técnicas ou profesionais e do discurso político, o autor fai un repaso aos principais traballos publicados ao redor da cuestión e amosa os criterios empregados para a selección dos calcos. A continuación, analiza máis en detalle cinco calcos do inglés (*luz verde*, *luz al final del túnel*, *techo de cristal*, *elefante blanco* y *pato cojo*) e tres do francés (*negro sobre blanco*, *de alta gama* e *poner en valor*), mostrando a súa presenza en dicionarios, corpus do español, noutras linguas e ilustrando o seu uso con exemplos reais. O traballo finaliza cunha reflexión sobre a conveniencia de combinar corpus e arquivos xornalísticos na análise dos calcos fraseolóxicos e sobre a necesidade de constituír corpus periodísticos do español, e particularmente do español de México, para poder afondar na investigación sobre o fenómeno abordado na contribución.

O último bloque, *Esquemas fraseológicos*, iníciase co traballo de Berit Balzer “*Erre que erre / hart auf hart*: análisis tipológico de la reduplicación léxica en español y alemán” (pp. 231-247). Nesta contribución, Balzer analiza diferentes tipos de reiteración ou reduplicación léxica: a reduplicación asindética (y *tal y tal*, *erre que erre*), cos seus diferentes subtipos, os grupos ecoicos (*tiquismiquis*, *tris tras*) e os binomios fraseolóxicos (binomios acumulativos mediante conxunción coordinada, *contante y sonante*; asindéticos, *a lo hecho, pecho*; pleonásticos, *al fin y al cabo* e antitéticos, *ni fu ni fa*). A autora propón que existe, tanto en español como en alemán, un proceso evolutivo que comeza no balbucido, continúa coas palabras ecoicas e finaliza na reduplicación, con ou sen rima, de opacidade parcial e total, así como unha escala evolutiva, de menor a maior expresividade, que se inicia na redundancia aglutinadora, continúa na reiteración intensificadora e remata no binomio fraseolóxico sen eco nin rima, irreversible e semanticamente opaco.

A continuación, Carmen Mellado Blanco e Belén López Meirama ofrecen unha completa e rigorosa análise dos “Esquemas sintácticos de [PREP + S]: el caso de [*entre* + S^{plural} / corporal-]” (pp. 249-267). Tras explicar o concepto de esquema sintáctico fraseolóxico (estrutura recorrente parcialmente fixa, con elementos fixos e con casiñas libres, pero sometidas a certas restricións semántico-combinatorias, e cun significado que non pode considerarse totalmente composicional), as autoras comezan a análise mostrando o valor de *entre*, primeiro xeral e despois no esquema analizado (*entre murmullos, entre sollozos, entre bromas y risas...*). Nestas expresións, Mellado e López Meirama identifican un valor mixto: temporal de simultaneidade e modal. A continuación as autoras analizan as características semánticas dos substantivos (S) que ocupan a casa baleira, prototipicamente substantivos de comunicación verbal ou de expresión corporal que aluden a emocións e/ou que designan aprobación ou desaprobación, e estudan tamén as posibilidades de expansión de S, con frecuentes casos de modificación e de coordinación. O paso seguinte é a descrición do valor do esquema fraseolóxico, que adoita combinarse con verbos de comunicación e de desprazamento e que é especialmente característico dun rexistro elevado e literario: de acordo coas autoras, a estrutura estudada introduce unha circunstancia temporal-modal simultánea á acción principal e posúe un valor enfatizador que pon de relevo o seu contido emotivo.

